



APARTADO B

GDR10|LIMIA ARNOIA

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL LEADER 2023-2027

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 ☎ 988 442 535 | 604 026 618
 ✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 ☎ 604 028 453
 ✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 ☎ 988 688 779 | 604 027 382
 ✉ administración@limia-arnoia.gal

www.limia-arnoia.gal

Contido

B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.....	7
B.1. Realidade territorial	
B.1.1 Delimitación	
B.1.2. Características físicas do territorio.	
B.1.2.1. Xeomorfoloxía	
B.1.2.2. Clima	
B.1.2.3. Hidrografía	
B.1.2.4. Biodiversidade	
B.1.2.5. Espazos naturais e paisaxe. Unha estratexia de sostibilidade e oportunidade económica.	
B.1.3. Encadramento funcional	
B.1.3.1. Base física e sectorización interna	
B.1.3.2. Os efectivos humanos e a potencialidade territorial	
B.1.3.3. A rede viaria	
B.1.3.4. O Couto Mixto. Unha singularidade xeográfica e histórica internacional.	
B.1.4. Marco territorial estratéxico	
B.1.5. Zonificación funcional do territorio do GDR	
B.2. Tecido socioeconómico	
B.2.1. Análise demográfica	
B.2.1.1. Evolución do número de habitantes.	
B.2.1.2. Idade media da poboación	
B.2.1.3. Análise da poboación por grupos de idade	
B.2.1.4. Distribución e densidade da poboación	
Distribución da poboación	
Densidade de poboación	
B.2.1.5. Movemento natural da poboación	
O Saldo vexetativo	
Índices de envellecemento e sobrenvellecemento	
B.2.1.6. Movementos migratorios	

2 Saldo migratorio

B.2.2. Nivel de instrución

B.2.3. Indicadores de calidade de vida

B.2.4. Mercado de traballo

B. 2.4.1. O Ritmo de contratos e o paro no GDR

O ritmo de contratos

O Paro

B.2.4.2. Afiliación en alta laboral por sector de actividade

B.2.5. Análise empresarial

B.2.5.1. Parque e tipos de empresas por condición xurídica, tamaño e sectores.

B.2.5.2. VEB sectorial (datos por comarcas e para concellos de máis de 10.000 hab.)

Análise dos sectores relevantes para o GDR

B.2.6. Equipamentos e infraestruturas

B.2.6.1. Infraestruturas e transporte

Infraestruturas

Transporte e mobilidade de pasaxeiros

2.6.2. Tecnoloxías da información e comunicación.

2.6.3. Servizos de auga e saneamento

Recollida selectiva de Residuos Sólidos Urbanos

Rede de Saneamento

Abastecemento colectivo municipal de auga potable

2.6.4. Servizos á sociedade

Servizos sanitarios

Servizos educativos

Servizos culturais e deportivos

Servizos asistenciais

B.2.7. Síntese do perfil socioeconómico da Muller no GDR Limia-Arnoia.

Distribución da poboación e ratio de feminidade

O Factor de avellentamento

A emigración e a muller

A muller e a formación

A muller e o mercado laboral

Índice de táboas

Táboa B1. Poboación dos concellos e as súas parroquias	11
Táboa B2. Idade media da poboación (2002 e 2021) no GDR.....	47
Táboa B3. Distribución da poboación por grupos de idade (2021)	50
Táboa B4. densidades de poboación do Ámbito (2021)	56
Táboa B5. Variación da densidade de poboación no GDR (2011-2021)	57
Táboa B6. Saldo vexetativo e Factor Defuncións/Nacementos (1975-2022)	60
Táboa B7. Nacementos, defuncións e saldo vexetativo no GDR (2021)	61
Táboa B8. Envellecemento e idade media coa variación no último decenio	65
Táboa B9. Volume dos saldos migratorios para o período 2011-2021	71
Táboa B10. Emigración por tipos no o GDR Limia Arnoia en 2021	72
Táboa B11. Inmigración por tipos no GDR Limia Arnoia en 2021	73
Táboa B12. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos.....	82
Táboa B13. Indicadores de renda	84
Táboa B14. Contratos iniciais segundo xénero e sector de actividade	88
Táboa B15. Paro por xénero, grupos de idade e duración da demanda.....	90
Táboa B16. Paro por sector de actividade (ata 2005).....	91
Táboa B17. Porcentaxe de paro rexistrado por sector de actividade (ata 2005)	92
Táboa B18. Número e porcentaxe de afiliados. Xuño de 2022.....	94
Táboa B19. Afiliacións á Seguridade Social por réxime de afiliación.....	97
Táboa B20. Porcentaxe de afiliacións por sectores. Xuño 2022	100
Táboa B21. Afiliacións á Seguridade Social por sector de actividade	101
Táboa B22. Empresas, variación, altas, baixas e permanencia	104
Táboa B23. Empresas por condición xurídica en 2014.....	105
Táboa B24. Empresas por número de traballadores en 2020.....	107
Táboa B25. Empresas por actividade e condicións xurídica en 2020.....	110
Táboa B26. PIB e valor engadido por sectores s subsectores.	112
Táboa B27. Valores relativos do VEB por sector e subsector.....	113
Táboa B28. Especialización produtiva por comarcas. Provincia de Ourense.	114
Táboa B29. Porcentaxe de vivendas por tecnoloxía de comunicación (2021).	141
Táboa B30. % de rede de saneamento por demanda calculada.....	150
Táboa B31. % emigración e inmigración feminina respecto do total.	182
Táboa B32. % nivel formativo das mulleres (Galicia e provincias, 2001).....	187
Táboa B33. % nivel formativo das mulleres (GDR e zonas) (2001).....	187
Táboa B34. % nivel formativo das mulleres (concellos: Allariz-Celanova).....	188
Táboa B35. % nivel formativo das mulleres (concellos: Entrimo-Rairiz V.).....	189
Táboa B36. % nivel formativo das mulleres (concellos: Sandiás-X. Ambía).	189

Táboa B37. % Emprego feminino por sectores de actividade (11/2022). 192

Táboa B38. % paro feminino respecto ao total (11/2022).	194
---	-----

Índice de figuras

Figura B1. Localización do GDR 10 Limia Arnoia no contexto galego	4
Figura B2. Comarcas do GDR 10 Limia Arnoia e os seus concellos.	10
Figura B3. Penedos de San Salvador de Paicordeiro.	24
Figura B4. Mapa dos Espazos Protexidos de Galicia na área do GDR.	25
Figura B5. Estrutura territorial do GDR Limia Arnoia.	28
Figura B6. Carta Topográfica do Julgado de Montealegre. 1836.	34
Figura B7. Mapa do grao de urbanización das parroquias de Galicia.	39
Figura B8. Mapa do proposta de zonificación do territorio do GDR A Limia-Arnoia.	41
Figura. B9. Evolución da poboación no territorio do GDR Limia Arnoia.	44
Figura B10. Porcentaxe de perda de poboación no GDR.	45
Figura B11. Progresión da idade media no GDR entre 2012 e 2021.	48
Figura B12. Idade media da poboación no territorio do GDR Limia Arnoia.	49
Figura B13. Evolución da poboación no GDR por grupos de idade.	50
Figura B14. Evolución da pirámide de poboación do GDR.	52
Figura B15. Distribución da poboación en Galicia e ámbito de traballo.	53
Figura B16. Distribución da poboación total no territorio do GDR Limia Arnoia.	54
Figura B17. Saldo vexetativo da área alcanzada polo GDR entre 1975 e 2021.	60
Figura B18. Evolución do índice de envellecemento.	63
Figura B19. Índice de envellecemento no GDR Limia Arnoia.	65
Figura B20. Índice de sobreenvellecemento no GDR Limia Arnoia.	68
Figura B21. Saldo migratorio entre 2011 e 2021.	70
Figura B22. Evolución do saldo migratorio.	71
Figura B23. Poboación do GDR nacida no seu propio concello.	75
Figura B24. Poboación do GDR nacida noutros concellos de Galicia.	76
Figura B25. Poboación do GDR nacida noutras comunidades autónomas.	77
Figura B26. Poboación estranxeira no GDR.	78
Figura B27. Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos.	81
Figura B28. Evolución da renda dispoñible bruta por habitante (2014-2019).	85
Figura B29. Diferenza peso porcentual entre afiliados á SS e a poboación.	96
Figura B30. Porcentaxe de afiliacións por sectores de actividade (CNAE, 2009).	99
Figura B31. Mapa da distribución de altas na Seguridade Social.	103
Figura B32. Peso porcentual de empresas por ramos de actividade.	109
Figura B33. Peso porcentual municipal por ramos de actividade.	110
Figura B34. Especialización produtiva das comarcas en Galicia.	115

Figura B35. Distribución das afiliacións no sector primario.....	116
Figura B36. Distribución das afiliacións no sector da minería.....	117

Figura B37. Evolución das explotacións de áridos en Galicia (2018 a 2020).....	118
Figura B38. Distribución das afiliacións no sector da industria	120
Figura B39. Distribución das afiliacións no sector da construción.....	121
Figura B40. Distribución das afiliacións no sector servizos.	122
Figura B41. Mapa de Estradas do GDR.....	126
Figura B42. Aforamentos de todo tipo de tráfico en 2021.	128
Figura B43. Mapa de aforamentos do tráfico pesado en 2021.	130
Figura B44. Transporte público no leste da comarca de Allariz-Maceda.	133
Figura B45. Transporte público no oeste da comarca de Allariz-Maceda.....	134
Figura B46. Transporte público na comarca de Terra de Celanova.....	135
Figura B47. Transporte público na comarca de Baixa Limia.....	136
Figura B48. Transporte público na comarca da Limia.....	138
Figura B49. Transporte público na comarca de Verín.....	139
Figura B50. Vivendas alcanzadas por acceso a internet VDSL e FTTH.....	142
Figura B51. Alcance ás tecnoloxías de cobertura móbil 4G e 5G.....	143
Figura B52. Taxa porcentual de recollida selectiva de RSU. Non selectivo.	145
Figura B53. Taxa de recollida selectiva “Pilas”, “Papel ou cartón” e “Vidro”.....	146
Figura B54. % lonxitude de rúas cubertas pola rede de alcantarillado.	149
Figura B55. Porcentaxe de poboación con saneamento pero sen EDAR.....	151
Figura B56. Distribución de EDAR e puntos limpos no territorio do GDR.....	152
Figura B57. Lonxitude de rede de abastecemento de auga por habitante.....	153
Figura B58. % de poboación con rede de abastecemento pero sen ETAP.....	155
Figura B59. Mapa dos servizos sanitarios do GDR Limia-Arnoia.....	156
Figura B60. Ratio sanitario nos concellos do GDR Limia Arnoia.....	157
Figura B61. Mapa dos servizos educativos do GDR Limia-Arnoia.....	159
Figura B62. Mapa de bibliotecas e museos no GDR Limia-Arnoia.	161
Figura B63. Ratio cultural e deportivo nos concellos do GDR Limia Arnoia.	162
Figura B64. Mapa de centros asistenciais á infancia e á vellez no GDR.	163
Figura B65. Ratio asistencial nos concellos do GDR Limia Arnoia	165
Figura B66. Distribución da poboación de mulleres no GDR (2020)	167
Figura B67. Distribución da poboación de homes no GDR (2020).	168
Figura B68. Ratio de feminidade no territorio do GDR (2020)	169
Figura B69. Taxa de envellecemento por xénero no GDR (2021).	171
Figura B70. Taxa de sobreenvellecemento por xénero no GDR (2021).	172
Figura B71. Evolución do envellecemento (2002 e 2021) no GDR.....	173
Figura B72. Evolución do sobreenvellecemento (2002-2021) no GDR	173
Figura B73. Idade media da poboación por xénero (2021).	174
Figura B74. Evolución da idade media por xénero no GDR.....	175

1	Figura B75. Pirámide poboación por grandes grupos de idade (2001-2021).	176
---	--	-----

Figura B76. Saldo migratorio feminino no seo do GDR en 2021.....	179
Figura B77. Saldo migratorio feminino no seo do GDR en 1992.....	180
Figura B78. Taxa de analfabetismo no GDR (1991).	185
Figura B79. Taxa de analfabetismo no GDR (2021).	186
Figura B80. Porcentaxe de mulleres afiliadas á S.S. no GDR (31/12/2019).....	196
Figura B81. Porcentaxe de homes afiliados á S.S. no GDR (31/12/2019).....	197
Figura B82. Ratio de feminidade nas afiliacións á S.S. no GDR 31/12/2019).....	¡Error!
Marcador no definido.8	
Figura B83. Pensionistas mulleres no GDR (2019).....	199
Figura B84. Pensionistas homes no GDR (2019).	200

B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto.

Este apartado contén unha análise pormenorizada da realidade territorial, das variables que mellor describen o panorama socioeconómico, así como dos equipamentos e infraestruturas máis relevantes presentes no GDR. O presente capítulo e o proceso participativo serán primordiais para identificar as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do territorio de cara ó seu desenvolvemento.

B.1. Realidade territorial

Non se pode analizar un espazo, neste caso o ámbito que acada a Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR 10 Limia Arnoia, sen ter en conta a realidade histórica, xeográfica, física, administrativa e política do territorio no cal se insire como realidade parcial. Por iso, neste apartado, abordarase unha aproximación xeral ao medio xeográfico galego facendo, ó tempo, referencias concretas ao sur de Galicia e ao ámbito do GDR. Deste xeito búscase o apoio nunha aproximación comparativa que sirva de punto de inicio á hora de descubrir as liñas principais de desenvolvemento, valorización territorial e dinamización turística do espazo de estudo.

B.1.1 Delimitación

O GDR Limia Arnoia forma parte da Comunidade Autónoma de Galicia, noroeste da Península Ibérica, no extremo meridional da provincia de Ourense. Esténdese por 1.900,9 km², nos que se reparte de maneira irregular unha poboación de 47.882 habitantes de dereito segundo o Padrón de habitantes do 31 de decembro de 2021. Componse de 25 concellos, pertencentes a 5 comarcas, que son participadas en desigual peso: por exemplo a totalidade de A Limia e un só concello da de Ourense. As circunscricións municipais aludidas están constituídas por 231 parroquias.



Figura B1: Localización do GDR 10 Limia Arnoia no contexto galego. Elaboración propia.

As comarcas son entes vivos e flexibles que presentan uns límites móbiles, os cales son función, tanto do factor de delimitación elixido, como da evolución histórica do territorio. Normalmente, para a súa delimitación, o máis acaído é partir dunha comarca natural, que vai nutrir ó territorio dunhas potencialidades. Pero a esta “nai” é necesario engadirlle o pouso que deixa a toma de decisións do ser humano ó longo da historia, dende os asentamentos prehistóricos ata as complexas tomas de decisións actuais. Estas, moitas veces, son de índole política e macroestratéxica, e incrementan os desafíos aos que os cidadáns se enfronta.

Chégase así á comarca xeográfica, cuxos límites tamén mudan no tempo, tal e como se recolle nos traballos clásicos que explican a configuración histórica das comarcas galegas (por exemplo, Otero Pedrayo, 1926, 1958; Bouhier, 1979).

pero tampouco os ensaios técnicos máis actuais. Entre estes destacan o modelo de desenvolvemento comarcal da Xunta de Galicia (Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, Xunta de Galicia, 1990) (Precedo Ledo, 1995, 2004) ou, a partires dos informes que acompañaron ás Directrices de Ordenación do Territorio en Galicia (Xunta de Galicia, 2011) ou á Estratexia da Paisaxe Galega, durante a confección dos Catálogos da Paisaxe de Galicia e a planificación asociada (Xunta de Galicia, 2017a e 2017b), que para a área de estudo teñen un apartado específico (GAP04. IV. Grande Área Paisaxística Chairas, Fosas e Serras Ourensás) (Xunta de Galicia, 2017c). Todos eles axudan á hora de entender a cohesión comarcal do GDR Limia-Arnoia.

Nas decisións administrativas que se tomaron a cabalo entre os séculos XX e XXI, estableceuse un mapa comarcal autonómico que é referencia para gran parte das estatísticas do Instituto Galego de Estatística, fonte ineludible e, polo tanto, condicionante. Seguindo esta división, o GDR 10 Limia Arnoia acollería concellos das comarcas de Allariz-Maceda (Allariz, Maceda, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía), das Terras de Celanova (A Bola, Celanova, Quintela de Leirado e Vereas), da comarca da capital provincial, Ourense (Taboadela), da Baixa Limia (Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños) e da propia Limia (Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia).




Figura B2. Comarcas que participan do ámbito do GDR 10 Limia Arnoia e os seus concellos. Elaboración propia.

A extensa superficie do GDR, xunto coa atomización municipal e parroquial propia de Galicia, explica a grande cantidade de circunscricións que compoñen o Ámbito. En todo caso, non se trata dunha zona na que os concellos e parroquias presenten unha extensión que destaque polo seu valor extremo inferior ou superior, nin tampouco no referente ó número compositivo. Así, se a media e mediana do número de parroquias por concello en Galicia é de 12 e 9 respectivamente, para o territorio GDR é de 9,24 e 9. Son valores similares que en ningún caso rechaman nunha forza que, en Galicia, vai entre as 55 do concello de Lugo e o valor 1 que presentan algunhas circunscricións municipais como Burela, Arnoia ou Ponte Cesures. A do GDR oscila dende os 20 de Xinzo de Limia ata os 2 de Vilar de Santos.

As medias de extensión son tamén parecidas pois os 7,8km² para Galicia e 7,9km² para a provincia de Ourense, teñen o seu parecido nos 8,2km² que caracteriza ó territorio do GDR. Non obstante, as demográficas, debido a

comportamentos demográficos internos en Galicia, son bastante diferentes. Se para a comunidade están en 716 habitantes por parroquia, para a provincia ourensá transmiten 336 e, para o GDR, 211 (IGE, 2019a).

Os concellos implicados no Ámbito son: Allariz, Maceda, Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía, pertencentes á comarca de Allariz-Maceda; A Bola, Celanova, Quintela de Leirado e Vereá, das Terras de Celanova; Taboadela, da comarca da capital provincial, Ourense; Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, da Baixa Limia; e Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, da extensa comarca da Limia.

CONCELLOS / PARROQUIAS	T	H	M	PARROQUIAS	T	H	M	PARROQUIAS	T	H	M
Homes / Mulleres	T	H	M	Homes/Mulleres	T	H	M	Homes/Mulleres	T	H	M
ALLARIZ	6314	3134	3180								
AUGAS SANTAS	150	78	72	FOLGOSO	158	78	80	SAN TROCADO	37	16	21
ALLARIZ (Santo Estevo)	256	128	128	S. VITOIRO DA MEZQUITA	123	52	71	SEOANE	68	34	34
ALLARIZ (Santiago)	4536	2227	2309	S. MARTIÑO DE PAZÓ	105	61	44	TORNEIROS	128	68	60
COEDO	47	25	22	QUEIROÁS	236	109	127	S. MAMEDE DE URRÓS	89	45	44
OS ESPÍNEIROS	89	46	43	REQUEIXO DE VALVERDE	118	79	39	STA. BAIA DE URRÓS	78	40	38
								MEIRE	92	47	45
BALTAR	919	496	423		T	H	M		T	H	M
ABADES	186	97	89	GARABELOS DO BOUZO	58	32	26	TEXÓS	75	39	36
BALTAR	229	127	102	NIÑODAGUIA	45	25	20	TOSENDE	90	52	38
								VILAMAIOR DA BOULLOSA	236	124	112
BANDE	1490	755	735		T	H	M		T	H	M
BANDE	848	424	424	CARPAZÁS	46	23	23	NIGUEIROÁ	46	21	25
OS BAÑOS	44	24	20	CORVELLE	92	50	42	O RIBEIRO	74	37	37
CADÓS	52	28	24	GARABELOS	25	9	16	SANTA COMBA	113	57	56
CALVOS	89	49	40	GÚÍN	36	20	16	VILAR	25	13	12
BAÑOS DE MOLGAS	1483	743	740		T	H	M		T	H	M
ALMOITE	122	60	62	CANTOÑA	2	1	1	POEDO	53	24	29
AMBÍA	89	44	45	COUCIEIRO	8	6	2	PRESQUEIRA	88	43	45
BAÑOS DE MOLGAS	423	209	214	GUAMIL	36	14	22	PONTE AMBÍA	70	39	31
BETÁN	158	81	77	LAMA MÁ	118	54	64	RIBEIRA	46	21	25
								VIDE	270	147	123
OS BLANCOS	745	404	341		T	H	M		T	H	M
AGUÍS	160	83	77	COVAS	42	22	20	GUNTÍN	75	41	34
OS BLANCOS	153	91	62	COVELAS	157	82	75	NOCEDO	121	64	57
								PEXEIROS	37	21	16
A BOLA	1075	508	567		T	H	M		T	H	M
S. MARTIÑO DE BERREDO	85	47	38	STA. BAIA DE BERREDO	185	92	93	SORGA	113	49	64

BERREDO	56	25	31	PARDAVEDRA	106	51	55	SOUTOMEL	103	56	47
				PODENTES	173	76	97	VEIGA	254	112	142
CALVOS DE RANDÍN	717	367	350								
CALVOS	117	56	61	GOLPELLÁS	24	12	12	RIOSECO	60	34	26
CASTELAUS	56	23	33	LOBÁS	114	59	55	RUBIÁS DOS MIXTOS	92	47	45
FEÁS	71	32	39	RANDÍN	147	83	64	VILA	36	21	15
CELANOVA	5652	2653	2999		T	H	M		T	H	M
ACEVEDO DO RÍO	184	86	98	CASTROMAO	169	77	92	MOURILLÓS	167	88	79
AMOROCE	146	75	71	CELANOVA	3655	1675	1980	ORGA	53	28	25
ANSEMIL	81	38	43	FECHAS	71	36	35	RABAL	81	39	42
BARXA	168	86	82	FREIXO	102	53	49	A VEIGA	90	41	49
BOBADELA	57	27	30	MILMANDA	99	45	54	VILANOVA DOS INFANTES	232	111	121
CAÑÓN	109	59	50	ALCÁZAR DE MILMANDA	42	23	19	VIVEIRO	146	66	80
ENTRIMO	1128	539	589		T	H	M		T	H	M
ENTRIMO	531	253	278	GALEZ	199	100	99	A PEREIRA	91	41	50
				A ILLA	215	104	111	VENCEÁNS	92	41	51
LOBEIRA	769	383	386		T	H	M		T	H	M
A FRAGA	38	21	17	STA. CRUZ DE GROU	138	65	73	PARADA	40	16	24
S. MARTIÑO DE GROU	9	4	5	LOBEIRA	225	109	116	SANTA COMBA	50	27	23
				MONTE LONGO	59	30	29	S. XES DE VILARIÑO	210	111	99
LOBIOS	1672	838	834		T	H	M		T	H	M
ARAÚXO	129	65	64	GROU	224	109	115	LOBIOS	461	249	212
S. PAIO DE ARAÚXO	194	90	104	S. MARTIÑO DE GROU	6	3	3	MANÍN	112	51	61
A CELA	12	8	4	A ILLA	18	12	6	RÍO CALDO	290	140	150
								TORNO	226	111	115
MACEDA	2849	1416	1433		T	H	M		T	H	M
ASADUR	82	41	41	AS CHÁS	40	21	19	SANTISO	44	27	17
CASTRO DE ESCUADRO	91	44	47	FONCUBERTA	147	81	66	TIOIRA	225	105	120
A COSTA	48	26	22	MACEDA	1846	897	949	VILARDECÁS	156	76	80
				PIÚCA OU ARAÚXO	48	27	21	ZORELLE	122	71	51
MUIÑOS	1447	732	715		T	H	M		T	H	M
BARXÉS	269	142	127	XERMEADE	82	43	39	PORQUEIRÓS	72	30	42
CADOS	78	43	35	AS MAUS DE SALAS	36	21	15	PRADO DE LIMIA	103	63	40
COUSO DE SALAS	96	46	50	MUIÑOS	339	163	176	REQUIÁS	182	86	96
FARNADEIROS	72	36	36	PARADA DE VENTOSA	77	37	40	SOUTO DE LIMIA	41	22	19
PORQUEIRA											
S. LORENZO DE ABELEDA	113	51	62	S. MARTIÑO DE PORQUEIRA	111	55	56	SABUCEDO	248	115	133
PARADELA DE ABELEDA	94	45	49	PORQUEIRA	180	79	101	SOBREGANADE	81	36	45
QUINTELA DE LEIRADO	614	272	342		T	H	M		T	H	M
XACEBÁNS	77	33	44	LEIRADO	212	99	113	QUINTELA DE LEIRADO	134	57	77
				MOCIÑOS	60	27	33	REDEMUIÑOS	131	56	75
RAIRIZ DE VEIGA	1223	625	598		T	H	M		T	H	M
CANDÁS	19	10	9	GUILLAMIL	226	117	109	RAIRIZ DE VEIGA	469	231	238

CONGOSTRO	76	38	38	LAMPAZA	123	59	64	SABARIZ	132	72	60
				ORDES	152	83	69	ZAPEAUS	26	15	11
SANDIÁS	1181	565	616								
COUSO DE LIMIA	407	198	209	PIÑEIRA DE ARCOS	371	181	190	SANDIÁS	403	186	217
SARREAUS	1114	547	567		T	H	M		T	H	M
BRESMAUS	47	28	19	FREIXO	110	54	56	PARADIÑA	57	26	31
CODOSEDO	98	46	52	LODOSELO	145	69	76	PERRELOS	78	38	40
CORTEGADA	225	109	116	NOCELO DA PENA	157	79	78	SARREAUS	197	98	99
TABOADELA	1452	738	714		T	H	M		T	H	M
O MESÓN DE CALVOS	285	147	138	SOUTOMAIOR	187	96	91	A TOUZA	280	139	141
SANTIAGO DA RABEDA	301	153	148	TABOADELA	283	144	139	TORÁN	116	59	57
TRASMIRAS	1261	632	629		T	H	M		T	H	M
ABAVIDES	170	82	88	LOBACES	77	39	38	VILAR DE LEBRES	73	39	34
CHAMOSIÑOS	70	36	34	TRASMIRAS	309	151	158	VILASECA	153	75	78
ESCORNABOIS	225	115	110	VILA DE REI	127	71	56	ZOS	57	24	33
VEREA	914	441	473								
ALBOS	34	17	17	STA. MARÍA DE CEXO	63	29	34	PITELOS	31	14	17
BANGUESES	119	59	60	DOMÉS	57	31	26	PORTELA	55	25	30
CEXO	101	44	57	GONTÁN	23	10	13	SANGUÑEDO	95	50	45
				OURILLE	118	57	61	VEREA	218	105	113
VILAR DE BARRIO	1258	636	622		T	H	M		T	H	M
A ALBERGUERÍA	3	1	2	AS MAUS	179	83	96	REBORDECHAU	47	28	19
ARNUÍDE	407	199	208	PADREDA	75	36	39	SEIRÓ	32	16	16
BÓVEDA	205	106	99	PRADO	56	34	22	VILAR DE BARRIO	254	133	121
VILAR DE SANTOS	791	384	407								
PARADA DE OUTEIRO	385	189	196	VILAR DE SANTOS	406	195	211				
XINZO DE LIMIA	9621	4682	4939		T	H	M		T	H	M
BOADO	99	48	51	GUNTIMIL	69	36	33	NOVÁS	68	33	35
CIMA DE RIBEIRA	28	11	17	LAMAS	201	98	103	PARADA DE RIBEIRA	159	76	83
DAMIL	73	40	33	S. PEDRO DE LAROÁ	316	158	158	A PENA	166	82	84
FARAMONTAOS	70	33	37	LAROÁ	146	72	74	PIÑEIRA SECA	107	56	51
GANADE	290	141	149	MOREIRAS	44	20	24	SEOANE DE OLEIROS	37	15	22
GUDÍN	63	29	34	MORGADE	302	151	151	SOLBEIRA DE LIMIA	105	51	54
				MOSTEIRO DE RIBEIRA	79	36	43	XINZO DE LIMIA	7199	3496	3703
XUNQUEIRA DE AMBÍA	1366	689	677		T	H	M		T	H	M
A ABELEDA	325	164	161	BOBADELA A PINTA	84	43	41	XUNQUEIRA DE AMBÍA	446	228	218
ARMARIZ	267	130	137	A GRAÑA	126	65	61	SOBRADELO	118	59	59

Táboa B1. Táboa poboación dos concellos e as súas parroquias. Nomenclátor de Galicia 2021 (IGE, 2022c). T= poboación total; H= homes ; M= mulleres

B.1.2. Características físicas do territorio.

Galicia é un espazo de fachada atlántica cunhas orixinalidades físicas, históricas e humanas que o distinguen dos demais territorios que compoñen a Península Ibérica. Parte desta distinción débese á existencia de aliñacións montañosas que a enmarcan. Destas participa o espazo de traballo que nos ocupa, facéndolle partícipe dunha realidade fronteiriza que non se pode obviar e cuxo aproveitamento activo pode significar un punto de inflexión no dinamismo económico e no tradicional afastamento que presenta dos grandes centros de decisión e poder territorial.

B.1.2.1. Xeomorfoloxía

A orixe de Galicia como terra emerxida permanentemente ata a actualidade hai que buscala na Era Primaria ou Paleozoico. Nese amplo marxe da historia da Terra, hai aproximadamente entre 360 e 290 millóns de anos, unha extensa familia de movementos tectónicos coñecida como oroxenia Varisca ou Hercínico pechou un antigo mar precursor do Océano Atlántico, que os xeólogos deron en chamar Océano Rheico. Desá época datan moitos dos relevos graníticos que distinguen e dan orixinalidade á paisaxe galega e conforman o relevo da práctica totalidade da comarca que estudamos.

No Mesozoico (250 a 65 millóns de anos), tiveron que ocorrer amplos e intensos procesos erosivos que deron lugar a extensas chairas entre as que se atopan as elevadas superficies do leste da área de estudo, incluíndo algunhas superficies achaiadas que se poden entrever nas altas terras serráns do sur de comarca. No Cenozoico (dende hai 65 millóns de anos ata a actualidade), a oroxenia Alpina retomou as antigas fallas paleozoicas para desnivelar de novo o terreo e compartimentar a orografía de maneira extrema, orixinalidade propia do territorio do noroeste peninsular e, de maneira paradigmática, do espazo do GDR Limia Arnoia. Desá época datan as depresións tectónicas do interior de Lugo e Ourense, pero tamén se orixinaron os canóns fluviais que sucen o mapa galego, tivo lugar a apertura das rías, e se formaron os banzos sobre os que se precipitaron os ríos xerando as numerosas fervenzas con que conta a rede fluvial galega. Estes efectos deron lugar á grande diversidade que atopamos no relevo galego e son froito da presión e a torsión da Placa Ibérica ó ser apertada polas placas Africana e Euroasiática (Meléndez Hevia, 2004). A xeodiversidade da que estamos a falar é especialmente recoñecible na variedade fisiográfica do sur galego. Isto obsérvase ben no enfrontamento dos grandes desniveis e na orientación dos contrafortes do relevo que separan as depresións de Maceda e A Limia, mesmo o suco da Baixa Limia en Entrimo e Lobios, diante das serras de Xurés, Laboreiro, Larouco, Quinxo, San Mamede ou Meda.

Pasadas estas crises tectónicas, na fin do Terciario, unha maior irregularidade climática favoreceu a dinámica erosiva e de arrastre, a cal foi modelando os picos das serras e enchendo de sedimentos as depresións, algo moi presente nas de Maceda e A Limia. Nestas foxas aparecen como derivada potentes depósitos que cubriron sucesivamente os seus fondos e favoreceron a gran potencialidade agronómica que presentan as cuncas e que se reflicte perfectamente na análise económica do presente informe.

O Cuaternario, a Era do Ser Humano ou Antropozoico, trouxo o retoque final do relevo no que se refire ó factor natural. Este é debido á sucesión de fases de clima glacial e de períodos máis cálidos ou interglaciares. A secuencia permitiu que o xeo formase, nas montañas galegas, glaciares de lonxitude quilométrica e espesores de varios centos de metros, cando non pequenos casquetes (Valcárcel Díaz, 1998). O Xurés é a serra meridional que mellor representa esta idade dos xeos. Os procesos erosivos víronse despois incrementados pola deforestación humana, especialmente dende o Neolítico. Tivo lugar, inicialmente, a partires dun sistema de rozas extensivo en época prehistórica que xa acadou amplas extensións de Galicia, pero se incrementou na Idade Media, acadando o seu paroxismo coas utilidades industriais da madeira (estaleiros, vías férreas, ferreirías) na Idade Moderna e Contemporánea (Gutián Rivera, 2002).

B.1.2.2. Clima

Se ben o clima de Galicia representa, en termos xerais, un tipo atlántico húmido e temperado, característico da fachada occidental do continente europeo (Carballeira Ocaña e Retuerto Franco, 1992; Pérez Iglesias e Romaní Barrientos, 2000), a diversidade fisiográfica leva a unha variabilidade interna que se expresa en numerosos matices pluviométricos e de temperatura.

Na área de estudio, nas serras e depresións meridionais, existe unha variabilidade microclimática imposta pola continentalidade e o contraste entre as unidades elevadas e as foxas. Seguindo o Atlas Climático de Galicia (Martínez Cortizas e Pérez Alberti, 1999), nas depresións da Limia e Maceda, incluíndo os vales do Arnoia e Limia, salvo no extremo fronteirizo con Portugal deste último, aparece un tipo climático seco e temperado, propio do centro e centro-sur de Galicia, caracterizado por unhas temperaturas medias anuais de 12 °C - 14 °C e unhas precipitacións anuais acumuladas de entre 800 mm -1.000 mm. A medida que se ascende cara as terras altas de Celanova, Bande, Lebreiro e Xurés a precipitación ascende paulatinamente transformando o tipo en subhúmido (1.200-1.400 mm anuais) e húmido (1.200 mm – 1.400 mm), ó tempo que se converte en fresco (10°C-12°C). Finalmente, nos cumios das serras na fronteira con Portugal, en Lebreiro e Xurés, acádase un tipo propio dos teitos serráns da Galicia oriental e meridional, incluso das cimas setentrionais da Dorsal Central Galega, consistente nun clima frío, de media anual 8°C-10°C, e unha

precipitación que oscila entre os 1.400mm e os 1.800mm anuais. No fondo meridional do suco limiá e, con matices, no fondo da depresión de Maceda, como ocorre noutras áreas deprimidas ourensáns, os tipos derivan en moi secos (<800mm) e temperados (12°C-14°C), ou incluso cálidos (>14°C). Estes contrastes ofrecen, por suposto, diferentes potencialidades produtivas primarias que explican, cando menos e de maneira sensible, a distribución de usos do solo e as especializacións económicas tradicionais.

B.1.2.3. Hidrografía

A nivel hidrográfico a configuración territorial é clara: existen dúas bacías ou cuncas fluviais que estruturan a totalidade das augas superficiais do GDR e, ademais, danlle nome ó espazo de estudio: o río Limia e o río Arnoia.

O Río Arnoia nace na serra de San Mamede, derredor dos 1.300 metros de altitude, unidade que constitúe un verdadeiro contraforte, o cal, seguindo unha falla sur-sueste a nor-noroeste limita polo nordés o GDR. A vea fluvial ten dous tramos ben diferenciados. O primeiro é a recollida de augas na depresión de Maceda, que ocorre tras superar a aldea de Rebordechao varios regos confluíntes. A partir de alí, varios cursos, algúns superando os 10 km de lonxitude, drenan a depresión, destacando o Tioira (19km) polo sur, tamén co seu nacemento en San Mamede, e do Maceda ou Niñodaguia (14,5km) polo norte, que vén do Pico de Meda. O recheo diferencial da depresión vai levando as augas cara a saída da foxa, acadando o límite desta mediante un encaixamento xusto na vila de Baños de Molgas.

O segundo tramo, que podería acoller subdivisións, é o val augas abaixo da depresión nas zonas de Allariz e ata a súa confluencia co Miño, aínda que O Arnoia deixa o territorio do GDR moito antes, en Santa Cristina do Freixo, concello de Celanova. Este segundo tramo, en xeral desenvolvendo un val estreito, presenta un encaixamento variable. Este é menor en terras de Celanova, por onde discorre acollido pola superficie antiga de aplanamento dos 400/500 metros, e maior en Molgas e Ambía. Ábrese nunha pequena cunca en Allariz, ofrecendo un val máis amplo de antigo aproveitado dende o punto de vista agrario e protoindustrial. Nesta segunda parte, os afluentes de maior talla proveñen do sur, pola súa marxe esquerda, sendo os principais o Ourillo e o Tuño, este cunha cunca de 67km². Tralo seu paso polas chairas elevadas, o Arnoia modela un canón para acadar o nivel inferior miñoto. Logo do seu curso de 84km e unha cunca de 735km², o río Arnoia aporta ao Miño un caudal relativo de 20,8 l/s/km², cun caudal medio de 15,3 m³/s (Río Barja e Rodríguez Lestegás, 1995).

O río Limia é o maior dos dous, mais non en caudal, que sofre maiores estiaxes e irregularidades ó longo do ano, pois os invernos chuviosos descargan elevadas

cantidades de auga nas serras e os veráns son bastante secos. Así, mentres no mes de febreiro, o de maiores augas, se achega ós $75\text{m}^3/\text{s}$ (1.325km^2 de cunca aforada), no mes de setembro apenas acada os $3\text{m}^3/\text{s}$ (Río Barja e Rodríguez Lestegás, 1995). Esta corrente, que xa non pertence á cunca do Miño, senón do Douro, nace no monte Talariño, a case que 1.000 metros sobre o nivel do mar, alimentado nos seus primeiros andares polos seus contribuíntes Freixo, Lodoselo, Valmaior e Trasmiras. Tamén presenta dous tramos moi distintos, coma o Arnoia, pero cunha diferenza máis marcada. Primeiramente ábrese a extensa depresión da Limia, quen recolle os citados tributarios. Alí fórmanse áreas hidromorfas, sobre todo no inverno, momento de augas altas, lembrando á gran lagoa de Antela. Antela era un extenso humidal que foi desecado a partires da segunda metade dos anos 1950 e contaba cunhas 3.600ha (Fernández Soto et al., 2011). Malia que presentaba marcadas flutuacións entre o inverno e o verán, a súa lonxitude acadaba os 7km e a anchura uns 6km (Op. Cit.), sendo considerada coas de La Nava e La Janda a máis grande da Península Ibérica (Casado de Otaola e Montes del Olmo, 1995). A súa seca forzada coa canalización das augas superficiais, das cales participa o río Limia, dou lugar a unha rede fluvial asistida, construída polo ser humano, cunha orixe transformadora que parte xa dos romanos. Enténdese así a orixinalidade da rede ata a chegada á formación do val da Baixa Limia entre a Ponte Liñares e Paradela de Abeleda.

Dende alí, seguindo un profundo suco tectónico en dirección SO-NE, o río Limia labra un val ben definido, que é encorado por dúas veces cas presas de As Conchas, de $6,31\text{km}^2$, e Lindoso, de $10,72\text{km}^2$. O río Salas, o principal afluente do río Limia, que lle entra pola esquerda tras un percorrido de 15km , tamén está represado, abarcando unha extensión de $6,86\text{km}^2$. Tras percorrer 75km e drenar unha cunca de 1.328km^2 o río pasa a territorio portugués, nomeando unha ampla comarca que segue por vilas como Ponte da Barca e Ponte de Lima para desembocar no Atlántico, logo de 108km de curso, en Viana do Castelo. Os datos que aportan Río Barja e Rodríguez Lestegás (1995) levan ao Limia ao quinto posto entre os ríos máis caudalosos de Galicia, pois tras o Miño, tan só Ulla, Tambre e Navia aportan un valor superior ós $28\text{m}^3/\text{s}$ e $21,1\text{l/s/km}^2$ que atesoura.

B.1.2.4. Biodiversidade

Nun territorio tan diverso como o de Limia-Arnoia, cabe agardar unha biodiversidade extraordinaria, e así é, tanto a nivel vexetal como animal. Atópase entre dous mundos: as rexións bioxeográficas eurosiberiana e a mediterránea, cuxos límites son controversia científica e acusan un constante afinamento dende hai décadas, debaténdose aínda, tanto máis coa evolución climática que sofre o Planeta e co feito de que, en territorio de fronteiras bioxeográficas, as dúbidas entre os especialistas agudízanse e as teorías son máis controvertidas.

Segundo Guitián Rivera e Cordero Rivera (2007) a vexetación potencial varía ó longo deste territorio.

Por unha banda, estes autores levan á depresión da Limia e ás elevadas terras meridionais do GDR a presenza dunha formación final de reboleira relictas, favorecida pola continentalidade climática e uns solos máis pobres e secos. Nela, o rebolo (*Quercus pyrenaica*) substitúe o papel ecolóxico do carballo (*Quercus robur*). O val do Limia na Baixa Limia, propiamente o suco tectónico e as súas vertentes teñen, sen embargo, como vexetación arbórea potencial, a da carballeira termófila, sinal dunha maior mediterraneidade, razón pola cal soen aparecer a sobreira (*Quercus suber*) e especies de sobosco significativas como a xilbarda (*Ruscus aculeatus*) o trovisco (*Daphne gnidium*), a rubia peregrina (*Rubia peregrina*) ou a xesta bravía (*Osyris alba*), sen esquecer as xaras (*Cistus spp.*). O mundo máis atlántico viría da man da carballeira montana, que caracteriza á metade norte do GDR, pero tamén as altas terras do Laboreiro, Quinxo e Xurés. Neste caso, o carballo denota o carácter eurosiberiano do territorio e domina sobre as outras especies arbóreas indicadoras, acompañándose polo bidueiro (*Betula celtiberica*), a pereira brava (*Pyrus cordata*), o espiño branco (*Crataegus monogyna*), a aveleira (*Corylus avellana*), o freixo (*Fraxinus excelsior*) e o acibro (*Ilex aquifolium*). Precisamente, nas partes máis elevadas das serras nororientais do GDR, desenvólvese a orixinal formación dos bidueirais de alta montaña, dos que participan os altos serráns dos concellos de Maceda e Vilar de Barrio.

Sobre os caracteres, comunidades e especies máis salientables danos información a xeira de estudos e informes dos espazos naturais protexidos, aqueles que detentan os enclaves mellor conservados. Sobre eles versa o seguinte apartado, o cal, entón, debemos unir ó presente. Máis alá destes espazos protexidos, existen múltiples circunstancias e comunidades nas que a vexetación potencial e natural convive tanto con especies ubicuas e cosmopolitas, como con outras de orixe foránea e comportamentos bioinvasores, con cultivos arbóreos e herbáceos e con series vexetais de recolonización a partires do abandono dos terreos de cultivo. A fauna, en ocasións sen poder adscribirla a hábitats concretos pola súa capacidade de adaptación e evolución ante medios antropizados, ten na xeomorfodiversidade e a existencia de amplos espazos sen habitar, o seu principal apoio de cara á súa conservación e estabilidade ecosistémica.

B.1.2.5. Espazos naturais e paisaxe. Unha estratexia de sostibilidade e oportunidade económica.

O GDR Limia Arnoia conta con numerosos espazos de interese polos seus caracteres naturais, pero só dous se atopan protexidos por figuras recollidas na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.

Os que si o están son o Parque Natural Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e o monumento natural da Carballa da Rocha. Pola súa parte, contan con recoñecemento internacional as reservas da biosfera “Transfronteiriza Gêres-Xurés” e “Área de Allariz”.

A “Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés” foi declarada pola UNESCO o 27 de Maio do 2009, ocupando 267.958 ha de territorio galego e portugués (Região Norte). Delas, son 62.916 as hectáreas as que se reparten en Galicia polos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. Dispón dunha área de territorio protexido en dous espazos naturais divididos polas fronteiras, tendo como fundamento os valores naturais e culturais que unen ás terras elevadas do Xurés-Gêres e outras próximas que compoñen a mesma unidade montañosa. Contén un patrimonio similar ao que alude ao Parque Natural Baixa Limia Xurés. A variedade ecosistémica atópase auspiciada polos numerosos microclimas que incorporan as diferencias altitudinais e a presenza de trazas climáticas atlánticas, mediterráneas e continentais. A flora contén especies que responden ás rexións mediterránea e subtropical, e outras que o fan á euro-siberiana e alpina, con varios taxons endémicos, tal é o caso do Lirio do Xurés (*Iris boissieri*), a *Thymelaea broteriana* ou a *Armeria humilis subsp. humilis*. A diversidade de hábitats, favorecidos por unha complexa fisiografía e a citada variabilidade climática, tamén permite a presenza de especies faunísticas de grande interese coma o lobo (*Canis lupus*), o corzo (*Capreolus capreolus*), morcegos (*Chiroptera spp.*), a marta (*Martes martes*), víboras (*Viperinae spp.*) e o cabalo garrano (*Equus ferus caballus*). Pola súa banda, entre as 147 especies de aves, moitas migratorias, destacan algunhas de escasa distribución na Península Ibérica como a aguia real (*Aquila chrysaetos*), a choia de bico vermello (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), o bufo real (*Bubo bubo*) e o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*) (Gerês-Xurés. Reserva da Biosfera Transfronteiriza, 2022).

Existe na área do GDR Limia Arnoia outra reserva da biosfera, a de “Área de Allariz”, de 21.482 hectáreas que se estende polos concellos de A Bola, Allariz, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos. Esta reserva está formada por unha ampla depresión seguida polo río Limia a unha altitude media de 600 m, cunha que está bordeada por elevacións, destacando ao norte o macizo granítico de Allariz, no que se encaixa o río Arnoia. Bioxeograficamente falando atópase igualmente na fronteira entre as grandes rexións Mediterránea e Eurosiberiana. A paisaxe dominante é a agraria tradicional, cun mosaico que delata unha forte pegada cultural de orixe secular e que se atopa en vías de abandono por parte do ser humano. Isto está a mudar a escenografía visual rapidamente, na que retoman, mediante recolonización vexetal, os hábitats naturais potenciais. É posible diferenciar tres áreas (Reserva da Biosfera Área de Allariz, 2022): as veigas do río Limia e as ribeiras do Arnoia e Orille (as primeiras son terreos encravados nas marxes do canal da antiga lagoa Antela en Rairiz de Veiga e Vilar de Santos,

e as segundas son as beiras dos ríos nomeados ao seu paso por Allariz e A Bola respectivamente); as touzas; e as sebes.

Na primeira das unidades destaca a vexetación arbórea de ribeira destacando especies como o amieiro (*Alnus glutinosa*), o bidueiro (*Betula celtiberica*) e o salgueiro (*Salix sp.*); tamén arbustos como o sanguíño (*Frangula alnus*) ou o espiño albar (*Crataegus monogyna*); pero resulta de extraordinario interese a vexetación mergullada, abundando os ranúnculos (*Ranunculus spp.*), as espigas de auga (*Potamogeton spp.*), ou os nenúfares (*Nymphaea alba*), sen esquecer gramíneas das beiras fluviais coma o carrizo (*Phragmites australis*) ou a espadana (*Typha spp.*).

Pola súa parte, as touzas son áreas nas que se desenvolve un mosaico de prados e cultivos separados por manchas arboradas de carballos (*Quercus robur*) e “cerquiños” (*Quercus pyrenaica*), que acollen unha gran riqueza florística acadando 110 especies diferentes (Reserva da Biosfera Área de Allariz, 2022). Por último, as sebes son aliñacións arbóreas que separan os campos de cultivo e que constitúen interesantes corredores ecolóxicos, presentando moitas especies de flora autóctona fornecedoras da biodiversidade local, entre as que dominan os carballos (*Quercus robur*), cerquiños (*Quercus pyrenaica*), freixos (*Fraxinus angustifolia*), bidueiros (*Betula celtiberica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix spp.*).

A fauna salvaxe presenta un alto nivel de biodiversidade debido á estreita relación e interacción dos distintos ecosistemas indicados no apartado de vexetación, ademais condicionados polos modos de vida tradicionais que, malia transformar o hábitat e dar lugar a unha paisaxe humanizada, manteñen un aceptable equilibrio co medio e determinan a distribución e biodiversidade animal. Os corredores ecolóxicos fluviais e das sebes evitan o illamento das pequenas poboacións, evitando a desaparición de endemismos e especies protexidas polos listados oficiais. Entre as especies que enriquecen a área atopamos os mamíferos furón bravo (*Mustela putorius*), lontra (*Lutra lutra*), teixugo (*Meles meles*), xeneta (*Genetta genetta*), denosiña (*Mustela nivalis*), lobo (*Canis lupus*), raposo (*Vulpes vulpes*), corzo (*Capreolus capreolus*), xabarán (*Sus scrofa*) e coello (*Oryctolagus cuniculus*); as aves cegoña (*Ciconia ciconia*), buxato (*Buteo buteo*), azor (*Accipiter gentilis*), falcón (*Falco peregrinus*), avefría (*Vanellus vanellus*), bilurico (*Tringa totanus*), mazarico real (*Numenius arquata*), sisón (*Tetrax tetrax*), martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), garza (*Egretta alba*) e perdiz (*Alectoris rufa*); nos réptiles o lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*), lagarto ocelado (*Timun lepidus*), sapoconcho galego-galápago europeo (*Emys orbicularis*), víbora galega (*Vipera seoanei*), cobra de collar (*Natrix natrix*), cobra de escaleira (*Elaphe scalaris*) e a cobra bastarda (*Malpolou mospessulanus*); mentres nos anfibios aparecen a ra común (*Pelophylax perezi*), ra patilonga (*Rana iberica*), ra de San Antón (*Hyla arborea*),

sapo común (*Bufo bufo*), sapo corredor (*Epidalea calamita*), pintafontes (*Triturus boscai*), saramaganta (*Salamandra salamandra*), e saramaganta rabuda (*Chioglossa lusitanica*); son especialmente rechamantes e interesantes os insectos vacaloura (*Lucanus cervus*) e bolboreta pavo real (*Aglais io*); e destaca pola súa escasa distribución e perigo de extinción o molusco mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*) (Reserva da Biosfera Área de Allariz, 2022).

Esta área conta con outras figuras de valorización do medio natural pertencentes á Rede Natura 2000. En concreto, son as de Zona de Especial Protección para las Aves (ZEPA) “A Limia”, ZEPA ES0000436, de 6.939 hectáreas; a Zona Especial de Conservación (ZEC) “Veiga de Ponteliñares”, ZEC ES1130006, de 160 hectáreas; as Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “A Limia”, de 6.939 hectáreas e “Veiga de Ponteliñares”, de 160 hectáreas; e o Monumento Natural Carballa da Rocha (Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, 2022b).

A Carballa da Rocha constitúe o único Monumento Natural da área do GDR. Esta árbore monumental representa á especie *Quercus robur* ou carballo, e se atopa entre os núcleos de poboación de Saínza de Arriba e Saínza de Abaixo, no concello de Rairiz de Veiga, ocupando seis parcelas de propiedade privada. Aparece nunha paisaxe agrogandeira tradicional e, dende o punto de vista bioxeográfico, pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea, subprovincia cántabro-atlántica e sector xuresiano. É obxecto dunha protección especial polo seu interese científico, histórico-cultural e paisaxístico, presentando un porte impresionante, cun perímetro a 1,30 metros do chan de 6 metros e 90 centímetros. A súa altura acada os 33 metros e o seu tronco principal bifúrcase aos 7 metros de altura. Mantén un estado de conservación excelente e presenta unha importancia social e histórico-cultural elevada pola celebración próxima de importantes romarías e a súa condición de árbore lendaria, da que existen numerosas historias e contos populares na zona (Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, 2022c). Este exemplar ten o recoñecemento autonómico de Árbore senlleira “Carballa da Rocha”, dentro do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo e Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro) (Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, 2022d).

O espazo natural do GDR Limia Arnoia máis coñecido e valorado é o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, o máis extenso de Galicia con 29.345 hectáreas, repartidos nos concellos de Lobios, Entrimo e Muíños, e que ten continuidade no Parque Nacional da Peneda-Gêres no veciño estado de Portugal, con 70.290 hectáreas. A riqueza paisaxística e natural desta ampla área montañosa, sucada polo canón do río Limia, é inmensa, fundamentada nunha historia xeolóxica e xeomorfolóxica orixinal, acompañada dunha biodiversidade asociada a un clima submediterráneo de tendencia atlántica ó

que hai que sumar unha extraordinaria variedade de pegadas culturais na paisaxe que demostran a estreita relación secular entre o ser humano e o medio.

Entre os valores xeomorfolóxicos cabe destacar varios feitos. Por unha banda as paisaxes graníticas serráns, que dan testemuña da oroxenia hercínica, momento no que Galicia comeza a ser un territorio emerxido na historia da Terra. Tamén o profundo desnivel xerado pola oroxenia alpina, que favoreceu o suco fluvial do río Limia, configurador de paisaxes tridimensionais de gran espectacularidade e na que se poden observar escenas paisaxísticas culturais propias das comarcas meridionais de Galicia. Na configuración destas destaca a estrutura en bandas altitudinais, dende as inferiores de elevada termicidade e maiores potencialidades agrarias ata as áreas frías elevadas e de descarnadas superficies rochosas. Por último, sobresaen as pegadas glaciares cuaternarias, que se aprecian na forma dos vales e nos depósitos morrénicos de baixa altitude, por exemplo os de Vilameá (Pérez Alberti e López Bedoya, 2007).

A nivel da biodiversidade, repite os valores xa comentados para a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gêres-Xurés. Na fauna é de destacar a presenza de mamíferos de escasa distribución en Galicia máis alá destas terras, como as cabras bravas (*Capra pyrenaica*) ou os cervos (*Cervus elaphus*), os máis frecuentes corzos (*Capreolus capreolus*) e os animais domesticados en estado semisalvaxe como os cabalos da raza galaico-portuguesa e as vacas cachenas. Tamén hai que subliñar a presenza de ata 150 especies de aves, que representan as tres cuartas partes das censadas en Galicia e que acollen especies míticas como a aguia real (*Aquila chrysaetos*).

O parque conta coa súa sede na capital de Lobios e conta con infraestrutura para o goce dos seus recursos naturais e culturais, con máis de 130km de sendas acondicionadas e rehabilitacións de construcións tradicionais como a aldea de Alvite ou as albarizas. O territorio delimitado polo Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xures queda incluído na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gêres-Xurés e se integra dentro do Lugar de Importancia Comunitaria Baixa Limia (ES1130001), aprobado mediante a Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 pola que se adopta, de conformidade coa DC92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Biogeográfica Atlántica (Diario Oficial da Unión Europea. 29.12.2004: L 387/1); e da Decisión da Comisión do 19 de xullo de 2006, pola que se adopta a lista de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Biogeográfica Mediterránea (Diario Oficial da Unión Europea. 21.09.2006: L 259/1). Este espazo posúe tamén a Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) Baixa Limia – Serra do Xurés (ZEPA ES0000376), de 31.287 hectáreas; a Zona de Especial Conservación ZEC “Baixa Limia” (ZEC ES1130001), de 33.290 hectáreas; (Gêres-Xurés. Reserva da Biosfera Transfronteiriza, 2022; Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, 2022a).

A maiores, o GDR acolle unha serie de formacións vexetais e árbores senlleiras. En concreto, dentro do apartado de árbores senlleiras, en Xinzo de Limia atópanse os Castiñeiros de Peninvello, na Finca da Cerca; a Carballa da Rocha (tamén considerada Monumento Natural), en A Touza, Rairiz de Veiga; o Carballo Grande de Reboreda, no Bosque da Caraveleira, en A Porqueira; o Castiñeiro de Pexeiros, en Pexeiros, Os Blancos; o Castiñeiro de Santa Eufemia, en Santa Eufemia, Baños de Molgas; o Cerquiño de Queguas, en Cortes de Carballeira-Queguas, Entrimo. Pola súa parte, no apartado de formacións senlleiras aparecen Os Castiñeiros dos Blancos, en Os Blancos; e os Carballos da Praza do Campo de Bande (Xunta de Galicia, 2022e).

Existe, como no resto de Galicia, un déficit no recoñecemento da xeodiversidade e o seu patrimonio asociado. Sen embargo, este está fomentado pola Lei 5/2019 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a cal supuxo un novo avance para o patrimonio xeomorfolóxico, seguindo as aportacións da lexislación estatal vixente e que xa se atopa máis desenvolvida noutras comunidades autónomas. Esta Lei recoñece textualmente a importancia da xeomorfodiversidade ó promover a creación dun “Inventario de Lugares de Interese Xeomorfolóxico de Galicia”, polo que cómpre facer un esforzo na identificación e valoración do patrimonio xeomorfolóxico no ámbito do GDR, pois o sesgo “bioloxicista” da conservación neste país esquece que a morada ou soporte físico da biodiversidade é a xeodiversidade.

Pérez Alberti e López Bedoya (2007) distinguiron, dentro dun total de 100 espazos de interese xeomorfolóxico para o territorio galego, 4 existentes dentro do territorio GDR, que nomearon: 34a “Relevo granítico e xeofomas de orixe fría na Serra do Xurés”; 34b “Relevos graníticos na serra da Peneda e nos montes do Quinxo”; 67, “Depósitos sedimentarios terciarios e cuaternarios da depresión de Maceda” e o 11 (outros espazos de interese) “Depósitos sedimentarios terciarios e cuaternarios da depresión da Limia”. Posteriormente, López Bedoya (2021) recoñece non só estes, senón que estende o interese de maneira xenérica a todos os depósitos deste tipo existentes no sur de Galicia e a outras formacións rochosas de natureza granítica, algunhas delas con notable importancia sociolóxica e histórica. Un caso paradigmático alí tratado é o dos Penedos de San Salvador de Paicordeiro (Os Picoutos), no concello de Allariz, ó que engade, noutra orde de atención, as pegadas glaciarias das serras meridionais. Ademais, polo seu significado científico, inclúe algúns relevos residuais que presentan un significado interesante dende o punto de vista da erosión diferencial e a división interna de depresións, citando a “Aliñación elevada que separa os dous niveis da depresión da Limia”. Tendo en conta o interese dalgúns elementos nos que o ser humano transforma e aproveita o medio, existen emprazamentos urbanos con interese de conxunto histórico e xeomorfolóxico, entre os cales este autor destaca a elevación na que se asenta Allariz. Do mesmo xeito, aquelas paisaxes de dominio xeomorfolóxico

transformadas polo ser humano mediante un parcelario construído a partires de materiais rochosos naturais, ou modificando as vertentes mediante desmontes ou socalcos, tamén merecen unha especial atención e protección.



Figura B3. Penedos de San Salvador de Paicordeiro. “Couto das Picoutas, San Salvador d’Arnoya (Allariz)” AHPOu, Colección fotográfica 7/56. Fondo fotográfico do Arquivo Provincial de Ourense. <https://www.facebook.com/arq.prov.ourense/posts/641618599360455>.

O GDR 10 Limia Arnoia conta cunha notable extensión de espazos con valores naturais protexidos, deducíndose unha densidade e variedade moi elevada que destaca por abundosa dentro do territorio galego (FiguraB4). Isto constitúe un importante recurso de equilibrio territorial e ten unha indubidable proxección dentro do turismo natural.




Figura B4. Mapa dos Espazos Protexidos de Galicia. Sector do GDR Limia-Arnoia. Obsérvase que a inmensa maioría da extensión do GDR presenta espazos con interese natural, demostrando a calidade ambiental e a potencialidade ecolóxica do territorio. Fonte, con engadido do límite do GDR: <https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>. En letra e liña discontinua azul (moi solapada coa verde), a figura de parque natural; en límite verde os espazos da Rede Natura 2000; con opacidade en cor salmón e letras da mesma cor, as reservas da biosfera; as árbores senlleiras en icona de árbore verde clara e as formacións senlleiras en grupos de 4 árbores de verde máis escuro; en vermello, as áreas prioritarias por avifauna ameazada.

B.1.3. Encadramento funcional

B.1.3.1. Base física e sectorización interna

O territorio de estudo presenta unha estrutura física complexa e diversa. Existen dúas regularidades ou tramas que explican a distribución dos tipos de vida no territorio. Por unha banda, o GDR está artellado en base a dúas arterias fluviais con resultados de configuración territoriais ben distintos: o Limia, inflúe moito a nivel espacial, tanto pola apertura da foxa, coas súas implicacións agronómicas, de comunicación, climáticas e hidrolóxicas, como pola orientación do suco máis meridional, que artella as vías e o hábitat contrapóñendo a súa condición ante as elevacións anexas, de clima moi rigoroso e limitadas potencialidades agrícolas; pola súa banda atopamos o val do Arnoia, un modelo ben distinto na resolución socioeconómica do territorio, no que as localidades abeiradas á súa

corrente como Maceda, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía e Allariz, dependen dunha suma de factores sen aparente conexión definitiva no sistema territorial. A apertura da depresión de Maceda ten repercusións parecidas ás da Limia pero menos marcadas, mentres o val encaixado que o Arnoia forma no seu camiño cara o Miño limita a concentración demográfica e de actividades. Neste caso presenta maior importancia vertebradora a rede viaria que, ó longo da historia, foi artellando o territorio e os desprazamentos humanos.

Pódense distinguir dúas grandes áreas xeográficas que, á súa vez, poden diversificarse en catro sectores. Ao norte temos a zona de Maceda-Arnoia, que acolle a bacía do río do mesmo nome, dende os confluíntes primarios que o nutren dende as baldas da depresión de Maceda ata o extremo occidental do ámbito, tanto na parroquia de Urros en Allariz, como nas parroquias de Fechas, Barxa e Freixo en Celanova. Ao sur, a Limia e Baixa Limia que poderíamos unir co termo Foxa e Val da Limia, presentan un espazo diferenciado que está moi determinado polos banzos estruturais do relevo.

A zona de Maceda-Arnoia, ó norte, acolle tres espazos ben diferenciados, a saber, a depresión de Maceda, o tramo medio do río Arnoia e as altas terras do noroeste:

- O primeiro sector atópase ben delimitado pola foxa tectónica, cun contraforte moi marcado cara ó leste, coa falla do Rodicio e a serra de San Mamede, que a separan do Macizo Central Ourensán. Polo oeste e norte os límites veñen menos definidos polos restos de antigas superficies de aplanamento elevadas que foron irregularizándose pola acción fluvial. Maceda e Baños de Molgas son, xunto coa parte setentrional de Vilar de Barrio os concellos implicados.
- Outro sector é o que vén definido polo val do Arnoia, maiormente encaixado pero con tramos de diferente bravura, sempre delimitados por chairas elevadas que outorgan orixinalidade ó conxunto. Desta circunstancia participan os concellos de Xunqueira de Ambía, Allariz, A Bola, Celanova e Taboadela, se ben este último non toca o citado val e aparece como un territorio extremo no conxunto, ó contrario que A Merca que, sen embargo, non se atopa dentro do GDR.
- Por último, as altas terras do noroeste veñen definidas por concellos que se achegan á alta montaña, como son Vereia e Quintela de Leirado, xunto coa área máis occidental de Celanova e Bande, nas que as elevacións das serras lles outorgan unha orixinalidade de alta meseta fondamente degradada que se achega ás características que presentan as altas terras meridionais da seguinte subcomarca.

No referente á subcomarca meridional “Foxa e Val do Limia”, poden diferenciarse tres partes: a Baixa Limia, a depresión limiá e as altas terras montañosas meridionais.

- A Baixa Limia, cos concellos de Lobios, Entrimo, Lobeira, Bande (polo menos a súa parte oriental) e Muíños, está estruturada en torno ao profundo suco tectónico seguido polo río Limia, que deixa uns contrastes topográficos moi marcados entre o fondo do val e as serras de Xurés, Quinxo e Laboreiro. Intervenien nela desniveis de máis de 1.000 metros, caracterizándose tamén pola presenza das láminas de auga que anegaron o curso do Limia cos encoros de Lindoso e As Conchas, dende os cales ascenden ata acadar os cumios antigamente glaciados entre 1.300 e 1.500 metros de altitude.
- Pola súa parte, a depresión limiá presenta tamén importantes contrafortes montañosos, da que participan os concellos de Porqueira, Rairiz de Veiga, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Sandiás, Sarreaus, Vilar de Barrio, Trasmiras e a parte meridional de Xunqueira de Ambía.
- Por último, reúnen as altas terras meridionais montañosas de Baltar, Calvos de Randín e Os Blancos, a modo de extensa meseta granítica que se estende entre as baldas meridionais da depresión da Limia ata as serras da Pena, Frieira e Larouco, arrimando coa fronteira portuguesa a 1.200 e 1.300 metros de altitude.




Figura B5. Estructura territorial do GDR Limia Arnoia relacionando unidades físicas, eixos tradicionais de desenvolvemento viario e económico e as principais vilas reitoras. Extracto do Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do "Instituto Geográfico Nacional" sobre o que se dispuxeron as principais áreas e elementos de estruturación territorial.

B.1.3.2. Os efectivos humanos e a potencialidade territorial

O poboamento en Galicia atopa un apoio explicativo en distribución e densidade na evolución dos asentamentos dende época prehistórica (Fariña Jamardo, 1975), presentando fondas desigualdades nas diferentes comarcas naturais que acolleron á poboación. Por exemplo, na Galicia meridional obsérvanse menos núcleos, máis grandes e máis compactos, lembrando un pouco ó poboamento que se desenvolve cara ao centro peninsular. Para a área de estudo, Fariña Tojo (1980) describiu como dominantes distintos tipos, algo que non debe estrañar se temos en conta a extensión e o contraste de unidades físicas. De quedarmos con dous tipos principais, estes serían os de "Aldea nuclear con casarío denso" e "Aldea polinuclear con casarío denso", sumando un terceiro caso que é o de "Parroquia en enxame con aldea núcleo". Destes tipos destácase entón a importancia dun núcleo central, nalgúns casos varios, pero cunha tendencia á concentración construtiva e á xeración de entidades de maior tamaño que rexen territorios extensos, sobre todo nos ámbitos serráns meridionais e nos centros das depresións tectónicas. En complemento desta trama tradicional, as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (2011), ademais de acoller as clases similares de "Enxame" "Polinuclear bastante compacta" e "Mononuclear compacta / pouco compacta" describiron o "Núcleo compacto con vivendas diseminadas", que nos serve para asociar estes tipos primarios e a súa desfiguración polos novos comportamentos no hábitat debidos aos procesos de rururbanización, periurbanización e ás pegadas do sistema viario de media e alta capacidade. Son circunstancias que se poden observar con certa frecuencia en Taboadela, pola achega da expansión da capital, Xinzo de Limia, Maceda, Celanova e, en menor medida, Bande. Pola contra, en canto que se avance cara ao centro e oeste de Galicia multiplícanse as aldeas, que son de menor tamaño e con maior dispersión (Fariña Tojo, 1980), casuística que as comarcas tratadas só acadan de maneira moi minoritaria.

Se o poboamento é diverso, a distribución da poboación tamén presenta moitas variacións. Durante séculos a poboación en España tivo unha distribución máis equitativa, incluso con dominio interior, ata que finalmente foi basculando cara á costa por múltiples razóns, históricas e físicas. No caso galego as densidades das provincias costeiras son moi superiores. As provincias denominadas do interior, Ourense e Lugo (aínda que Lugo presenta costa no seu extremo norte), sufriron un despoboamento que continúa incrementándose na actualidade e que ameaza a moitas entidades, en sensible número xa deshabitadas. Realizando tránsitos de este a oeste e de sueste a noroeste entenderase esta circunstancia,

pois é visible unha crecente dinámica socioeconómica e densidade demográfica, intensificada na proximidade das cidades mediante una trama de asentamentos que resulta continua dende o punto de vista visual e material. En 2021 Pontevedra e Coruña presentaban 219,9 e 141,1 habitantes por quilómetro cadrado respectivamente, mentres Ourense e Lugo acadaban só 42 e 33,1 (IGE, 2021a).

Como a maior parte do interior de Galicia estamos ante un territorio marcado polo envellecemento, a perda de poboación e un saldo vexetativo negativo. Esta circunstancia é un carácter propio doutros espazos peninsulares, mais non exclusivo do interior, acrecentado nos espazos máis illados e aqueles cuxo relevo necesita de superiores esforzos en investimentos viarios para impedir o afastamento respecto das cidades que ostentan o poder económico e o maior dinamismo demográfico. A diminución de poboación e o abandono de amplos sectores non urbanos de Galicia débense, maiormente, a unha prolongada crise migratoria que continúa, con destinos primeiro ó continente americano, ata mediados do século XX, e a Europa posteriormente. Esta afectou con especial agravio á provincia de Ourense, freando o seu dinamismo e rematando nunha falta de oportunidades laborais, educativas e sanitarias. Amplas comunidades non puideron adaptarse ós constantes cambios no paradigma socioeconómico dominante, co inevitable deterioro do medio rural tanto dende o punto de vista residencial como pola práctica dalgunhas actividades económicas “de monocultivo”.

Analizada dende unha perspectiva tradicionalmente masculina, os efectos desta migración afectaron maioritariamente á poboación feminina. O traslado aos países de destino, provocou un desarraigo cultural e social e deixou á muller nun escenario empobrecido e difícil sostemento para a economía tradicional, soportando unha tripla carga: por unha banda, o pesado mantemento das actividades agrarias da economía tradicional a nivel familiar; por outra unha, un denodado esforzo familiar e social para coidar do entorno familiar máis próximo, incluíndo ascendencia e descendencia; por último, unha difícil situación anímica e persoal. Estas circunstancias levaron a que non gozase da liberdade persoal e da posibilidade de entrar nun mercado laboral e educativo en rápida transición.

Nesta situación é especialmente negativo o marcado avellentamento demográfico, que para Galicia presenta un aumento sostido e elevado. Os maiores de 65 anos na Comunidade aumentaron a súa porcentaxe en once anos en dous puntos (do 21,5% a 23,5% entre 2002 a 2013), con igual taxa (23,5% a 25,5%) en tan só os seis seguintes, acadando o 25,7% en 2021 (IGE 2022a). Por outra parte, pasouse dunha economía de autosuficiencia, de atomizada iniciativa e base primaria, a un dominio terciario forzado por políticas macroeconomicas dende ámbitos internacionais, sen completar, dentro do modelo produtivista, unha verdadeira fase de industrialización que sostivera o

modelo de cambio, e cumpriuse co seu habitual papel estabilizador dentro do sistema produtivo.

O caso das mulleres é especialmente preocupante, xa que en canto a total dos efectivos demográficos presentan uns valores moi superiores aos homes. Se nestes, no GDR e para o 2021, os máis vellos multiplican por 7 aos máis novos, no caso das mulleres o factor de multiplicación é 11. Igualmente, para o noso espazo de estudo, a taxa de sobreavellentamento é tamén moi desigual por xénero, maior ca de avellentamento, estando arredor de 20 nos homes e de 27 nas mulleres, o que quere dicir que 27 mulleres de cada 100 que teñen 65 anos ou máis, acada polo menos os 85. En consecuencia, a necesidade asistencial, educativa e sanitaria debería contar con programas específicos, complementarios de apoio á muller, considerando as súas necesidades diferenciais e maior volume demográfico que presenta.

A perda de peso e oportunidades nas zonas rurais, sempre afastadas de iniciativas industriais ou de actividades terciarias especializadas, demóstrase na perda de peso do sector primario, que en 2020 só acadaba o 6,4% mentres no ano 2000 era do 17,2% e en 1980 chegaba ó 41,6%, contrastando co sector servizos que pasou, respectivamente, para esas datas, do 30,7% ó 53,1% e o 69,6%. (IGE, 2022b). Se ben o medio físico presenta unha potencialidade fundamentada na diversidade, as oportunidades que ofrece o sector primario vense comprometidas por unha política de aproveitamento do territorio que ten como obxectivo a concentración nos polos urbanos e que se preocupa por sectores concretos a veces convertidos en monocultivos produtivos. Isto deixa como actores secundarios ás vantaxes con que contan os territorios rurais. Para o GDR Limia Arnoia algunhas destas potencialidades son a estratéxica posición fronteiriza da parte meridional do territorio, a rede viaria de alta e media capacidade tanto ferroviaria como rodada, unha agrodiversidade que está aberta a novas estratexias e o medio natural como base dun turismo sostible. O engarce dunha actividade primaria modernizada e asociada a unha industria de transformación *ad hoc*, así como o desenvolvemento de servizos especializados no aproveitamento do turismo natural e rural, son as claves da potenciación dun territorio eminentemente rural pero que conta con vilas reitoras cuxo peso non hai que deixar esmorecer.

Afondando neste último punto, o turismo tense convertido nas últimas décadas nun referente para reverter situacións económicas negativas en comarcas illadas e montañosas. Apóiasse frecuentemente nunha oferta combinada que acolle as potencialidades do patrimonio natural e cultural. Para salvagardar este potencial existe unha lexislación de protección do patrimonio moi clara ó respecto. No ámbito cultural está regulada pola Lei 8/1995 e, no natural, está ben desenvolvida a nivel estatal coa “Ley 42/2007 del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad” e, a nivel autonómico, coa recente Lei 5/2019, de 2 de agosto, do

Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia. Sen embargo, ambos os dous corren o risco de diminuír a súa potencialidade. Isto é debido a varias circunstancias entre as que destacan a perda de efectivos humanos, a degradación do medio mediante, unha incorrecta ordenación das actividades relacionadas co medio extractivo, algunhas lacras estruturais como a dos incendios e a perda de activos culturais materiais e inmateriais.

As estratexias de revitalización de territorios como o que nos ocupa, caracterizados pola súa condición rural, fronteiriza e de montaña, seguen unhas pautas que están auspiciadas por organismos internacionais. A UNESCO sitúase á fronte destas políticas con diferentes programas, entre o que destaca, por non estar desenvolvido en Galicia e ter boas perspectivas, o seu programa de potenciación da Xeodiversidade; tamén deben considerarse os preceptos expostos nos acordos globais como o “Cumio para o Desenvolvemento Sostible” (2015) dos Estados Membro da ONU, que aprobou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. A estas propostas non debe ser alleo ningún plan de revitalización económica, sobre todo aqueles que comprenden unha escala comarcal, en medio rural e en circunstancias económicas regresivas.

O aproveitamento das riquezas específicas de cada territorio convértese nunha peza clave para o éxito das propostas a facer, debendo centrar a atención na orixinalidade dalgúns tipos patrimoniais. Neste senso, compre salientar que a provincia de Ourense atesoura unha oferta de turismo sensible a recursos endóxeos como a viticultura ou o sector termal. Este último conta con importante presenza na área obxecto de estudo (Balnearios de Baños de Molgas e Lobios). A proposta debería ser ampliada cara outras orixinalidades do sueste provincial como a gandería de produción cárnica de calidade nos pastos de altura ou a potenciación do xeoturismo.

B.1.3.3. A rede viaria

A rede viaria estrutúrase na confluencia e oposición cardinal de dúas vías históricas de importancia peninsular, en gran parte causantes da distribución das vilas e principais entidades de poboación. Por unha banda destaca o eixo viario que une o sur de Galicia co centro da Península e a capital do Estado, antigamente mediante a N-525 Vigo-Villacastín e, na actualidade, acollendo maior tráfico, na autovía A-52, cuxos efectos no vertebrado do territorio ten luces e sombras. Por outra banda, aparece a Vía Nova romana, que foi constituíndose nun eixo secundario pero de alcance internacional e que atravesa de suroeste a nordés todo o territorio do GDR. Xinzo constitúe o nodo principal que une ambas as dúas, coincidindo coa vila máis populosa do territorio do GDR Limia Arnoia. A pesares da importancia que no pasado tivo a vía de ferrocarril entre A Pobra de Sanabria e Ourense, con importante parada en Baños de Molgas, os cambios acaecidos nas últimas décadas dentro do sistema ferroviario español (ver Pazos

Otón, 2022), levaron a reducir en moito a relevancia deste medio de comunicación que atravesa o norte do espazo de estudo. Inda por riba, a nova liña de alta velocidade férrea, reduciu a funcionalidade para as localidades que non acadan o rango de cidade, o que non suplementa ningún tipo de mellora no sistema viario que nos ocupa.

B.1.3.4. O Couto Mixto. Unha singularidade xeográfica e histórica internacional.

O Couto Mixto é unha realidade xeográfica que á súa vez foi un territorio histórico con personalidade administrativa propia. Hoxe en día está integrada nos estados de España e Portugal e, dentro deles, na Comunidade Autónoma de Galicia e na Rexión Norte de Portugal, provincia de Ourense e distrito de Vila Real. Cunha extensión aproximada de 25km², atópase a medio camiño de Xinzo de Limia e Montealegre, nas altas terras que beirean os cumios da Serra de Larouco, nas parroquias de Rubiás (Calvos de Randín) e Meaus (Baltar). Segundo Brandón (1907), último xuíz civil e gubernativo do Couto, atopábase constituído polos lugares de Meaus, Santiago e Rubiás, cunha poboación que se aproximaba aos 1.000 habitantes na época da súa desaparición (1862-1864). Tiña, segundo este autor, como base económica, por mor dun clima frío pero con bastante fertilidade na terra, as colleitas abundosas e de calidade de centeo e patacas, pero tamén producía trigo, millo e legumes. Tamén eran importantes as cabanas gandeiras de vacún, cabalar e de porcos.

Constituída como territorio no século XII, foi república independente ata 1864, momento no que os dous Estados-Nación que a arrodeaban chegaron a un acordo para establecer un límite fixo entre ambos os dous países. Quedou entón o Couto Mixto como unha singularidade xeográfica, humana e social que non perdeu a súa idiosincrasia. A súa importancia e orixinalidade foi recollida nos dicionarios xeográficos españois e portugueses de diversas épocas. Por exemplo, o Catastro de Ensenada, a mediados do século XVIII, describía as aldeas de Rubiás e Santiago como “mestura de ambas coroas” e a Meaus como “mestura indivisible de ambas as dúas coroas”.

Pola súa banda, o Dicionario Xeográfico de Pascual Madoz, a mediados do século seguinte, consideraba importante informar aos lectores do fenómeno transfronteirizo nos límites de Galicia e Portugal, denominado *Couto Mixto* e pertencente a ambas coroas. Outra fonte de 1777 indicaba que se trataba de tres aldeas en una situación mixta entre os dous países e recoñecidas polos seus reis; mentres, en Portugal, C. De Castro en *Trás-os-Montes nos fins do século XVIII* (1796) indicaba que se trataba dun espazo “medio galego, medio portugués, dunha maneira confusa” (Paül e Trillo-Santamaría, 2015).

Foi o Tratado de Lisboa, tamén chamado *Tratado de Lindes*, acordo para a definición das fronteiras entre España e Portugal, ratificado en 1868 na igrexa de

Santiago dos Mixtos (parroquia de Rubiás dos Mixtos, concello de Calvos de Randín) quen rematou cos “privilexios” do Couto Mixto. Froito do mesmo, as aldeas de Cambedo, Lama de Arcos e Soutelinho pasaron a pertencer a Portugal, mentres as de Meaus, Rubiás e Santiago foron absorbidas por España. Esta fronteira, que tardou varias décadas en ser recoñecida, nunca funcionou como un límite internacional ortodoxo. Constituiu unha singularidade na que o paso de mercadorías e persoas seguía os designios e necesidades non só dos seus habitantes, senón tamén dos territorios próximos e non tan próximos dos que era intermediario.

As crisis migratorias, os problemas políticos de España e Portugal e as necesidades económicas foron fraguando unha reinterpretación dos pasos fronteirizos tradicionais ata converterse nun referente mítico no imaxinario territorial colectivo do noroeste da Península Ibérica. Brandón (1907) indica que tiñan privilexios con orixes cronolóxicamente dubidosos, pero existen concordias escritas en español e portugués nas que se consignaban as súas antiquísimas e especial leis, das que este autor lera as de 1733 e 1819.

Configurouse así, como analizan en profundidade Paül e Trillo-Santamaría (2015) e (Paül et al., 2016), ante a creación dos estados-nación, unha orixinal rexión translimítrofe que comparte non só moitos aspectos en común, senón unha longa evolución como territorio contestarario, como comunidade autoproclamada, ben administrativamente, ben social e incluso dende a perspectiva do imaxinario colectivo dentro e alén da súa extensión, interpretando internamente as súas necesidades socioeconómicas e reforzándoas ata conformar un espazo xeográfico cunha identidade ben diferenciada. Anota Brandón (1907) que a tradición oral de mediados do XVII indicaba que os seus privilexios proviñan de ser un pobo que se sublevaba con frecuencia contra das autoridades inmediatas das nacións limítrofes, acadando unha case que independencia das mesmas.

Un exemplo material desta circunstancia é o denominado Camiño Privilexiado, que discorre entre Calvos de Randín (España) e Tourém (Portugal), en Portugal, utilizado por persoas e mercadorías sen o beneplácito das autoridades, nunha interpretación propia dos intercambios internacionais fóra dos sistemas fiscais de ambos os dous estados, sen que os esforzos das forzas policiais dos mesmos puideran rematar coa súa utilidade. Este camiño, só un exemplo canalizado dunha fronteira que utilizou as serras como paso difuso, serviu tamén para o paso de exiliados políticos no franquismo e emigrantes económicos na ditadura de Salazar.




Figura B6. Recorte da Carta Topográfica do Julgado de Montealegre, por Fidencio Bourman en 1836. (Bourman, 1836). Obtida da Biblioteca Dixital Hispánica. Na mesma é posible diferenciar a parte coa participa o Reino de Galicia, en vermello e a portuguesa, en azul.

O Couto Mixto demostra, na súa evolución e permanencia a pesares dos esforzos dos estados español e portugués no seu intento de normalizar e homoxeneizar o territorio, que é máis forte a necesidade e a cohesión que outorgan as dificultades de sobrevivir en medios adversos de montaña que as imposicións de economías máis globalizadoras. A autoidentificación dos habitantes con estas realidades físicas e humanas son maiores que coas circundantes, menos coherentes para solucionar os problemas do territorio, razón pola cal seguen a permanecer no imaxinario e na vida diaria dos seus habitantes.

Na actualidade, existe unha Asociación de Amigos do Couto Mixto, que nomea xuíces honorarios e demanda, como calquera outra comunidade asociativa, melloras na calidade de vida dos cidadáns dese territorio. Está integrada por persoas que pertencen e actúan en dous países distintos. A súa vitalidade actual é innegable, vindo de promover no verán de 2022 a creación dunha academia con investigadores dos dous países integrantes con presenza activa das universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Trátase pois dun modelo de vida e explotación de recursos que debe ser reforzado non só a nivel cultural e histórico, senón tamén a través da planificación espacial e debe ser invocado como modelo de convivencia, pola coherencia que presenta dende hai séculos para o espazo que ocupa.

O Couto Mixto forma parte dunha realidade arraiana moito máis extensa, a denominada Raia Seca —por oposición á Raia Húmida marcada polo Miño—, área transfronteiriza entre Galicia e Portugal que se estende polas comarcas galegas das terras de Celanova, a Baixa Limia, as altas terras da Limia entre

Entrimo e Cualedro, o Val de Monterrei e As Frieiras, área histórica nas terras altas de A Mezquita, A Gudiña e Ríos.

No territorio do GDR, os concellos implicados son os de Quintela de Leirado, Vereia, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín e Baltar, afectando directamente a 21 parroquias que, en 2021, contaban con 2.764 habitantes (IGE, 2022c). Do lado portugués son 13 as *freguesias* que fan parte da raia seca, nos concellos de Melgaço, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca, Terras de Bouro e Montalegre, e sumaban 6.164 habitantes en 2013 (Instituto Nacional de Estatística, 2013).

En moitos casos, a filosofía transfronteiriza configura un espazo unificador que responde parcialmente ao apuntado para o Couto Mixto por Paül e Trillo-Santamaría (2015) e (Paül et al., 2016) co termo “borderscape” (paisaxe de fronteira, translimítrofe) e, polo tanto, debe ser entendido como unha oportunidade única, non só a nivel cultural senón tamén xeopolítico e socioeconómico, polo tanto, a nivel de planificación. Estas afirmacións poden ser resumidas no slogan acuñado por Elena Martín en setembro de 2020 para a prestixiosa revista de viaxes Condé Nast Traveller: “A Raia, unha fronteira que une” (Martín, 2020).

B.1.4 Marco territorial estratéxico

Estamos ante un espazo eminentemente rural, ocupando as funcións urbanas unha serie de vilas cuxo tamaño varía segundo a súa posición estratéxica. Seguindo a clasificación da estrutura dos asentamentos establecida polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Xunta de Galicia, 2011), diferéncianse catro niveis no grao e distribución da urbanización e dos asentamentos.

O primeiro lugar é o das “Rexións e áreas urbanas”, amplos territorios configurados en torno ás denominadas tradicionalmente “Sete grandes cidades”: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol. Trátase de espazos nos que se dan os máis evidentes procesos de rururbanización e periurbanización, con amplas orlas nas que os usos rurais quedan diluídos ante o pulo de utilidades terciarias e residenciais que responden a unha sociedade urbana. A área urbana deste tipo máis próxima é a de Ourense, que se atopa a tan só 15 km e 15 minutos de Taboada, e a 20 km e minutos da vila de Allariz. A influencia na concentración de poboación é importante nestes concellos, tanto máis canto a área de expansión industrial e de servizos da cidade segue esta dirección, principalmente coa “Tecnópole” ou Parque Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas, que raia co concello de Taboada e que con 30 anos de historia

(1992-2022) xa foi quen de modificar a estrutura territorial das comarcas veciñas á de Ourense.

A seguinte categoría, o segundo chanzo de maior a menor, é a que reúne os nodos dos “Sistemas urbanos intermedios”, que conforman as vilas de mediano tamaño, aquelas que acollen volumes demográficos intermedios entre as cidades e os núcleos urbanos menores, e que as DOT (Xunta de Galicia, 2011) levan a unha forza demográfica de entre 7.000 e 40.000 habitantes. Trátase das cabeceiras comarcais máis importantes, aquelas que presentan un desenvolvemento empresarial e de servizos que actúa como polo de atracción e poden ser centros dende os que irradiar procesos de desenvolvemento económico e de difusión de servizos a áreas rurais máis ou menos afastadas, actuando como nodos viarios e de transporte. No ámbito do GDR aparece o caso de Xinzo de Limia, concello de 9.621 habitantes no que a vila acada os 7.022 habitantes (IGE, 2022c). Son varias as virtudes que presenta: por unha banda, a súa relativamente curta distancia á capital; por outra a súa condición de ser centro dunha importante produción primaria e de transformación que abrangue a chaira que lle da nome; e ademais, a súa posición estratéxica no eixo viario de alta capacidade do sur de Galicia, a media distancia entre Ourense e Verín. Todas elas danlle unha certa independencia no seu dinamismo socioeconómico, outorgándolle a condición de vila principal dentro GDR no que se refire a servizos especializados. Segundo as DOT (Xunta de Galicia, 2011), Xinzo é o foco de actividade económica e de servizos dun sistema territorial intermedio que acada os 33.000 habitantes e que o documento oficial denomina como Xinzo de Limia-Baixa Limia.

A terceira categoría é a dos “Nodos de equilibrio do territorio”. Presentan funcións urbanas básicas sobre áreas rurais máis próximas. Os límites demográficos destas pequenas vilas varían bastante sen que deixen de cumprir a función que os distingue como núcleos propios deste nivel. Tradicionalmente vén sendo difícil establecer uns límites válidos para todo o territorio galego, toda vez que son múltiples os factores que definen o fenómeno urbano. Torres Luna et al. (2000) consideraron como urbanos aqueles núcleos que contaban cuns 2.000 habitantes e que, principalmente, coincidían coas cabeceiras municipais. Pero é necesario matizar esta premisa porque existían daquela, e existen na actualidade, entidades que presentan funcións urbanas e non acadan esa cifra, ademais de que, por outra banda, dende esa época xurdiron novos tipos de asentamentos que, malia que non son considerados como residenciais, ofrecen uns servizos propios do mundo urbano. Segundo o Padrón de Habitantes elaborado polo Instituto Nacional de Estatística (IGE, 2022c), só acadan os 2.000 habitantes 106 entidades en Galicia, algo que no territorio de estudo só ocorre nas vilas de Xinzo (7.022), Allariz (4.084) e Celanova (3.612), quedando preto Maceda (1.710). As DOT (Xunta de Galicia, 2011) falan de que existen en Galicia 26 nodos de equilibrio, dos cales 8 se atopan na provincia de Ourense e catro

deles no GDR Limia Arnoia. Só dous deles superan os 2.000 habitantes no núcleo, Celanova e Allariz; outro é Maceda, que como xa vimos se atopa cerca pero por debaixo desa cifra. Por último, inclúe Bande, con tan só 629 habitantes no núcleo, 848 na parroquia e 1.490 no concello (IGE, 2022c) exerce de núcleo principal na comarca da Baixa Limia. Todas estas vilas atópanse nas trazas dos principais eixos viarios dende Ourense cara ao sur e leste da provincia, seguindo a dupla viaria principal xa comentada.

Finalmente cabe citar o último nivel, o cuarto, no que se ven representadas as cabeceiras municipais menores e as parroquiais, entre as que debería incluírse o resto da xerarquía de asentamentos do ámbito de estudo. A comparanza entre os valores do ámbito do GDR e as realidades territoriais nas que se insire aporta o peso deste último nivel. Para demostralo son de utilidade os datos que ofrece o Instituto Galego de Estatística (IGE, 2021c), seguindo unha metodoloxía e clasificación desenvolvida por López Vizcaíno et al. (2016) que tiña por obxectivo determinar o grao de urbanización do territorio, e que este servira de apoio á concentración demográfica. Estes autores clasifican o grado de urbanización a partires da combinación dun criterio de contigüidade xeográfica e un límite de poboación. Estas variables son aplicadas a uns cadros de celas de poboación de 1 km². Así clasificaron o grao de urbanización definindo conglomerados de diversa consideración. Deste xeito, existe un “Conglomerado de alta densidade: densidade igual ou superior ós 1.500 hab./km², sempre e cando o conxunto supere os 50.000 habitantes. Tamén clasificaron un “Conglomerado urbano”, cando a densidade é igual ou superior ós 300 hab./km², tendo como conxunto mínimo 5.000 persoas. Por último, deixaron como terceiro tipo o de “Celas rurais”, sendo aquelas que están fora dos conglomerados urbanos.

Seguindo co razoamento, os autores clasificaron o grao de urbanización en tres categorías: “Zonas densamente poboadas (ciudades) (ZDP), nas que o 50% ou mais da poboación vive en conglomerados de alta densidade; Zonas intermedias (vilas e arredores) (ZIP), nas que menos do 50% da poboación vive en celas rurais e menos do 50% vive en conglomerados de alta densidade; Zonas pouco poboadas (áreas rurais) (ZPP), nas que o 50% ou máis da poboación vive en celas rurais. Tendo en conta á notable complexidade do hábitat galego, Vizcaíno et al. (2016) estableceron unha clasificación do subgrao a partir dos conglomerados, chegando a unha clasificación das parroquias en seis categorías:

- Zonas densamente poboadas (ciudades) (ZDP).
- Zonas intermedias (vilas e arredores) (ZIP): para discriminar as diferentes formas de asentamento no territorio estableceuse valor “alto” e “baixo”, con ZIP alta se máis do 50% da poboación se atopa en conglomerados supraurbanos e ZIP baixa de darse outras circunstancias.

- Zonas pouco poboadas (áreas rurais) (ZPP): con subgraos de valor alto, intermedio e baixo. A ZPP alta dáse se máis do 50% da poboación se atopa en conglomerados semiurbanos de primeira categoría; a ZPP intermedia ocorre se máis do 50% da poboación aparece en conglomerados semiurbanos de segunda categoría; e a ZPP baixa sucede para o resto dos casos.

Trátase dun método complexo pero moi significativo pola discriminación que fai da complexidade relacionada coa influencia das cidades e as vilas no desenvolvemento urbanístico e na concentración demográfica das áreas que alcanza como lugares de atracción socioeconómica. Entendendo que ningún dos núcleos ou áreas alcanzadas presenta un influxo propio dunha cidade ou área urbana, xa que non existe continuidade entre Ourense e as vilas de Allariz, Celanova ou Xinzo, para o caso do GDR Limia Arnoia temos que quedarnos coa posibilidade de zonas intermedias, nas vilas e os seus arredores, e áreas rurais. Para o GDR, como territorio fondamente rural, estes autores non inclúen fenómenos ZIP máis que na vila de Xinzo, onde aparece unha Zona intermedia (ZIP). En todo caso, dada a concentración construtiva, nun medio físico que condiciona a expansión e os usos do solo, ademais do feito de que conta cunha tradición de poboamento concentrado, tan só a extensa parroquia da capital, Santa Mariña de Xinzo de Limia presenta un valor de ZIP e este é da categoría baixa. Esta orixinalidade única determina que se trata dun territorio co poboamento moi concentrado e con límites nas vilas moi definidos, non existindo sensibles procesos de periurbanización en vilas e rururbanización no resto do territorio.




Figura B7: Mapa do grao de urbanización das parroquias de Galicia. Obtido e modificado do traballo de Vizcaino et al. (2016), no que se observa como única área ZIP a parroquia cabeceira de Xinzo de Limia.

B.1.5 Zonificación funcional do territorio do GDR

Co obxectivo de optimizar as inversións públicas procedentes do LEADER no territorio, e despois do traballo feito polo GDR entre 2014 e 2020, considérase necesario establecer no territorio de análise unha serie de zonas que teñan características propias e individualizadas de seu. Nesta proposta de clasificación empréganse varios criterios, con carácter complementario, que se detallan a continuación:

a) Tense en conta a diversidade de paisaxes que atopamos, desde o reborde sur do Macizo de Queixa-Manzaneda-Inveradoiro (Macizo Central Ourense) ata o territorio montañoso fronteirizo correspondente co Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, pasando pola grande chaira central limiá.

b) É preciso ter en conta tamén a demografía e a vitalidade socioeconómica. No espazo de análise hai municipios cunha certa vitalidade demográfica (dentro do conxunto do total), mentres que hai outros con características claramente regresivas. Os primeiros posúen os maiores continxentes de poboación de franxas de idade novas, mentres que os segundos caracterízanse por pirámides de poboación claramente invertidas e están en evidente regresión demográfica.

c) Os dous puntos anteriores condicionan (e son causa e consecuencia) das actividades económicas que atopamos no territorio. Os municipios con maior vitalidade demográfica correspóndense tamén cos que presentan unha estrutura de actividade económica máis desenvolvida e diversificada. Existen unha serie de núcleos cabeceira ou sub-cabeceiras comarcais que concentran emprego industrial e a maior parte dos servizos. No outro extremo, hai concellos que se caracterizan polo predomino abrumador do emprego agrícola e gandeiro, con porcentaxes de poboación ocupada no primario practicamente descoñecidos na Europa Occidental actual. Neles, unha grande parte da poboación está xubilada e vive de pensións de diferente tipo.

Polo tanto, calquera proposta de zonificación debe partir da consideración dinámica destas tres variables, e non pode esquecer que non existen compartimentos estancos no territorio. Debe buscarse o achegamento a unha zonificación que sexa coherente e válida para as tres variables mencionadas, e que teña como principal fin o maior impacto positivo da distribución de fondos no territorio.

Zona 1. Comprende os concellos de Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños e Calvos de Randín. Todos eles son municipios arraianos, da Baixa Limia, e con paisaxes montañosas e dinámicas de fronteira seculares. Ademais, todos eles pertencen á Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés. A inclusión de Calvos de Randín débese a un criterio de continuidade territorial e paisaxística e funcional en relación co resto dos concellos da Baixa Limia. Por outra banda, son municipios eminentemente avellentados cunhas dinámicas económicas claramente voltadas sobre o sector primario. Esta zona 1 está moi marcada polo seu carácter transfronteirizo, xa que 4 dos concellos son raianos: Calvos de Randín, Lobios, Entrimo e Lobeira.

Zona 2. Está integrada polos concellos de Xinzo de Limia, Vilar de Barrio, Sarreaus, Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Porqueira, Os Blancos, Baltar e Trasmiras. Correspóndese de modo xeral coa chaira limiá, cuxa centralidade é ocupada pola vila de Xinzo de Limia. Trátase dun espazo de grande valor agrario e gandeiro, onde salientan o cultivo da pataca e explotacións de gandeiría porcina. A topografía sensiblemente plana e a inclusión deste espazo no eixo definido pola A-52 explica a súa alta accesibilidade interna e externa.

Zona 3. Esta terceira zona está constituída polo resto dos concellos da área de traballo. Tendo en conta a importancia das vilas de Celanova, por unha banda, e Allariz e Maceda, por outra, o máis pertinente é realizar unha subdivisión interna en dúas subzonas. Deste xeito, a subzona 3a viría dada polos concellos de Allariz, Maceda (a comarca tradicional era precisamente Allariz-Maceda), Baños de Molgas, Taboadela e Xunqueira de Ambía. Esta subzona está rexida tanto por Allariz (con forte importancia terciaria, comercial e turística en particular) e por Maceda (con importancia comercial). Pola súa banda, a subzona 3b estaría conformada polos concellos de Celanova, Quintela de Leirado, A Bola e Vereá. Rexida por Celanova, corresponderíase co sur da Terra de Celanova da comarcalización clásica.




Figura B8: Mapa da proposta de zonificación do territorio do GDR A Limia-Arnoia. Elaboración propia.

B.2. Tecido socioeconómico

B.2.1. Análise demográfica

A análise demográfica debe partir da valoración de múltiples índices que se reúnen en: Indicadores de crecemento demográfico e Indicadores da estrutura demográfica. Entre os indicadores do crecemento demográfico resulta de interese tratar a evolución do número de habitantes, movemento natural da poboación e o saldo migratorio. Todos eles tratan o movemento ou variación da poboación e permiten descubrir as causas que condicionan a evolución

demográfica positiva ou negativa e detectar cales son os problemas que provocan as dinámicas progresivas ou regresivas.

Entre os indicadores de estrutura demográfica inclúense os relacionados coa estrutura da poboación por idade, dentro da cal se traballará o valor da idade media da poboación e o índice de avellentamento demográfico. Como se verá nas análises de cada indicador, non é unha novidade que os valores evidencien un avellentamento que se acelera de maneira marcada nas últimas décadas. Toda Galicia, en especial a súa metade oriental e os territorios montañosos da parte occidental, e sobre todo as comarcas máis rurais do interior, presentan unha evolución similar, cunha estrutura por idades na que os maiores de 64 anos sempre superan o 20% da poboación total, no caso do GDR superan ben o 30%. Trátase dun comportamento xeneralizado nos países de economía e modos de vida que denominaríamos “occidentais” ou “desenvolvidos”. Neles existen dificultades para conseguir a substitución xeracional e presentan uns valores que se ven especialmente afectados polos intensos fluxos migratorios acaecidos dende hai máis dun século e que persisten na actualidade. Os mesmos traen en consecuencia a saída dos grupos de idade intermedios na busca, tanto en cidades próximas como no ámbito estatal e internacional, posibilidades laborais que a limitada iniciativa endóxena imposibilita nos seus lugares de nacemento. Estamos ante unha situación á que non é allea o territorio do GDR Limia Arnoia, descubrindo procesos estruturais de despoboamento, unha alta taxa de dependencia, e un marcado descenso do volume demográfico. Os indicadores acaban por explicar o progresivo baleirado de amplos espazos que non presentan moradores permanentes nin unha sensible utilización e ocupación do medio. As áreas especialmente afectadas neste caso son as máis elevadas e afastadas dos principais núcleos reitores e das vías de comunicación, en especial as áreas montañosas meridionais e as superiores da Terra de Celanova.

B. 2.1.1. Evolución do número de habitantes.

A partires da análise do Padrón Municipal de Habitantes entre 2012 e 2021 do *Instituto Nacional de Estadística de España* (IGE, 2022f) é posible describir a evolución da poboación nos concellos e comarcas que integran o ámbito de traballo do GDR 10 Limia Arnoia. No contexto xeral, Galicia é un territorio con balance negativo, e vén demostrado pola perda do 3,6% da súa poboación na última década. Esta dinámica repítese nas medias provinciais, se ben as costeiras occidentais presentan descensos menores, 2,35% no caso de A Coruña e 2% Pontevedra. Outra cousa son as provincias orientais, pois Lugo presenta un 7,3% e Ourense é a que peores datos revela cun 8,4%. En valores absolutos isto correspóndese con 28.034 persoas menos, algo menor ós 28.569 perdidos se contamos a década retrasando un ano (2011-2020), o cal pode non ser positivo senón estar en relación co propio baleirado extremo da provincia. Das dinámicas negativas non se libra nin sequera a comarca de Ourense, que presenta un descenso de 1,64%. Xa que os territorios rurais soen elevar as

medias, é de agardar un descenso xeral en todas as circunscricións do GDR. Isto é así salvo no caso do concello de Allariz, que aumentou en 329 habitantes (5,5 % de ganancia de poboación), circunstancia que non deriva dunha dinámica positiva comarcal senón da condición particular desta localidade como vila atractiva dentro da área urbana da capital, derivada do seu dinamismo, calidade nos servizos e coidado modelo urbano.

As menores perdas teñen lugar nas outras tres vilas reitoras do territorio, acollendo valores por debaixo do 10%, como é o caso de Celanova (4,3%), Xinzo de Limia (6,9%) e Maceda (9%). De Bande, vila antiga e cabeceira comarca na Baixa Limia, sofre un dos maiores procesos de despoboamento do GDR, sendo o segundo concello por dinámica regresiva (26,2%). Taboadela, moi preto do Parque Tecnolóxico ourensán, e vencellado así á capital, ten un valor de 12,1% de perda, algo inferior ó 15% que establece a marca inferior do resto da xeira de concellos.

Intentando establecer regularidades e relacións territoriais, a proximidade dalgúns concellos ás cabeceiras comarcais, ó eixo viario da Autovía das Rías Baixas, e ó eixo secundario Allariz-Maceda, fai que nalgúns circunscricións se manteñan os valores de perda poboacional entre o 15% e o 20% (Sandiás, Vilar de Santos, Baños de Molgas, Trasmiras, por exemplo).

Pola súa banda, outros concellos presentan as dinámicas máis negativas precisamente polo contrario, isto é, o afastamento aos lugares con maiores potencialidades económicas dentro do paradigma actual, e aos eixos viarios máis importantes. A estes únense algúns factores físicos como o relevo, a menor potencialidade agraria e un clima menos propicio para o desenvolvemento das actividades económicas con menor complexidade. Son paradigmáticos os casos de Calvos de Randín (39% de perda), Os Blancos (26%), Lobios-Verea-A Bola-Sarreaus-Rairiz de Veiga (derredor do 25%).

Nas comarcas implicadas no GDR, salvo o caso xa explicado de Allariz-Maceda como eixo secundario de certa dinámica ancorada no eixo viario que une ás vilas cabeceiras e as propias localidades (perda do 6,8%), o resto presentan valores moi baixos, comezando polo 15,5% da Limia, con perdas minimizadas pola capital limiá, seguida da Terra de Celanova (17%), onde Celanova tamén minimiza a dinámica regresiva, e a Baixa Limia, que como territorio máis afastado e rural, acada o 22,7% de perdas na última década.

A media do territorio de estudo é do 13,3%, o que constitúe unha variación negativa de 7.367 persoas, un valor similar ao da maioría das comarcas ourensás, que demostra un perigoso descenso que ameaza con dificultar calquera iniciativa de revitalización territorial. O aumento das porcentaxes de perda de poboación cada década, a medida que pasan os anos, fai moi difícil diminuír esta realidade e inverter o comportamento da curva demográfica.

Analizando os datos conxuntos para o GDR (Figura B7) entre o ano 2004 e o 2021 (IGE2022n) descóbrese un descenso notable, moi elevado. Mentres

Galicia entre 2004 e 2021 diminuíu a súa poboación nun 2% (55.340 habitantes), o conxunto do GDR fíxoo nun 17,3%, isto é 10.035 habitantes (de 57.917 en 2004 a 47.882 en 2021). Por facer unha comparación, sería como perder toda a poboación de Xinzo de Limia, o concello máis poboado da comarca. Os descensos anuais foron bastante variables entre os 107 que perdeu entre 2020 e 2021 e os valores, ás veces algo inferiores e outras veces superados, dos 1.000 efectivos anuais que caracterizan o período entre 2011 e 2016. A revitalización dalgunhas zonas centrais no sector primario e un certo esgotamento demográfico nas áreas máis rurais, xunto cun freo no balance migratorio poden estar detrás da deceleración nos últimos anos.




Figura. B9. Evolución da poboación na área do GDR. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes ([IGE. Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro](#)) (IGE, 2022n). Elaboración propia.




Figura B10: Porcentaxe de perda de poboación nas comarcas e concellos do GDR, incluíndo provincias e territorio autónomo entre 2011 e 2021. Elaboración propia a partir dos datos do INE, consultados en IGE (2022f). Elaboración propia.

B. 2.1.2. Idade media da poboación

A idade media da poboación é un valor que destaca un fenómeno estrutural na poboación, o cal é debido case sempre a distintas variables concatenadas entre si. A emigración, xunto co incumprimento da substitución xeracional e, en xeral, o envellecemento debido a determinados modelos socioeconómicos, como unha maior esperanza de vida pola mellora dos medios sanitarios e de seguridade laboral e de vida, leva a progresar nunha maior idade do conxunto demográfico. Trátase de comportamentos frecuentes en países desenvolvidos e, no caso de espazos con tradición migratoria, leva á perda de habitantes en idade activa. O Instituto Galego de Estatística ofrece, para a idade media da poboación, datos municipais dende o ano 2002 (IGE, 2022i). Os datos (Táboa B2) son claros ó respecto, pois salvo situacións sociodemográficas concretas -como o desenvolvemento de modelos urbanísticos con prezos e servizos atractivos nalgúns enclaves-, os valores nos últimos 20 anos delatan un aumento da idade media para Galicia, as provincias, incluso as costeiras, as áreas urbanas e as

propias cidades, rondando os cinco puntos. Tan só concellos da orla destas áreas urbanas e algunha vila cun modelo socioeconómico propicio presentan negatividades inferiores e ata algúns valores positivos aínda que febles.

Se tradicionalmente asociábase a idade media menor ó mundo urbano, a comarca e cidade de Ourense, que aumentaron en aproximadamente cinco puntos, algo por riba da media galega, demostran que esta afirmación xa non é válida. Estas áreas están incluso incrementando anualmente en varias décimas os seus valores. Entre 2020 e 2021 concello, comarca e provincia de Ourense aumentaron en dúas décimas. En valores absolutos ata a do propio municipio da capital (5,3) é un punto superior respecto da provincial, o que fai esmorecer a idea de que a cidade é un espazo de xoves. No contexto estatal, a provincia de Ourense, con 51 anos, é xunto coa de Zamora, a que presenta un maior valor. Para comparar, pódese aportar o dato da Unión Europea (mediana de idade de 43 anos en 2017; que medra de 38,5 a 43 entre 2002 y 2017) (Eurostat, 2017). Estamos pois nun territorio dos máis avellentados do mundo.

A idade media no GDR Limia Arnoia acada os 56,9 anos (IGE, 2022i), supera en nove puntos á media galega e en 10 puntos á dos territorios menos envellecidos de Galicia como, por exemplo, o conxunto provincial pontevedrés (46,2 anos). Trátase dunha media que pecha datos moi variables dentro do ámbito de estudo, valores que explican as distintas realidades que presentan as zonas e concellos en función da súa vitalidade socioeconómica. Os valores extremos, isto é a forza na serie de datos presenta un rango de 14 puntos entre os 62,8 de Lobeira e os 47 de Allariz. O primeiro está entre os concellos máis envellecidos de Galicia e o segundo entre as circunscricións máis xoves, dous exemplos que veñen a distinguir as dúas liñas seguidas pola maioría dos concellos do GDR. Neste senso, existen algúns moi rurais e afastados dos ámbitos máis activos economicamente que se achegan aos 60 anos de media (A Porqueira, 60,2; Vereia, 59,5; Lobeira, 62,8; Muíños, 59,7). Outros que, en principio, pola razón contraria, deberan ter valores inferiores á media do GDR (56,9 anos) superan tamén bastante estas cifras (Baños de Molgas 59,2; Bande, 60,1). En xeral, as vilas presentan os valores máis baixos, acompañando ó valor extremo de Allariz, e así temos Maceda (52,1), Celanova (53,7) e Xinzo de Limia (48,4).

Se analizamos o comportamento por sectores internos do ámbito de estudo, centrarémonos nas zonas delimitadas para o GDR. Como cabería agardar polas súas condicións físicas e socioeconómicas, a Zona 3.A. e a Zona 3 son as que achegan os valores máis baixos (53,9 e 55,3), pero a Zona 3B xa chega ós 57,1 polos concellos máis montañosos e afastados da parte sur de Celanova.

A Zona 1, a que coincide coa Baixa Limia, presenta os valores máis elevados con case 60 anos de idade media, moi por enriba da dita media, debido á súa extensión por territorio montañoso e nun eixo de comunicación con menos

funcionalidade agora que antes. A Zona 2 presenta un valor idéntico á media do GDR, pero con valores internos relativamente contrastados entre os concellos que participan do potencial agropecuario, industrial e viario da depresión da Limia e os do seus bordes.

IDADE MEDIA	2002	2021	IDADE MEDIA	2002	2021	IDADE MEDIA	2002	2020
Galicia	42,9	47,4	Allariz	48,3	47	A Porqueira	56,1	60,2
A Coruña (prov.)	42,5	47,5	Baños de Molgas	53,6	59,2	Rairiz de Veiga	53,5	58,3
Lugo (prov.)	46,4	50,1	Maceda	48,5	52,1	Sandiás	52,6	55,8
Ourense (prov.)	46,7	51	Xunqueira de Ambía	53,2	57,3	Sarreaus	54	59,5
Pontevedra (prov.)	40,6	46,2	Bande	53,6	60,1	Trasmiras	52,4	57,5
Zona 1	54,0	59,7	Entrimo	53,8	57,1	Vilar de Barrio	52,5	58,9
Zona 2	52,3	56,9	Lobeira	55,6	62,8	Vilar de Santos	50,3	56,1
Zona 3	51,5	55,3	Lobios	50	57,3	Xinzo de Limia	43,5	48,4
Zona 3.A.	50,2	53,9	Muñíos	53,3	59,7	Taboadela	47,5	53,9
Zona 3.B.	53	57,1	Baltar	55,9	56,4	A Bola	54,5	57,5
Ourense (com.)	43,21	47,9	Os Blancos	51,9	57,6	Celanova	48,1	53,7
Ourense (conc)	41,9	47,2	Calvos de Randín	57,6	61	Quintela de Leirado	54,1	58
GDR Arnoia-Limia	52,3	56,9				Verea	55,3	59,1

Táboa B2: Idade media da poboación en 2002 e 2021 para os concellos, zonas e o propio GDR, a comarca e concello de Ourense, as provincias e o conxunto galego. Fonte dos datos: IGE (2022i).

Se pasamos a ver que é o que ten acontecido con esta media nos últimos anos, analizando a evolución da mesma, destacaremos que Allariz é unha clara excepción (Figura B9), unha orixinalidade de rango rexional, pois o seu modelo urbanístico e a súa localización estratéxica o fan un oasis no interior de Galicia. Trátase dun anovamento demográfico sen parangón. Exceptuando esta vila e o anómalo valor de Baltar, que só aumentou a súa idade media en 0,5 anos neste período bidecenal, posiblemente relacionado cunha fatiga derivada dun período máis antigo de baleirado e envellecemento acelerado, ningunha circunscrición baixa de tres anos de aumento. Ás veces ocorre que algúns municipios que mantiñan unha maior “xuventude” demográfica foron os que máis progresaron no aumento da idade media (Taboadela, 6,4 anos; Lobios, 7,3 anos), pero non existe unha tendencia que poida confirmar unha regularidade. Outros máis, xa máis avellentados, presentaron incrementos máis doces, posiblemente polo esgotamento dos grupos máis novos nunha constante migratoria e por unha mortalidade moi elevada (Porqueira, 4,1; Verea, 3,8). En todo caso, tampouco é unha tese sen excepcións.

A nivel municipal Lobeira e Lobios teñen valores extraordinariamente altos no referido a este aumento da idade, superando os 7 anos. Existen ademais outros moi próximos nos que se superan os seis, tal é o caso de Taboadela, Vilar de

Barrio, Muíños e Bande. Por zonas, de novo observamos, parello ó analizado para o valor da idade media, que as zonas 3 e, en concreto, 3a, son as que menos progresaron na media de idade, cun valor próximo á media no caso da Zona 2 e un valor moi elevado para a Zona 1.




Figura B11. Progresión da idade media dos concellos, zonas e sectores do ámbito de estudo, ademais da comarca e concello da capital provincial, do resto das provincias galegas e do territorio autónomo entre 2012 e 2021. Elaboración propia. Fonte dos datos: IGE (2022i).

A figura B10 reforza o descrito e analizado ata o momento, concretando os enclaves máis xoves e os máis avellentados. Obsérvase en amarelo aquelas áreas con idade media inferior a 45 anos, coincidentes co ámbito das vilas de Allariz, Xinzo e Maceda, algo que se prolonga por outros espazos centrais da depresión da Limia e do val do Arnoia en Allariz. Pola súa parte, Celanova e o val baixo do Limia acollen valores intermedios que, a medida que nos imos cara aos bordos montañosos e as altas terras serráns acadan números maiores.

Nestes lugares, aparecen valores extremos, que superan os 60 anos e mesmo acadan o de 87 anos nalgúns quilómetros cadrados, resultados alarmantes que requiren de novos plantexamentos sociodemográficos a tratar pola Administración.




Figura B12: Idade media da poboación no territorio do GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².

B.2.1.3. Análise da poboación por grupos de idade

Se optamos por analizar a evolución da poboación por grupos de idade (Gráfico B11 e Táboa B3) (IGE2022o), obsérvase, en consonancia co aportado até o de agora, un paulatino aumento do grupo de máis de 64 anos, que acada os 4 puntos nas últimas dúas décadas, incremento que grava o grupo de idades intermedio, o cal perde aproximadamente 3 puntos fronte ó 1,3 % que diminúen os máis novos (<16 anos) no mesmo período. O envellecemento é evidente e acelerado, maior que no caso provincial e no autonómico, pois no primeiro destes os máis novos constitúen un 10,5 % aproximadamente e no galego un 12,4%.

No grupo de idade intermedio, entre 16 e 64 anos, o 54,3% do GDR é sensiblemente inferior ó 58% provincial e o case 62% galego. Se ben, trátase dun indicador máis do profundo envellecemento demográfico, relacionado co grupo dos maiores (37,2 % GDR; 31,6% provincial; 25,8% autonómico.




Figura B13: Evolución da poboación no GDR por grupos de idade. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes ([IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade](#)) (IGE, 2022o).

Concellos	Total	Menos de 16 anos	Entre 16 e 64 anos	Máis de 64 anos
Allariz	6.314	857	3.868	1.589
Baltar	919	57	470	392
Bande	1.490	59	701	730
Baños de Molgas	1.483	68	740	675
Os Blancos	745	32	384	329
A Bola	1.075	56	544	475
Calvos de Randín	717	24	302	391
Celanova	5.652	524	3.149	1.979
Entrimo	1.128	64	601	463
Lobeira	769	19	335	415
Lobios	1.672	86	914	672
Maceda	2.849	265	1.574	1.010
Muíños	1.447	58	738	651
Porqueira	827	35	380	412
Quintela de Leirado	614	39	290	285

Rairiz de Veiga	1.223	60	607	556
Sandiás	1.181	76	644	461
Sarreaus	1.114	44	494	576
Taboadela	1.452	106	838	508
Trasmiras	1.261	74	625	562
Verea	914	35	424	455
Vilar de Barrio	1.258	48	606	604
Vilar de Santos	791	55	421	315
Xinzo de Limia	9.621	1.241	5.677	2.703
Xunqueira de Ambía	1.366	91	666	609
GDR	47.882	4.073	25.992	17.817
Provincia	305.223	31.805	176.951	96.467
Galicia	2.695.645	333.678	1.667.827	694.140

Táboa B3: Distribución da poboación por grupos de idade. 2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes ([IGE. Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade](#)). (IGE, 2022o).

A pirámide de poboación tamén indica unha evolución regresiva dentro dun modelo que denuncia unha estrutura moi envellecida. O debuxo resultante da mesma podería etiquetarse como un perfil regresivo e desequilibrado, moi irregular. Se na última década do século XX aínda eran visibles os efectos da Gripe do 18 e a Guerra Civil nas comarcas que forman parte do GDR (López Bedoya e Freire Boado, 2000a, 2000b, 2000c e 2000d), na actualidade estes eventos xeodemográficos quedan fóra da análise por teren desaparecido as xeracións implicadas, non tendo influencia visual nas barras. Polo tanto, as irregularidades hai que buscalas nos efectos dos momentos álxidos das crises migratorias e nas desigualdades entre a esperanza de vida nos homes e nas mulleres, aínda visible por efectos biolóxicos e sociolaborais e manifestados especialmente nos grupos de idade avanzada.

Malia que a recente pandemia da COVID 19 debería deixar os seus efectos de maneira progresiva a medida que os grupos quinquenais se suceden, non existe unha pauta que evidencie o efecto, que debeu influír de maneira menos concentrada ao que nun primeiro momento se debería pensar pola afectación máis grave nos anciáns. A irregularidade que presenta a pirámide nos grupos a partires dos 65 anos, desfai calquera conclusión fácil ao respecto, pois ademais de non coincidir cun descenso gradual, os datos de 2001, 2011 e 2021 reflexan unha curva parecida.

A principios do século XXI existían dous conxuntos de grupos quinquenais moi potentes: os que recollen as idades entre 20 e 35 anos e os de 65 a 80, que no caso das mulleres se estendía ata os 55 anos. Esta importancia foi esmorecendo, regularizando así a pirámide cara un envellecemento progresivo dende os adultos novos, o que na actualidade se traduce por un maior peso dos

adultos máis vellos, entre 40 e 65 anos, así como os grupos máis de menor idade dentro dos anciáns e incluso ata os 80 anos.

Outra evidente orixinalidade é o aumento de efectivos no último grupo, cunha marcada irregularidade nas mulleres, nas que constitúe, en moito, o grupo máis numeroso, con máis de 700 efectivos respecto ó segundo na lista, que tamén pertence á terceira idade (75-79 anos). O GDR conta con 547 nenas menores de 5 anos mentres posúe 2.690 mulleres de 85 ou máis anos, sendo unha relación moi sintomática do extremo ó que chegou o territorio. Chama a atención tamén, tanto en homes como en mulleres, o feito de que as persoas de 80-84 anos sexan significativamente menos en número que as maiores. Esta circunstancia podería deberse a unha especial afectación da emigración a Europa unha vez superada a metade do século XX, afectando a mulleres e homes, especialmente a estes, que nesa época cumpriran xa a maioría de idade e podían efectuar as saídas de obxectivo laboral con maior facilidade.

A evolución da forma da pirámide, máis irregular en 2001, cada vez máis invertida, amosa unha maior regularización dos seus brazos, o que pode indicar que cada vez máis se adapta ós parámetros do envellecemento natural, ó aumento da esperanza de vida, ás diferencias por sexo e se atopa cada vez menos afectada por picos migratorios. Como excepcións, citar que seguen a manterse irregularidades nos grupos máis avanzados, en especial nos femininos.




Figura B14: Evolución da pirámide de poboación do GDR. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE, 2022p).
Elaboración propia.

B.2.1.4. Distribución e densidade da poboación

Distribución da poboación

Un mapa da distribución da poboación en Galicia coa delimitación do ámbito de traballo (Figura B13), evidencia que a distribución da poboación no ámbito do GDR ten unha tendencia similar á do interior de Galicia. Así, poden observarse tres comportamentos: a influencia dunha cidade, neste caso Ourense, que aumenta a concentración da poboación no concello de Taboadela e na franxa noroeste do territorio analizado; a concentración nas vilas con sensible peso nas súas comarcas, isto é, Celanova, Xinzo, Allariz e Maceda; e unha maior cantidade ó longo dos eixos de comunicación principais, sendo o caso do corredor meridional galego (N-525 e A55), xunto co corredor transfronteirizo materializado hoxe en día na OU-540 e outras estradas provinciais e comarcais de trazado suroeste nordés, que antigamente estivo encabezado pola vía romana (Vía nº 18, Via Nova de Bracara Augusta a Asturica Augusta).

O resto da distribución céntrase nas cabeceiras parroquiais e municipais a modo dun semilleiro que amosa unha certa equidistancia, unha especie de espazo vital imposto polas necesidades da poboación e as actividades socioeconómicas locais.




Figura B15. Mapa da distribución da poboación en Galicia coa delimitación do ámbito de traballo. Extraído e modificado de: <https://www.ige.eu/igebdt/openOSMGrid1km.jsp?idioma=gl> (IGE, 2021b).




Figura B16. Distribución da poboación total no territorio do GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km², polo que se trata dun valor de densidade.

Densidade de poboación

A densidade demográfica ten a virtude, como indicador, de aportar información sobre a concentración de poboación nunha extensión do territorio dada. En áreas de economía occidental, dá sinal da concentración de actividade humana, sendo os seus valores e os da dinámica socioeconómica aproximadamente proporcionais. Esta relación entre demografía e economía é unha consecuencia natural da necesidade existente de ofrecer servizos ós residentes, pero tamén é derivada da maior e máis complexa iniciativa empresarial e de políticas económicas públicas existentes onde o volume demográfico é maior.

Galicia mantén un descenso progresivo de poboación polo envellecemento, a emigración continuada e a falta de atractivo para colectividade inmigrantes, o que inflúe nun descenso continuado e desigual das densidades medias provinciais, comarcais e locais, especialmente no leste e interior da Comunidade.

A media galega presenta un valor de 91,4 hab./km², similar á do conxunto estatal (93,7 hab./km²), aínda que a distribución é bastante desigual (IGE, 2022a). O interior, menos poboado, ten nas provincias de Lugo, 33 hab./km², e Ourense, 42 hab./km², uns valores inferiores ós dos territorios autonómico e español; pola súa parte, Pontevedra con 210 hab./km² e A Coruña, 141 hab./km², multiplican varias veces ditos valores. Atópanse tamén grandes diferenzas entre as grandes vilas e o resto do territorio, con transicións intermedias nos municipios que orlan as áreas urbanas das sete cidades. Algúns municipios urbanos desas cidades acadan varios miles de habitantes por quilómetro cadrado (A Coruña, 6.472; Vigo, 2.708; Ferrol, 817) mentres as súas áreas metropolitanas poden achegarse ós 1.000 superando sempre os 500 (Coruña, 838; Vigo 645,42; Ferrol, 613).

A cidade de Ourense acolle aproximadamente un terzo da poboación da súa provincia, cuxa extensión é de 7.273 km², mentres o seu concello presenta unha densidade 1.225 hab./km², a súa comarca 228 hab./km² e o conxunto provincial tan só 42,2 hab./km². Pola contra, algúns municipios de zonas montañosas galegas nin sequera acadan os 10 hab./km². Como exemplo da provincia de Ourense atopamos Montederramo ou Carballeda de Valdeorras con tan só 7 hab./km² (IGE, 2021i).

Para comparar os datos das vilas cos das principais cidades, cómpre dicir que o centro de Xinzo de Limia presenta valores que, nunha área de 4km², superan os 1.000 habitantes, na metade desa extensión con 2.107 e 1.897 por quilómetro cadrado. O mesmo ocorre en Allariz, onde dúas celas acadan 1.658 e 1.174 hab./km², e tamén no centro de Celanova (2.988 hab./km²). O resto das vilas e núcleos máis urbanos acollen densidades de entre 200 e 600 habitantes por cada quilómetro cadrado (IGE, 2022d). En todo caso se trata de illas nun territorio cuns valores de densidade moi baixos, acordes co seu carácter rural. Porén, as concentracións poboacionais que se atopan na orde dos 75 hab./km² ou máis deben entenderse como valores elevados no contexto do interior de Galicia, circunstancia que aparece na Limia ó longo do val meridional e a depresión, incluíndo o centro da mesma e nos puntos onde se emprazan, nas súas marxes, as principais entidades. Súmanse a estes rangos algunhas cabeceiras municipais ou os núcleos parroquiais de maior entidade. Pola súa banda, na parte setentrional, son as vilas de Celanova, Allariz, Maceda e Baños de Molgas as que aportan un aumento significativo dentro dos valores xerais.

De comparar as medias dos concellos do GDR, a propia circunscrición supracomarcal que estamos a traballar e as medias provinciais e galega (Táboa B4), extráese un valor bastante baixo para o conxunto Limia-Arnoia (26,9 hab./km²), claramente inferior ás medias provinciais de interior. Iso si, este número agocha notables contrastes. Por unha banda atopamos densidades maiores nos concellos das vilas, con 70,4 hab./km² no de Xinzo, 72 hab./km² en Allariz e 81,6 hab./km² en Celanova. Este último é o municipio con maior densidade do conxunto dos 25. As outras cabeceiras municipais de certo rango, como Maceda e Bande, non acadan estes valores polo seu menor tamaño e

peso económico (28,4 hab./km² e 15,6 hab./km² respectivamente). Destaca o valor de 58,6 hab./km² en Taboadela, comprensible pola súa proximidade á cidade ourensá e á Tecnópole de Galicia en San Cibrao das Viñas. Existe unha segunda serie de concellos con densidades baixas (entre 20-40 hab./km²), que é a composta por Baños de Molgas, Maceda, Sandiás, Trasmiras, Vilar de Santos, A Bola e Quintela de Leirado. Exceptuando o último, o máis setentrional e próximo a Celanova e Ourense, o resto teñen a característica de non ser territorios montañosos. Por último, atopamos outra serie cos concellos máis afastados e montañosos, os cales presentan densidades de entre 10 e 20 hab./km². Aí temos as circunscricións marcadas polas orlas montañosas meridionais e do Macizo Central Ourenán, sendo calvos de Randín (8,5 hab./km²) o de valor inferior, e tendo en Lobios, Baltar, Vilar de Barrio e Lobeira outros exemplos do despoboamento con seus valores de entre 13 e 10 hab./km².

Territorio	Densidade (hab./km ²)	Territorio	Densidade (hab./km ²)
GALICIA	91,2	Baltar	10,8
A CORUÑA (prov.)	141,1	Os Blancos	16,7
LUGO (prov.)	33,1	Calvos de Randín	8,5
OURENSE (prov.)	42,0	A Porqueira	19,2
PONTEVEDRA (prov.)	209,9	Rairiz de Veiga	17,3
GDR 10	26,9	Sandiás	23,4
<i>Allariz-Maceda (comarca)</i>	37,1	Sarreaus	15,5
Allariz	72,2	Trasmiras	21,1
Baños de Molgas	22,5	Vilar de Barrio	12,4
Maceda	28,4	Vilar de Santos	39,8
Xunqueira de Ambía	22,4	Xinzo de Limia	70,4
<i>Baixa Limia (comarca)</i>	13	<i>Ourense (comarca)</i>	227
Bande	15,6	Taboadela	58,6
Entrimo	14,4	<i>Terra de Celanova (comarca)</i>	35
Lobeira	12,8	A Bola	31,7
Lobios	10,4	Celanova	81,6
Muíños	13,7	Quintela de Leirado	22,7
<i>A Limia</i>	24,7	Verea	10,5

Táboa B4: Densidades de poboación do Ámbito, das circunscricións administrativas que contén, Galicia e as súas provincias en 2021. Fonte dos datos: IGE (2022e).

A variación na densidade de poboación vén a indicar a propia perda de efectivos no territorio, xa que a extensión dos concellos non varía e a do GDR, entendido nos seus límites actuais tampouco.. Na táboa 16 implementouse unha lenda cromática para poder clasificar os concellos en relación co propio GDR segundo a diminución (na súa inmensa maioría) de densidade.

O incremento da tonalidade entre a variación dos 5 anos e os 10 anos na práctica totalidade dos datos indica que o proceso de perda de densidade, non só non se detén, nin se decelera, senón que se mantén na súa regresión. Como noutras variables, destaca o único valor positivo sostido, o de Allariz (3,1 nos últimos 5 anos e 5,4 nos últimos 10), ó que hai que sumar o parcial de Quintela de Leirado nos últimos 5 anos (0,2). Neste último caso, a escasa poboación (614 habitantes en 2018 e 617 en 2021) fai necesario agardar un tempo prudencial para que se poida manifestar se a evolución positiva constitúe un feito estrutural ou unha coxuntura a analizar.

O resto dos concellos amosan unha perda gravísima de poboación, con varios deles que superan unha perda de 5 hab./km² no último decenio, tanto en lugares rurais e afastados coma en vilas da talla de Celanova, Bande ou no mesmo Xinzo (perde 4,9 hab./km²). Esta cabeceira comarcal mantivo significativas perdas no último quinquenio (3,7 hab./km²), o que demostra que se trata dun proceso en aceleración do que nin sequera escapan os núcleos reitores do territorio.

Concellos	Densidade	Variación 5 anos	Variación 10 anos
Allariz	72,2	3,1	5,4
Baltar	10,8	-0,4	-1,2
Bande	15,6	-1,9	-5,3
Baños de Molgas	22,5	-2,0	-4,4
Os Blancos	16,7	-2,3	-5,4
A Bola	31,7	-4,6	-8,1
Calvos de Randín	8,5	-1,4	-3,8
Celanova	81,6	-1,5	-5,9
Entrimo	14,4	-1,3	-2,9
Lobeira	12,8	-0,1	-1,5
Lobios	10,4	-0,8	-2,2
Maceda	28,4	-1	-2,1
Muíños	13,7	-1	-2,5
Porqueira	19,2	-1,1	-4,4
Quintela de Leirado	22,7	0,2	-2,1
Rairiz de Veiga	17,3	-2,2	-5
Sandiás	23,4	-1,9	-3,2

Sarreaus	15,5	-1,8	-3,7	
Taboadela	58,6	-0,7	-7,8	
Trasmiras	21,1	-2,4	-5,7	
Verea	10,5	-0,7	-2,7	
Vilar de Barrio	12,2	-1,4	-2,9	
Vilar de Santos	39,8	-2,8	-5,6	
Xinzo de Limia	70,4	-3,7	-4,9	
Xunqueira de Ambía	22,4	-1,2	-4,1	
GDR	25,2	-1,2	-3,9	
Provincia	42	-1,3	-3,4	
Galicia	91,2	-0,8	-2,6	
Lenda cores (cifras en valores absolutos)				
>0 a <1	1 a <2	2 a <3	3 a <5	5 e >5
>-1 a 0	<-1 a <-2	<-2 a <-3	-3 a <-5	-5 e >-5

Táboa B5: Variación da densidade de poboación no territorio do GDR entre 2011 e 2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación, entidades e densidade) (IGE, 2022e). Elaboración propia.

B.2.1.5. Movemento natural da poboación

O movemento natural expresa o resultado de comparar os nacementos e as defuncións que teñen lugar nun territorio e período de tempo determinados. Malia súa simplicidade permite recoñecer comportamentos socioeconómicos xerais e serve para caracterizar a historia demográfica do espazo analizado, ó ter estreita relación co nivel de vida, complementar os datos da historia migratoria e reflectir parámetros culturais e antropolóxicos do espazo xeográfico que representa. Tamén ten un vellelo notable co avellentamento da poboación, pois condiciona, por razóns obvias, tanto as potencialidades natalicias coma o índice de mortalidade.

O Saldo vexetativo

Non se pode independizar o movemento natural da poboación da realidade migratoria e de avellentamento demográfico, pois poden axudar a entender un marcado saldo vexetativo negativo, ao debilitarse as potencialidades natalicias e fornecer unha maior mortalidade natural relacionada coa idade. Trátase dun dos caracteres máis significativos do noso territorio. O IGE (2022g) ofrece series históricas a partires dos datos dispostos polo Instituto Nacional de Estadística de España. En Galicia maniféstase unha involución do saldo vexetativo pois, se a principios dos anos 70 os nacementos case duplicaban ás mortes, acadouse un equilibrio no bienio 1987-1988, derivando posteriormente cara valores negativos. Na actualidade, en Galicia o número de falecidos duplica ao de nados. A provincia da Coruña calcou esta evolución, mais Pontevedra retrasou o saldo vexetativo nulo ata o ano 1994. Pola súa parte, o habitual comportamento das provincias orientais leva a unha situación distinta. As provincias de Lugo e

Ourense xa presentaban saldos negativos en 1981 e 1980 respectivamente, mentres a comarca da capital ourensá invertía a tendencia, case como Galicia, en 1989 e a propia cidade facíao en 1995. A debilidade desta área urbana, que acompaña hoxe en día á media galega duplicando as mortes ós nacementos, indica a gravidade do problema e xa adianta os negativos índices que acontecen nas comarcas e concellos máis rurais.

A área do GDR Limia Arnoia presentaba saldos negativos dende hai moito tempo, cando menos dende 1975, nunha evolución crecente que superou de maneira sostida o valor negativo de 300 en 1983, o de 500 en 1988, e oscilando aproximadamente entre o de 600 e 700 nas décadas de 1990, 2000 e 2010, para acadar xa valores extremos que superan esta última cifra en 1996, 2012 e, de maneira sostida, dende 2015. Na última década, na comarca de Allariz-Maceda as defuncións superaron en 2 a 4 veces ós nacementos, que na comarca de A Limia oscilan entre 2 e 5 veces. Noutras comarcas a situación é moito peor, como por exemplo, na Terra de Celanova, onde a relación é de 5 e 8,5 veces superior para as defuncións. Con valores extremos, na Baixa Limia, a relación anterior está entre 6 e 15 veces en favor das mortes. As cifras vense agravadas nos concellos con dinámicas máis regresivas e maior envellecemento. Neles, durante a última década, e de maneira moi irregular debido ó escaso volume demográfico, os valores das defuncións sempre decuplican e ata se multiplican por 20 ou máis.

Alarmante situación se desprende do reconto dos anos nos que algúns concellos non tiveron ningún nacemento. Esta circunstancia lévanos a pensar na dificultade de evitar que os municipios freen esta sangría de perda de poboación e atenúen o marcado envellecemento. Baños de Molgas 2017; Lobeira en 2007, 2008, 2012, 2014 e 2021; Baltar en 2007 e 2010; Os Blancos en 2019; Calvos de Randín en 2005, 2007, 2017, 2018 e 2021; A Porqueira en 1986 e 2009; Rairiz de Veiga en 1989; Sarreaus en 2018; Vilar de Santos en 1999; A Bola en 2019; Quintela de Leirado, en 2013, 2019 e 2020; e Vereia ata en cinco ocasións, en 2004, 2005, 2011, 2013 e 2017, compren coa citada nulidade natalicia anual. É dicir, que en 28 ocasións algún concello quedou sen novos nenos un determinado ano, valor que se estende ata 77 se contabilizamos un só nacemento e 98 no caso de dous nacidos, non sendo un fenómeno actual senón xa antigo como testemuña a lista feita con anterioridade. Na comarca da Baixa Limia, a máis afectada, na última década, a media foi de 16,7 nacementos anuais.




Figura B17: : Saldo vexetativo da área alcanzada polo GDR entre 1975 e 2021. Fonte dos datos: IGE (2022g). Elaboración propia.

	Allariz-Maceda		Baixa Limia		A Limia		Terra de Celanova	
	Saldo	F. Def.	Saldo	F. Def.	Saldo	F. Def.	Saldo	F. Def.
1975	-75	1,4	-95	1,7	-68	1,2	-143	1,5
1976	-79	1,4	-80	1,6	-60	1,2	-65	1,2
1977	-94	1,5	-72	1,7	-47	1,1	-91	1,3
1978	-68	1,4	-26	1,2	-79	1,3	-93	1,3
1979	-44	1,2	-55	1,5	-27	1,1	-102	1,4
1980	-67	1,4	-61	1,5	-82	1,3	-162	1,7
1981	-61	1,3	-72	1,7	-55	1,2	-192	1,9
1982	-74	1,5	-65	1,5	-59	1,2	-128	1,6
1983	-109	1,8	-34	1,3	-128	1,6	-138	1,7
1984	-72	1,5	-86	1,9	-106	1,4	-145	1,7
1985	-127	2,0	-70	1,7	-85	1,3	-166	1,8
1986	-122	2,0	-114	2,4	-154	1,8	-195	2,0
1987	-107	2,2	-84	1,9	-101	1,5	-233	2,3
1988	-163	3,4	-103	2,3	-162	1,9	-255	2,7
1989	-158	3,6	-142	3,4	-177	2,1	-242	2,6
1990	-133	2,7	-89	2,4	-251	2,5	-307	3,5
1991	-144	2,7	-129	3,0	-227	2,5	-265	3,0
1992	-146	2,9	-137	4,3	-183	2,3	-290	3,5
1993	-183	3,4	-114	2,9	-224	2,5	-253	2,8
1994	-187	3,8	-160	4,6	-183	2,1	-232	3,0
1995	-154	2,8	-120	3,7	-264	3,0	-308	4,2
1996	-167	3,4	-133	4,5	-293	3,6	-297	3,8
1997	-220	4,1	-112	3,7	-273	3,4	-229	2,7
1998	-192	4,0	-141	6,2	-255	3,2	-285	4,2

1999	-198	3,5	-147	4,9	-260	3,8	-283	4,1
2000	-177	3,5	-161	6,6	-208	2,6	-315	5,0
2001	-179	4,2	-164	5,6	-192	2,7	-302	5,3
2002	-151	3,2	-143	7,2	-296	4,2	-314	4,8
2003	-187	3,4	-157	7,5	-274	3,2	-304	4,1
2004	-164	3,4	-105	3,8	-222	3,4	-278	4,4
2005	-207	4,8	-141	7,1	-230	3,1	-312	5,5
2006	-156	3,0	-144	6,1	-235	3,0	-278	4,5
2007	-134	2,4	-159	8,6	-281	3,8	-272	4,2
2008	-163	2,7	-156	7,8	-240	3,1	-332	5,7
2009	-128	2,3	-137	7,5	-227	2,9	-321	5,5
2010	-145	2,9	-112	6,1	-261	3,4	-277	5,0
2011	-171	3,5	-158	14,2	-233	2,8	-270	4,9
2012	-188	3,4	-144	7,9	-277	3,7	-347	6,1
2013	-155	3,2	-142	9,4	-229	3,2	-289	7,7
2014	-162	3,2	-141	11,8	-222	3,1	-267	5,3
2015	-127	2,5	-110	5,8	-269	3,6	-273	5,1
2016	-148	2,7	-151	10,4	-277	3,9	-292	6,8
2017	-175	3,2	-165	8,2	-282	4,2	-272	4,7
2018	-158	3,2	-146	10,7	-303	4,3	-290	6,6
2019	-135	2,8	-152	13,7	-264	3,7	-319	8,6
2020	-178	3,7	-144	10,6	-306	4,8	-312	6,7
2021	-184	3,9	-159	10,4	-289	4,3	-268	6,1

Táboa B6: Saldo vexetativo e número de veces en que as defuncións (F. Def) superan ós nacementos entre 1975 e 2022 das comarcas representativas da área de estudo: Allariz-Maceda, Baixa Limia, A Limia e Terra de Celanova. Elaboración propia. Fonte dos datos: IGE (2022g).

Concellos	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Allariz	36	84	-48
Baltar	1	29	-28
Bande	7	48	-41
Baños de Molgas	4	36	-32
Os Blancos	3	15	-12
A Bola	4	20	-16
Calvos de Randín	0	20	-20
Celanova	17	61	-44
Entrimo	3	19	-16
Lobeira	0	25	-25
Lobios	6	49	-43
Maceda	10	52	-42
Muíños	1	35	-34
Porqueira	2	15	-13
Quintela de Leirado	2	16	-14
Rairiz de Veiga	1	30	-29

Sandiás	4	23	-19
Sarreaus	5	24	-19
Taboadela	6	20	-14
Trasmiras	4	30	-26
Verea	6	26	-20
Vilar de Barrio	5	40	-35
Vilar de Santos	4	15	-11
Xinzo de Limia	58	135	-77
Xunqueira de Ambía	2	36	-34
GDR	191	903	-712
Provincia	1.397	4.691	-3.294
Galicia	14.759	32.843	-18.084

Táboa B7: Nacementos, defuncións e saldo vexetativo no GDR en 2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes ([IGE. Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975-2021](#)). IGE (2022g).

O Panorama en 2021 (IGE, 2022g) é moi significativo e continuador co apuntado a nivel evolutivo. Tan só Xinzo de Limia, Celanova e Allariz tiveron máis de 10 novos nacementos. Mentres, o número mínimo de mortos nos concellos é de 15, que reflicten Os Blancos, Porqueira e Vilar de Santos. O resto, salvo Quintela de Leirado (16) tiveron 20 ou máis defuncións. O saldo vexetativo neste último ano, cando menos, reflexa sempre unha duplicación das mortes sobre os nacementos, con frecuencia, aportando valores que supoñen varias ducias nas perdas. No conxunto do GDR, as mortes multiplicaron en máis de catro veces ós nacementos, que só significaron 191 novas persoas.

Índices de envellecemento e sobreenvellecemento

Para a valoración das cualidades da poboación residente de cara a recoñecer o potencial socioeconómico, laboral e as necesidades sociosanitarias e de cargas sociais e investimentos para a terceira idade no GDR resulta moi útil aplicar os índices de envellecemento e sobreenvellecemento, por ser bos indicadores da evolución pasada e poder establecer o futuro na estrutura por idades da poboación.

O índice de envellecemento defínese coma o cociente resultante de por en relación a poboación maior de 64 anos e a menor de 20 (IGE, 2022i). As interpretacións que se poden facer del son sinxelas: un índice de envellecemento superior a 100 indica que existen máis persoas maiores de 64 anos que mozos menores de 20; e que canto máis alto é o índice de envellecemento dunha área xeográfica máis avellentada está a súa poboación.

Os valores van parellos ós da idade media da poboación e reforzan as análises realizadas respecto da progresión dos mesmos nas dúas últimas décadas. Galicia, as provincias, a comarca de Ourense e o propio municipio da capital oscilan entre os 150 e os 200, co valor extremo inferior de 137 da provincia de Pontevedra, o que significa que son espazos que non acadan o duplicado da

poboación máis vella (>64) respecto da máis nova (<20). No GDR, que ten un índice de 642, aumentando en 37 puntos o valor de 2002, só o concello de Allariz con 148 e o de Xinzo con 175 seguen esta premisa como espazos máis xoves. As vilas de Celanova e Maceda tamén presentan valores relativamente baixos (285 e 325) e con moi leves progresións no índice. Poucos son os municipios nos que descende o índice nestes últimos 20 anos. Entre eles hai dúas situacións: Allariz, fai descender o índice en 26, debido á súa vitalidade demográfica; por outra, atopamos ós concellos que manifestan un esgotamento de efectivos e a unha alta mortalidade, o que os leva a non poder progresar máis no envellecemento, cando menos durante un tempo, sendo os casos de Ambía (-24), Baltar (-197), Calvos de Randín (-21), Sandiás (-21), Vilar de Santos (-31), Quintela de Leirado (-32) e a anomalía de Lobeira, que diminúe en 320 (de 1644 e 1320) pero sobre valores que levaban a relación entre os novos e os máis vellos a un extremísimo factor de 16.

Moitos concellos dos sectores máis rurais e montañosos presentan esta circunstancia de esgotamento no aumento dos elevados valores de avellentamento. Isto ten que ver co modelo de esgotamento demográfico, moitos con valores que se achegan a 1000, circunstancia que se manifesta na Zona 1 do GDR. Pola súa banda, outra serie descubre valores entre 500 e 700, respondendo a posicións máis centrais e con potencialidades físicas e económicas máis diversificadas, entre as que estarían tanto a Zona 2 como a Zona 3. En calquera caso, obsérvase algunha diferenza, xa que a Zona 3A, con 436, representa á vitalidade de Maceda e Allariz, mentres a Zona 3B, con 579 e unha baixada de 17 puntos, representa maiormente o modelo de avellentamento por esgotamento poboacional. As vilas, exceptuando Bande, que acada os 900, son as que presentan os valores máis baixos, sen superar os 500.




Figura B18: Evolución do índice de envelhecimento para o ámbito do GDR Limia Arnoia, as súas zonas e concellos así como as provincias galegas e a circunscrición autonómica. Fonte dos datos: IGE (2022i). Elaboración propia.

A distribución máis pormenorizada, que se pode observar na figura B17, responde ás explicacións dadas e demostra, por unha banda, a boa situación de vilas como Xinzo e Allariz, xunto coas súas áreas próximas, en menor medida no caso de Maceda e Celanova. O resto do territorio entra en claro contraste con elas, especialmente nas áreas máis rurais e afastadas dos principais eixos de comunicación, aínda que tamén presentan sinais deste extremo avellentamento orlas próximas á vila de Bande e concellos da orla das depresións de Maceda e a Limia.

Na perspectiva de xénero cabe indicar que o avellentamento afecta maiormente ás mulleres. É un fenómeno moi evidente nas áreas máis rurais e despoboadas, onde as mulleres dominan e ademais, coa maior esperanza de vida característica do sexo feminino, acaban predominando de maneira abrumadora.




Figura B19: Índice de envelhecimento no GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se inclúen as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².

Concellos	Idade media	Variación 5 anos	Variación 10 anos	Índice de envelhecimento
Allariz	47,0	-0,5	-0,4	20,3
Baltar	56,4	-1,5	-0,6	21,6
Bande	60,1	0,9	3,3	24,6
Baños de Molgas	59,2	0,9	1,9	23,3
Os Blancos	57,6	1,3	3,0	25,5
A Bola	57,5	0,1	1,6	25,5
Calvos de Randín	61,0	0,3	2,2	24,1
Celanova	53,7	1,2	2,5	21,9
Entrimo	57,1	0,7	1,6	25,0
Lobeira	62,8	2,3	2,3	29,4
Lobios	57,3	1,4	2,9	19,8

Maceda	52,1	0,9	1,7	24,3
Muíños	59,7	1,8	3,4	30,7
Porqueira	60,2	1,2	2,1	29,3
Quintela de Leirado	57,9	-1,2	0,5	27,3
Rairiz de Veiga	58,3	1,4	2,2	23,9
Sandiás	55,8	0,2	0,7	25,8
Sarreaus	59,5	0,5	1,4	23,6
Taboadela	53,9	0,7	3,0	21,5
Trasmiras	57,5	0,8	2,3	17,8
Verea	59,5	-1,2	1,2	25,8
Vilar de Barrio	58,9	0,7	2,3	22,0
Vilar de Santos	56,1	1,3	1,8	23,7
Xinzo de Limia	48,4	1,6	2,6	18,4
Xunqueira de Ambía	57,3	0,5	1,8	22,3
GDR	57,0	0,7	1,9	23,9
Provincia	51,0	0,93	2,2	22,6
Galicia	47,7	1,24	2,66	19,6

Táboa B8: Indicadores de envellecemento e idade media coa súa variación no último decenio.
 Fonte: IGE – Indicadores demográficos (IGE. Indicadores de poboación). IGE (2022a).

A evolución da idade media nos últimos 5 e 10 anos en cada un dos concellos deixa moitas irregularidades internas para o conxunto do GDR. O habitual son os números positivos, isto é, un aumento, e que estes constitúan entre o lustro e o decenio derredor dunha duplicación, en ocasións chegando a multiplicar por catro, o que significa un sostemento do aumento da idade media, unha tendencia similar. Existe, iso si, unha diferenza entre os concellos máis montañosos e afastados e os núcleos reitores do territorio. Os primeiros, soen presentar unha aceleración nos últimos cinco anos, unha especie de progresión que supera o valor aritmético e ameaza cun comportamento xeométrico; os segundos presentan unha lixeira deceleración do aumento, que en Allariz se torna inverso, diminuindo a idade media tanto nos últimos 5 como nos últimos 10 anos. Valores estraños son os dos concellos de Baltar e Quintela de Leirado: Baltar presenta unha rexuvenecemento sostido, posiblemente debido a un esgotamento na evolución demográfica cara ó envellecemento, nun período de elevada mortalidade que fai rebaixar, de maneira transitoria, o valor da idade media; Quintela de Leirado presenta un número decenal positivo, de aumento, pero no último lustro transmite un lixeiro rexuvenecemento que puidera ter a explicación no efecto aludido para Baltar. O GDR no conxunto do decenio duplicou o valor de idade media obtido no último lustro do mesmo, demostrando unha evolución uniforme no aumento da idade dos poboadores do territorio analizado.

A parte feminina da poboación presenta, como circunstancia diferencial, unha idade media superior á dos homes, 3,4 anos maior en 2021. Se a dos homes se

atopaba en 55,3 a das mulleres chegaba a 58,7. A tónica invírtese cando se analiza a evolución da idade media nos últimos 20 anos, entre 2022 e 2021, pois a idade media dos homes avanzou en 5 anos mentres que a das mulleres fíxoo so en 4,4 anos. Isto explícase pola chegada das mulleres ao límite das posibilidades que a lonxevidade do ser humano permite ata o momento dentro do modelo demográfico imperante. O progresivo e acelerado avellentamento da poboación feminina pode ter chegado aos seus valores límites, camiño cara o que vai a masculina e que, en gran medida, acadou nestes 20 últimos anos.

Para os territorios con marcado avellentamento resulta interesante aplicar o índice de sobreenvellecemento. Os valores deste índice seguen idéntica tónica que os do de envellecemento, e son similares a outras áreas do sur da provincia ourensán, con datos que oscilan entre os 17,8 de Trasmiras e os 30,7 de Muíños. Isto significa que a proporción de maiores de 84 anos está entre un quinto e case un terzo da que representan os menores 65. É significativa a existencia dun grao de avellentamento extremo, que para o conxunto do GDR representa un 23,9. O habitual é atoparse con valores municipais entre 20 e 26, isto é, que os maiores de 84 anos constitúen un cuarto dos menores de 65.

Son os concellos máis illados e rurais os que novamente aportan datos maiores, como Os Blancos, A Bola, Vereas, Lobeira, Muíños, A Porqueira, Quintela de Leirado e A Bola, que superan o valor de 25, explicando entón por que as zonas máis afectadas son a Zona 1 e a Zona 3B, con valores tamén superiores á anterior cifra. Pola súa parte a Zona 3 é a menos afectada polo sobreenvellecemento, con 22,3, contendo as vilas de Allariz e Maceda, seguida da Zona 2, con 23,2, na que teñen especial peso a vila de Xinzo e o concello de Trasmiras, os de valores máis baixos con 17,8 e 18,4 respectivamente.




Figura B20: Índice de sobreenvellecemento no GDR Limia Arnoia. Fonte dos datos: IGE (2022i).Elaboración propia.

2.1.6. Movements migratorios

Saldo migratorio

A emigración ten, como fenómeno sociolóxico, un factor case exclusivamente económico, presentando un forte e lesivo arraigo en Galicia dende hai séculos. Consecuencia do mesmo quedou unha fonda pegada social e económica na Comunidade, con diversas implicacións no envellecemento da sociedade e a falta de vitalidade no movemento natural da poboación. Segundo os estudos feitos por varios autores, calcúlase que, cando menos, 1 millón de galegos

emigraron entre 1850 e 1930 (Núñez Seixas, 2001). Os movementos a América foron moi importantes ata as primeiras décadas do século XX, pero dende mediados dese século foi Europa a principal receptora, sendo este cambio resultado económico, social e político da Guerra Civil e o mercado empobrecemento sufrido polo país nos dous primeiros dous terzos da centuria. Esta tendencia europea na migración segue a estar activa na actualidade, combinándose con destinos peninsulares, principalmente aos centros urbanos máis desenvolvidos e aos polos turísticos máis masificados. Estes fluxos migratorios déixanse notar con claridade nas pirámides de poboación dos concellos, especialmente os do interior, e tamén en toda a provincia de Ourense. O teito demográfico acadouse nos anos 1940, con crecementos xa débiles que auguraban que o saldo vexetativo non podía compensar o forte volume de saídas. Na segunda parte do último século, ademais dos anteriores destinos aludidos, tivo especial significación a concentración en Ourense e Vigo e, en menor medida, un fluxo interno dende os concellos máis rurais do ámbito de estudo cara ás cabeceiras comarcais. Os fluxos mantivéronse nos anos 1980, década na que Ourense e o seu desenvolvemento industrial e terciario actuou como importante polo de atracción. As saídas suavizáronse bruscamente nos anos 1990 debido a que as saídas diminuíron notablemente e apareceu con forza o fenómeno de retorno (López Bedoya e Freire Boado, 2000a, 2000b, 2000c, 2000d), dinámica positiva que constata Aldrey Vázquez (2013) na primeira década do século XXI.

Os datos que reporta o IGE (2022h) para a última década (2011-2021) permítenos concluír, para o conxunto do GDR Limia Arnoia, como pode observarse na figura B19, unha evolución que parte dun claro predominio da emigración ata 2016 e acada un proceso de consolidación da inmigración nova ou por retorno dende esa data ata a actualidade, cuns dous últimos anos nos que se supera o saldo de 500 residentes asociados a novas chegadas. A nivel comarcal, existe un comportamento similar ó conxunto, bastante homoxéneo a pesares das diferencias socioeconómicas que presentan as distintas circunscricións deste nivel. A táboa 9 aclara esta circunstancia, especialmente nos dous últimos anos, nos que as catro comarcas representativas recollen valores cun peso dentro dun mesmo rango de clase e que parece que, manténdose, segue a súa progresión. A evolución positiva continuada é máis clara no caso da Limia, a Baixa Limia e a Terra de Celanova, mentres que a comarca de Allariz-Maceda constitúe un caso no que o peso inmigratorio é máis antigo.

Os datos xerais agochan unha marcada variabilidade que queda enmascarada pola importancia que adquire o comportamento dos concellos das vilas principais. Estes acollen un volume inmigratorio que contrasta coa importancia do fenómeno da emigración nos concellos máis rurais e de montaña. Certo é que dende a crise da COVID 19 e o cambio nos modos de comprender a habitabilidade ante o efecto da pandemia, mesmo os concellos rurais presentan

saldos positivos. Malia que as vilas seguen presentando maiores números, o peso relativo é maior para os concellos rurais, relativizando a negativa dinámica do movemento natural. Tampouco hai que desbotar que a prolongada emigración esgotara gran parte da man de obra excedentaria e levará a unha nova oferta para persoas non residentes neses concellos, círculo vicioso que se ten dado entre territorios limítrofes en diversos episodios migratorios dende a Idade Moderna.

Así, algunhas circunscricións de gran tradición migratoria acadaron un balance positivo de entre 20 e 50 persoas, destacando Entrimo (+54 en 2020), Lobios (+59 en 2021), Bande (+28 en 2020), Xunqueira de Ambía (+43 en 2021), Lobeira (+28 en 2020 e +33 en 2021), Quintela de Leirado (+27 en 2019 e 2021), Xunqueira de Ambía (+43 en 2021), A Bola (+22 en 2021); mentres en Maceda (+67 en 2020 e +44 en 2021), Allariz (+97 en 2020 e +78 en 2021), Celanova (+25 en 2020 e 2021), Xinzo de Limia (+83 en 2020 e +89 en 2021). Taboadela (+44 en 2020 e +28 en 2021) responde á súa orixinal posición próxima ó eixos industrial e de servizos que xerou o Parque Tecnolóxico de Galicia. En todo caso, trátase de series bastante irregulares a nivel municipal, nas que se a tendencia é parecida á ofrecida polo conxunto do GDR, non segue, salvo nos concellos das vilas, esa evolución tan clara de evolución da tendencia emigratoria á inmigratoria. Algúns municipios, dentro desa irregularidade, especialmente os máis afastados e rurais, seguen presentando valores negativos ata a actualidade. É o caso, para 2021, de Os Blancos (-9), Calvos de Randín (-23) ou Vilar de Barrio (-16); e para 2020, Calvos de Randín (-9) e A Bola (-14). Taboadela actúa como concello marcado pola proximidade do citado eixo de desenvolvemento industrial.




Figura B21: Saldo migratorio no conxunto do territorio do GDR Limia Arnoia entre 2011 e 2021. Elaboración propia. Fonte dos datos: IGE (2022h).

Na súa relación cos territorios dos que forma parte, obsérvase que o GDR ten un comportamento bastante similar ó da provincia de Ourense, cunha curva moi regular na que os valores nos achegan a un balance migratorio nulo ou tendente ó equilibrio, contando cun lixeiro repunte nos últimos anos, logo do descenso que se asociou á crisis centrada na última metade da primeira década do século XX e o inicio da seguinte. Non reflicte, sen embargo, o comportamento galego, no que as grandes vilas e o corredor atlántico en xeral obtiveron un aumento notable da inmigración dende 2015, progresión que, na actualidade, se atopa esgotada xa dende finais da década pasada, nun rebote que parece deberse ós efectos da COVID 19 na economía galega, espello negativo da estatal.




Figura B22: Evolución do saldo migratorio. GDR, Galicia e Provincia. Fonte: IGE – Movements migratorios ([IGE. Saldos migratorios](#)). IGE (2022h).

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2011	4808	2945	518	520	825
2012	1246	850	263	303	-170
2013	-2833	-1128	-85	-634	-986
2014	-2279	-94	-527	-507	-1151
2015	-774	221	294	-668	-621
2016	3025	1492	581	-200	1152
2017	6683	5369	1053	665	-404
2018	12391	6155	1209	1708	3319
2019	17747	8376	1808	2119	5444
2020	14616	5474	2077	2569	4496
2021	14448	6173	1636	2410	4229

GDR Arnoia-Limia		Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Terra de Celanova
2011	-133	73	-35	-85	-144
2012	-355	-23	-105	-127	-222
2013	-288	9	-147	-109	-125
2014	-160	24	11	-163	-89
2015	-386	-58	-91	-167	-205
2016	-76	77	15	-166	-71
2017	31	61	-34	-52	71
2018	280	144	69	-56	282
2019	147	106	2	-27	74
2020	558	215	140	166	145
2021	571	205	142	146	271

Táboa B9: Volume dos saldos migratorios autonómico, provinciais, das comarcas representativas e do ámbito do GDR Limia Arnoia para o período 2011-2021. Fonte dos datos: IGE (2022h).

Concellos	Total	Á mesma provincia	Á outra provincia	A outra CCAA	Ao estranxeiro
Allariz	287	154	43	65	25
Baltar	36	25	4	6	1
Bande	73	44	13	13	3
Baños de Molgas	40	26	5	9	0
Os Blancos	32	18	8	2	4
A Bola	63	42	10	6	5
Calvos de Randín	49	34	4	9	2
Celanova	229	117	38	39	35
Entrimo	46	30	4	10	2
Lobeira	32	15	4	10	3
Lobios	60	29	10	12	9
Maceda	127	76	12	37	2
Muíños	68	45	16	6	1
Porqueira	28	15	6	6	1
Quintela de Leirado	36	20	8	4	4
Rairiz de Veiga	40	29	4	4	3
Sandiás	36	26	3	3	4
Sarreaus	38	26	6	5	1
Taboadela	57	40	6	8	3
Trasmiras	46	28	5	12	1
Verea	37	30	5	2	0
Vilar de Barrio	59	41	4	11	3
Vilar de Santos	30	19	3	5	3
Xinzo de Limia	302	171	48	61	22
Xunqueira de Ambía	61	41	10	9	1
GDR	1.912	1.141	279	354	138

Provincia	12.741	7.005	2.251	2.426	1.059
Galicia	90.445	51.580	12.163	18.180	8.522

Táboa B10: Emigración en Galicia, a provincia de Ourense, o GDR Limia Arnoia e os seus concellos en 2021. Fonte: IGE – Movementos migratorios ([IGE. Emigracións segundo tipo de migración](#)). IGE (2022r).

A emigración existente na provincia é un sexto da galega, demostrando que esta segue moi viva pero que, na actualidade, non se ve reforzada nos territorios de interior e menos urbanizados, senón que é un fenómeno espallado por tódalas condicións xeográficas da Comunidade. Dá testemuña da mesma circunstancia o feito de que a emigración afecte proporcionalmente á poboación nos diferentes concellos sen ter en conta o seu carácter urbano ou central. Así temos que os catro concellos con máis emigración foron os de Xinzo de Limia (302), Allariz (287), Celanova (229), Maceda (127) e Bande (73). A maior parte destas migracións foron á mesma provincia, seguidas doutras provincias galegas e outras comunidades autónomas. Deixáronse atrás, pois, as épocas nas que a emigración ó estranxeiro era a válvula de escape a unha economía pouco desenvolvida e con escasa oferta laboral. De tódolos xeitos, esta circunstancia de falta de oportunidades segue a darse, razón pola cal a emigración permanece a ser intensa, especialmente cara aos polos económicos de Galicia. Non cabe desbotar a importancia da emigración interna, incluso a outras comunidades autónomas, por razóns de estudos, pois a obriga do empadramento na vila de destino para gozar dos servizos da cidade (mesmo por imposicións municipais) deixa a súa pegada nos grupos de idade máis xoves. A emigración cara ao estranxeiro ten certo peso nas tres maiores vilas do GDR.

O GDR presenta uns valores similares nos que destaca a emigración interna dentro da mesma provincia, entendendo que se tratan de movementos no entorno da capital e cara vilas cabeceira de comarca que acollen mellores oportunidades laborais. Tampouco aquí debemos desbotar o citado cambio por estudos.

Concellos	Total	Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra CCAA	Do estranxeiro
Allariz	365	175	43	97	50
Baltar	56	30	6	11	9
Bande	92	32	25	21	14
Baños de Molgas	64	37	6	16	5
Os Blancos	23	15	4	2	2
A Bola	85	32	6	29	18
Calvos de Randín	26	10	1	11	4
Celanova	254	116	36	37	65
Entrimo	62	27	6	20	9
Lobeira	65	33	9	14	9

Lobios	119	69	14	18	18
Maceda	171	85	22	51	13
Muíños	83	52	15	12	4
Porqueira	41	21	7	11	2
Quintela de Leirado	63	13	9	15	26
Rairiz de Veiga	59	28	11	13	7
Sandiás	39	18	1	9	11
Sarreaus	50	23	7	19	1
Taboadela	85	57	13	11	4
Trasmiras	73	48	13	11	1
Verea	83	48	4	13	18
Vilar de Barrio	43	16	3	18	6
Vilar de Santos	41	21	6	11	3
Xinzo de Limia	391	186	37	88	80
Xunqueira de Ambía	104	66	13	19	6
GDR	2.537	1.258	317	577	385
Provincia	15.151	7.005	2.204	3.125	2.817
Galicia	104.893	51.580	12.163	21.431	19.719

Táboa B11: Inmigracións por tipo en 2021 no GDR Limia Arnoia. Fonte: IGE – Movementos migratorios ([IGE. Inmigracións segundo tipo de migración](#)). IGE (2022r).

O dominio da inmigración na provincia atende principalmente a retornados, tanto no referido a persoas residentes no estranxeiro que rematan a súa vida laboral como a aqueles que retornan como estratexia para levar unha vida diferente a partires das oportunidades endóxeas que se lle presumen ó territorio. Pero máis alá desta tendencia xeral que se manifesta de maneira parecida e proporcional tanto nos concellos máis rurais como nos que posúen vilas de certa talla, existe unha concentración maior das inmigracións nas vilas, que actúan como pequenos polos onde florecen algúns sectores produtivos e se concentran os empregos na administración.

En efecto, Allariz, Xinzo ou Celanova teñen un saldo migratorio claramente positivo e isto é debido á concentración de capitais e oportunidades nas mesmas. Xa que domina a inmigración interna dentro da mesma provincia, parece indicar a existencia de movementos internos no GDR, de migración intermunicipal, cara estes enclaves económicos.

No referido á inmigración dende o estranxeiro, malia ser superior en valores absolutos nos concellos das vilas reitoras, non o é no referido a valores relativos, existindo evidencias sensíbles de retorno de exiliados laborais a concellos rurais, por exemplo, os casos de Quintela de Leirado, Verea e A Bola. A idea vese reforzada de analizarse os valores dos inmigrados dende outras comunidades autónomas, aportando tamén sumas importantes en concellos pouco dinámicos dende o punto de vista empresarial. Resulta orixinal o caso de Lobios,

excepcionalmente alto (119 inmigrantes), que pode representar un reflexo do pulo turístico e doutras iniciativas aproveitando a vía de comunicación internacional e os recursos naturais endóxeos.

Os valores de conxunto do GDR conclúen que a metade dos inmigrantes proveñen da propia provincia, sendo superior a procedencia do estranxeiro que a doutras provincias galegas, non así dos chegados doutras comunidades autónomas, o que indica a importancia do fenómeno de retorno.




Figura B23. Poboación nacida no seu propio concello no GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km² e están expresados en porcentaxe.




Figura B24. Poboación nacida noutros concellos de Galicia no GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km² e están expresados en porcentaxe.




Figura B25. Poboación nacida noutras comunidades autónomas no GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km² e están expresados en porcentaxe.




Figura B26. Poboación estranxeira no GDR Limia Arnoia. (IGE, 2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km^2 e están expresados en porcentaxe.

Os anteriores catro mapas reforzan as ideas expostas con anterioridade, permitindo observar a distribución dos fenómenos aludidos ó longo do territorio de Limia-Arnoia. Non se pretende redundar textualmente no xa apuntado, senón fortalecer a idea de que os fenómenos migratorios, especialmente a inmigración, malia influír sobre todos os concellos de maneira sensible, presentan matices nas distintas áreas en función das potencialidades laborais, a centralidade e as posibilidades de comunicación co exterior da comarca que presentan as distintas partes do GDR.

Observando a cantidade de persoas que naceron no concello no que residen, evidénciase un fenómeno estendido, de menor concentración que o que mostran as distintas clases de inmigrados. Claro está que a autoctonía afecta maiormente aos concellos rurais e menos centrais, diminuindo claramente tanto nas vilas como nas súas áreas próximas, especialmente as que enlazan cos eixos marcados polas principais vías de comunicación. Tamén se evidencia unha

menor permanencia no lugar de nacemento na orla setentrional do GDR debido á proximidade da cidade de Ourense e o súa proxección empresarial cara ao suroeste, factor que fixa poboación de diferentes procedencias.

Malia que a inmigración dende outros países presenta unha concentración nas vilas, tanto por retorno como por mellores potencialidades no caso de querer retomar ou comezar proxectos laborais, trátase dun fenómeno que parece estenderse por toda a zona de maior potencialidade agraria, o que podería ter unha razón profesional. En todo caso é tamén un fenómeno que ten unha marcada dispersión por todo o ámbito de estudo, cun maior peso na Baixa Limia (polo tanto na Zona 1), derivado dun proceso de retorno de exilios prolongados. Coa mesma tendencia observamos o mapa que distribúe os nados noutras comunidades autónomas. Por último, a cartografía que presenta a distribución dos nados noutros concellos galegos xa transmite un patrón diferente, de maior concentración nos polos económicos, nas vilas con maior pulo e as súas proximidades, delatando balances migratorios positivos dentro do GDR e chegadas dende concellos limítrofes.

No referente ás zonas, estas seguen unha tendencia marcada por casos concretos. Por exemplo, as zonas 3a e 3b vense moi influenciadas pola proximidade de Ourense e a *Tecnópolis*, ademais da singularidade dunha tricefalia (conxunto da Zona 3) representada por Allariz, Celanova e Maceda. Reflexa, principalmente, a importancia da descentralización residencial ourensán e dos movementos pendulares diarios por traballo.

Pola contra, a Zona 1, dominada por concellos rurais e montañosos, ofrece un dominio de poboación residente nacida no propio concello, só modificada pola incidencia dos retornos no entorno Lobios-Entrimo. O mesmo comportamento pode observarse na Zona 2, en especial no sur da mesma, mentres a depresión da Limia e, sobre todo Xinzo, evidencia certo peso do retorno internacional e doutras comunidades, ademais de amosarse como polo de atracción de inmigración doutros concellos pola importancia económica da vila e da agricultura da chaira.

B.2.2. Nivel de instrución

O nivel de instrución é unha variable fundamental para recoñecer a potencialidade dun territorio de cara á súa adaptación aos paradigmas económicos imperantes. Tamén resulta útil o seu coñecemento para propoñer, con garantías de repercusión endóxena, estratexias e políticas de desenvolvemento socioeconómico audaces e efectivas para o territorio e os seus habitantes. Asemade, ten influencia nas estratexias educativas, na xeración de novos sectores de formación profesional e explica as eivas do sistema nas décadas previas. En territorios non centrais, sen grandes centros urbanos, envellecidos, ten especial peso a historia educativa e socioeconómica do territorio, tanto máis de ter en conta os profundos procesos emigratorios

derivados da falta de formación e oportunidades, inda por riba afondados pola ruralidade e o fundamento primario e pouco tecnificado da economía.

Os problemas de mostraxe nas bases de datos impiden facer un estudo exhaustivo utilizando unha soa fonte. De ser así, quedan algúns concellos fóra das valoracións e, polo tanto, os datos de conxunto do GDR quedan degradados, pois os valores medios e porcentuais vense claramente afectados. É o que ocorre cando se utiliza como fonte o Instituto Nacional de Estadística. A imposibilidade de igualar a 0 os valores con poucas observacións na mostra, que dan un alto erro na mostraxe, transmítese ó resto dos datos de conxunto para o GDR. De ser así, os comentarios dependen tamén deste problema de inconsistencia mostral en parte do territorio.

Ante esta problemática procedeuse entón a utilizar fontes complementarias que supliran eses baleiros de cifras (IGE). O problema non puido ser solventado para o nivel de estudos denominado “de terceiro grao” nos concellos de Baltar, Baños de Molgas, A Bola, Calvos de Randín, Muíños, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sarreaus, Trasmiras e Vereia, polo que as aludidas valoracións quedan en entredito.

Tamén se atopou o problema de que non se diferencia, nas bases referidas, entre os analfabetos e os que non posúen estudos primarios, cualidades ben diferentes porque a capacidade de comprensión, o traballo e a relación socioeconómica e participativa na comunidade son ben distintas. Existen persoas que aprenderon a ler grazas a veciños, fillos ou axudas particulares e que non aparecen reflectidos nas estatísticas. Por último, as fontes non aportan datos por sexo, non podendo dar testemuña destas diferenzas que, con seguridade, afectan bastante nos grupos de idade de adultos e anciáns.

Tendo en conta estes problemas, os datos que nos ofrece esta unificación de fontes para os criterios sinalados leva a concluír que a porcentaxe das persoas pouco instruídas semella excesivo. O GDR presenta case un 23% de persoas nos niveis máis baixos, o que vén a ser case que unha de cada catro persoas maiores de 16 anos, e esta situación non se circunscribe só a esta área, senón a todo o territorio galego. A reunificación das dúas categorías esconde a realidade interna do grupo, e resulta conveniente pensar que a maior parte dese grupo pertence á categoría “sen estudos” e non á de “analfabeta”. O caso é que o número de persoas nesta situación supera o valor de 11. Tanto máis se reparamos en Calvos de Randín, Quintela de Leirado e Sarreaus, que conteñen entre 35% e o 40% de persoas en tal tesitura, o que quere dicir que máis dun terzo das mesmas ten graves problemas de formación.

Como cabería agardar, son as vilas as que presentan porcentaxes máis baixas de persoas menos instruídas, derredor do 10 %, e máis altas das máis instruídas, que tamén presentan valores similares próximos a ese 10%. As persoas que teñen rematada a ensinanza secundaria son, en todo caso, os que maiores volumes acadan na maioría dos concellos, con valores moi elevados nas vilas,

pero non en todos, xa que en Calvos de Randín, Quintela de Leirado, Sarreaus e Vilar de Barrio os “sen estudos” son a categoría máis numerosa.

A comparación entre o GDR, a provincia e Galicia leva a unha situación lesiva para o territorio de estudo pois, os “sen estudos”, superan en 7 puntos á circunscrición provincial e en 10 á autonómica. O GDR tamén supera a estas na cantidade de persoas que se quedan nos estudos primarios, pero non así xa nos referidos á ensinanza secundaria, sendo especialmente significativo o feito de que os universitarios non son nin a metade dos que presentan as escalas provincial e rexional, con tan só un 6,8%.

Os valores por xénero evidencian unha especialmente dramática situación para as mulleres dos grupos de idade máis avanzados. Acolidas a unhas circunstancias persoais e sociais especialmente restritivas, durante décadas tiveron un acceso moi inferior á formación, case sempre quedando na ensinanza primaria, moitas veces sen rematar, algo evidente nos grupos de idade máis avanzada.

Todo isto conclúe que se trata dun territorio con grave déficit de formación nos seus residentes, especialmente nos concellos con maior e máis prolongada emigración, pois as persoas con cualificación son as que máis facilmente promocionan a territorios máis desenvolvidos. É necesario subliñar a situación de varias xeracións de mulleres, afastadas do proceso de formación primaria, profesional e superior, circunstancia merecedora de programas específicos de incorporación a alternativas formadoras para mellorar a súa situación. Todo isto pon en grave perigo o feito de que as iniciativas empresariais e as estratexias socioeconómicas de desenvolvemento do territorio beneficien directamente á poboación dende o punto de vista laboral. Podería dicirse que esta situación pode incluso facer esmorecer as potencialidades endóxeas do territorio e as políticas de promoción de emprego en sectores paradigmáticos.




Figura B27: Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. GDR - Provincia – Galicia. IGE – Censos de poboación e vivendas. Educación (IGE. [Poboación en vivendas familiares segundo o nivel de estudos](#)). Fonte primaria: INE. Censo de poboación y viviendas 2011. Fonte secundaria: IGE a partir dos ficheiros

proporcionados polo INE. (19-10-2016). Para cubrir lagoas nos datos, engadiuse a poboación menor de 16 anos ofrecida a nivel municipal polo IGE en 2011 (IGE, 2022p). Elaboración propia.

Concellos	Analfabetos e sen estudos		Primeiro Grao		Segundo Grao		Terceiro Grao		Non aplicable (menores de 16 anos)	
	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M
Allariz	673	11,3	718	13,8	3.050	58,6	763	14,7	730	12,3
Baltar	265	25,5	378	37,6	327	32,5	*	*	32	3,1
Bande	520	27,3	341	18,8	796	43,9	158	8,7	92	4,8
Baños de Molgas	395	22,5	474	28,2	771	45,9	*	*	73	4,2
Os Blancos	294	29,5	245	25,9	356	37,6	51	5,4	51	5,1
A Bola	447	32,0	246	18,8	514	39,2	*	*	87	6,2
Calvos de Randín	371	34,8	323	31,2	333	32,1	*	*	29	2,7
Celanova	626	10,9	1.210	23,3	2.680	51,6	680	13,1	570	9,9
Entrimo	422	31,6	216	17,2	569	45,3	50	4,0	78	5,8
Lobeira	217	23,7	236	26,4	387	43,3	66	7,4	23	2,5
Lobios	366	17,5	711	36,2	778	39,6	109	5,6	134	6,4
Maceda	569	18,7	644	23,4	1.340	48,7	197	7,2	301	9,9
Muíños	484	27,9	555	34,1	506	31,1	*	*	110	6,3
Porqueira	325	32,6	195	20,4	382	40,0	*	*	43	4,3
Quintela de Leirado	266	37,1	171	25,4	183	27,2	*	*	45	6,3
Rairiz de Veiga	378	24,1	253	17,1	780	52,6	*	*	86	5,5
Sandiás	345	25,7	332	26,3	464	36,7	123	9,7	80	6,0
Sarreaus	552	39,4	301	22,6	466	34,9	*	*	66	4,7
Taboadela	286	17,5	272	18,2	808	54,2	125	8,4	147	9,0
Trasmiras	430	28,1	398	27,7	563	39,2	*	*	90	5,9
Verea	288	24,8	317	28,8	479	43,5	*	*	57	4,9
Vilar de Barrio	547	34,8	322	21,6	510	34,1	115	7,7	78	5,0
Vilar de Santos	261	28,3	192	22,4	334	38,9	84	9,8	62	6,7
Xinzo de Limia	1.497	14,5	1.706	19,0	5.029	56,1	735	8,2	1.322	12,8
Xunqueira de Ambía	433	26,1	438	28,0	605	38,6	89	5,7	91	5,5
GDR	11.257	22,8	11.194	22,7	23.010	46,7	3.345	6,8	4.477	8,3
Provincia	45.538	15,6	58.575	20,1	148.025	51,1	38.485	13,2	33.778	10,4
Galicia	313.809	13,0	410.098	17,0	1.304.126	54,1	383.431	15,9	348.425	12,6

Táboa B12: Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos. IGE – Censos de poboación e vivendas. Educación (IGE. [Poboación en vivendas familiares segundo o nivel de estudos](#)). Fonte primaria: INE. Censo de poboación y viviendas 2011. Fonte secundaria: IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE. (19-10-2016). Para cubrir lagoas nos datos, engadiuse a poboación menor de 16 anos ofrecida a nivel municipal polo IGE en 2011 (IGE, 2022p).

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe. (19-10-2016).

B.2.3. Indicadores de calidade de vida

Se ben a calidade de vida non debe analizarse só dende variables económicas e de renda, trátase do tipo de índices con maior tradición na análise socioeconómica, os que con maior facilidade se obteñen das estatísticas oficiais, e os que ofrecen valores cuantitativos de mellor comparanza a nivel municipal ou a outros niveis de división administrativa.

Unha das evidencias que amosan os datos é a da variabilidade interna na renda dispoñible bruta por habitante, cunha ampla forza que varía dende os 8.762 euros de Quintela de Leirado, que ameaza á baixa atendendo ós valores dos últimos cinco anos, e os 14.742 de Allariz e 14.203 de Xinzo, claros destacados neste aspecto. Trátase pois dunha diferenza que acada o 40%, desequilibrio que se deriva da dependencia e as potencialidades laborais dos distintos concellos, nas que inflúe tanto a centralidade como o avellentamento da poboación. Inda por riba, o conxunto do GDR xa presenta unha notable diferenza á baixa respecto da provincial e autonómica, que a superan en máis de 3.000 e case 5.000 euros respectivamente, isto é, un 30% superior. De comparar a media galega e o xa mencionado concello con menos renda, a autonómica excede nun 45% á de Quintela.

Parellos a estes valores van os que reporta o Indicador Municipal de renda, que tomando como 100 o valor galego, devolve resultados centesimais para todos os concellos agás Allariz (0,21), Celanova (0,18) e Xinzo de Limia (0,31), demostrando non só a concentración da actividade económica nestas tres vilas, senón un escaso poder económico no GDR a escala provincial e autonómica. De feito, este constitúe só o 1,4% do galego e o 13% do da provincia.

A variación da renda dispoñible bruta por habitante nos últimos 5 anos, é dicir, entre 2014 e 2019, ano este que da os datos máis actualizados en Galicia, é positiva pero baixa, salvo, positivamente, en Taboadela (pola proximidade á capital e o Parque Tecnolóxico de Galicia), pero sempre por debaixo da galega. Sen embargo, posiblemente polas mesmas razóns e pola potencialidade nas comunicacións, respecto da provincia son varios os concellos que presentan aumentos significativos, por riba da media (Taboadela, Trasmiras, Vilar de Santos, Trasmiras, Allariz, Xinzo). A tendencia, en todo caso, non é tan positiva, pois as circunscricións máis afastadas e rurais presentan valores moi baixos, como Baltar, Lobeira, Muíños, Porqueira, Quintela de Leirado, que non acadan os 10.000 euros; ou incluso, nalgúns casos, reflicten retrocesos, valores negativos nos últimos 5 anos, como é o caso de Sandiás e Quintela de Leirado; nulos, como Baltar; e por debaixo dos 1.000 euros de aumento, sendo o caso de Baños de Molgas, Lobeira, Muíños e Vereja. O comportamento é bastante irregular e alcanza a algunhas circunscricións que deberían presentar valores superiores por atoparse localizados cerca dos principais polos ou eixos de actividade, como é o caso do xa citado concello de Baños de Molgas.

O produto interior bruto *per cápita* redunda nas mesmas circunstancias numéricas e nunha similar explicación, con grandes diferenzas que ás veces chegan a duplicar entre distintos concellos no seo do GDR, en concreto, os que non acadan os 10.000 euros, A Bola e Calvos de Randín, fronte ós que superan os 20.000 euros, como Sarreaus e Vilar de Santos. Estes últimos chegan á media provincial e se achegaa á galega. A media do GDR, de 14.558 euros, representa unha tendencia central que agocha unha dispersión elevada e, coas discordancias municipais entre esta e a renda dispoñible bruta, denuncia unha escasa rendibilidade endóxena da produtividade potencial que radica nos recursos internos.

Concellos	Renda dispoñible bruta por habitante (2019)	Variación 5 anos	Indicador Municipal da renda (Galicia=100) 2019	PIBpc (2018)
Allariz	14.742	2.341	0,21	14.373
Baltar	9.437	0	0,02	14.730
Bande	11.877	1.605	0,04	17.455
Baños de Molgas	11.277	906	0,04	12.064
Os Blancos	10.055	1.726	0,02	15.252
A Bola	10.270	1.850	0,03	8.693
Calvos de Randín	10.341	2.019	0,02	9.588
Celanova	13.559	1.624	0,18	14.833
Entrimo	10.516	1.934	0,03	12.055
Lobeira	9.021	88	0,02	12.201
Lobios	10.934	1.356	0,05	17.520
Maceda	12.718	1.531	0,09	19.591
Muíños	8.940	710	0,03	13.918
Porqueira	9.418	1.395	0,02	12.486
Quintela de Leirado	8.762	-509	0,01	9.730
Rairiz de Veiga	10.951	1.600	0,03	12.915
Sandiás	10.408	-29	0,03	17.719
Sarreaus	10.444	1.708	0,03	20.999
Taboadela	13.416	2.569	0,05	14.176
Trasmiras	11.651	2.399	0,03	13.261
Verea	10.261	674	0,02	14.488
Vilar de Barrio	10.616	1.049	0,03	10.584
Vilar de Santos	11.427	2.160	0,02	20.705
Xinzo de Limia	14.203	2.462	0,31	18.965
Xunqueira de Ambía	12.468	1.506	0,04	15.645
GDR	11.108	1.387	1,41	14.558

Provincia	14.564	2.024	10,45	20.672
Galicia	15.863	2.489	100	23.031

Táboa B13: : Indicadores de renda por municipio no ámbito do GRD, a provincia de Ourense e Galicia. Fonte: IGE – Renda dos fogares municipal ([IGE - Renda municipal do sector fogares](#)) e IGE – PIB municipal ([IGE - Produto interior bruto municipal](#)) (IGE, 2022u); IGE (2022v).

Na evolución da renda bruta dispoñible por habitante no último quinquenio con datos a disposición para a análise, é dicir, 2014-2019 (Figura B26) destaca o incremento de Taboadela, favorecido pola súa localización como eixo residencial próximo á cidade e ás áreas empresariais. A media do GDR (1.387 euros) agocha unha sensible irregularidade na serie, xa que a maioría dos concellos se atopan por riba desa media, sendo os valores extremos inferiores os que fan necesario matizar o parámetro, sendo necesario tomar entón outro de tendencia central, como a mediana, nesta caso máis representativa co valor de 1.600 (Rairiz de Veiga).




Figura B28: Evolución da renda dispoñible bruta por habitante entre 2014 e 2019 no GDR, os seus concellos, a provincia de Ourense e Galicia. Renda dos fogares municipal ([IGE - Renda municipal do sector fogares](#)). (IGE, 2022u). Elaboración propia.

B.2.4. Mercado de traballo

Son numerosos os factores que inflúen no emprego e as posibilidades laborais que ofrece un determinado territorio. Entre os principais podemos citar a dinámica demográfica, as políticas de emprego público, o descubrimento de novas potencialidades no medio, o potencial de atracción que presenta ese espazo para a inversión privada e, por suposto, a propia vontade da poboación, que pode chegar a explicar a toma de decisións profesionais e laborais desde o punto de vista sociolóxico. En todo caso, para calquera espazo, existe sempre potencialmente algúns factores comúns que actúan como limitadores ante calquera iniciativa de revitalización económica por parte da administración. Son exemplos diso a falla de oportunidades profesionais, a emigración ou concentración de capitais e de oportunidades laborais nas áreas urbanas. No caso concreto dos espazos rurais, incluíndo as súas vilas comarcais reitoras, as cales ás veces presentan certo tamaño, sofren a incesante fuga das clases activas cara as urbes, perdendo unha parte importante das iniciativas empresariais que foron fundadas por capital endógeno ou estranxeiro.

A ruptura destas circularidades pode tentarse mediante unha capacitación profesional, a constante promoción da innovación, e cun apoio institucional en sectores clave, que debe estenderse ata as iniciativas empresariais que xeren riqueza local. Neste contexto, resulta de gran interese o traballo feito no marco dos GDR na identificación de oportunidades de desenvolvemento, e na súa potenciación a través do investimento de fondos públicos en proxectos innovadores.

Para achegarnos á realidade da estrutura do emprego e do mercado de traballo existen distintas posibilidades entre as que destacamos a análise do paro, tanto xeral como por sectores, e tamén o da afiliación laboral por sectores de actividade, ademais de ter interese utilizar o concepto de autocontención laboral. Establecer unha relación entre a estrutura sectorial do paro e das afiliacións axuda igualmente a valorar a saúde e distribución territorial da oferta laboral.

B. 2.4.1. O Ritmo de contratos e o paro no GDR

O ritmo de contratos

As variables que se tratan neste subapartado dan unha idea do dinamismo laboral, da realidade acerca da creación ou destrución de emprego e da importancia do volume de persoas sen traballo e en situación de paro laboral na área de estudo. Para analizar o ritmo co que se crea traballo podemos apoiarnos na media mensual ó longo do último ano para o que existen datos, entre outubro de 2018 e outubro de 2019 (Táboa B14).

Os contratos realizados no GDR constituíron tan só o 1% (708 contratos) dos feitos en Galicia e o 12,6% da Provincia. Poden parecer valores moi baixos, e de feito o son, pero hai que ter en conta que todo o espazo interior e rural de Galicia se atopa en circunstancias parecidas, residindo nas áreas urbanas das principais cidades o potencial construtor de emprego da Comunidade. Reproducindo a

outra escala a natureza concentrada das contratacións naqueles polos que atesouran o poder económico e as maiores e mellores posibilidades laborais nos sectores máis potentes, especialmente o de servizos, son as vilas de Xinzo (24,5), Allariz (16,5) e Celanova (16,6) as que atesouran o volume de contratos con case un 60% do total. Os outros 20 concellos so aportan unha media mensual, para este último ano, que non acada o 5% en ningún caso agás Maceda, que se atopa no límite (5,4), e moitos deses concellos non acadan o 2%, o que significa que non se superan os 14 contratos mensuais en cada unha destas circunscricións.

No GDR, case que as tres cuartas partes dos contratos pertencen ó sector servizos, gran fornecedor do traballo non só neste territorio senón tamén na provincia e en Galicia, ámbitos nos que presenta incluso valores superiores. Iso significa que estamos nun espazo no que os outros sectores, comparativamente con circunscricións superiores, seguen a manter un certo peso malia que os valores parezan e sexan baixos.

Dentro do GDR existen notables diferencias, as cales teñen que ver non só coa dualidade urbano / non urbano, senón tamén coas potencialidades físicas, especialmente coas de tipo agrario. Por exemplo, os concellos que teñen parte ou todo o seu territorio no ámbito da depresión da Limia posúen uns valores moi superiores, neste sector primario, a outros concellos montañosos e mesmo ó conxunto provincial, autonómico e do GDR. Neles, por exemplo Trasmiras, Sarreaus, Vilar de Santos e Xinzo, supérase o 10% mentres no conxunto do GDR son o 6,6%. En principio a ruralidade, a dependencia do monte, da produción silvícola e da gandería, debería aportar valores tamén importantes nalgúns concellos con superficies achaiadas elevadas, e cómprese no caso de Quintela de Leirado, que presenta o valor máis elevado de todo o GDR (16,9%) e Baltar (14,2%), mesmo Os Blancos (12,2%), pero existen outros concellos nos que o abandono do campo é xeneralizado e o sector servizos básico presenta valores altísimos, non existindo industria. É o caso de A Bola, Lobeira, ou Bande, con cifras mínimas na xeración de emprego no sector primario.

Existen excepcións a unha forte especialización terciaria, como dixemos, non baseada nunha estrutura complexa do sector, senón no subdesenvolvemento dunha estrutura produtiva diversificada ou en circunstancias moi puntuais de grandes empresas instaladas neses territorios. Por exemplo, Taboadela presenta unha composición moi orixinal debido á súa localización próxima ó polo tecnolóxico ourensán, cun 34% das contratacións no sector industrial, e un 8,5% na construción. Allariz e Maceda son tamén concellos con importancia no sector secundario, con máis do 20% das contratacións, ó que hai que sumar o que media entre eles, Baños de Molgas (20%), municipios que teñen unha dinámica complementaria e xunguida por un eixo de desenvolvemento antigo e moi relacionado á súa vez coa vía de alta capacidade do sur de Galicia.

O sector servizos, como dixemos, é o dominador nas contratacións, existindo dous tipos de realidades: por unha banda a dinámica comercial das principais vilas, sumando aos servizos básicos e aos administrativos os de especialización, sendo o caso das vilas reitoras do territorio; e, por outra banda, aqueles concellos con moi escaso dinamismo, nos que o abandono do campo e a falla de iniciativas empresariais dan un peso notable ós servizos básicos e asistenciais. Entre os primeiros é especialmente significativo o caso de Celanova; nestes últimos son claros os de Entrimo, A Bola e Calvos de Randín. Fronte a estes últimos, cabe destacar que as vilas, polo certo peso da industria e a construción, ven reducidos os seus valores terciarios ata achegarse só a un 70%.

Concellos	Total		Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos	
	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M	Total	%M
Allariz	117,1	16,5	2,2	1,9	24,8	21,1	3,5	3,0	86,7	74,0
Baltar	10,6	1,5	1,5	14,2	0,5	4,7	0,4	3,9	8,2	77,2
Bande	22,1	3,1	0,9	4,2	2,7	12,1	1,0	4,5	17,5	79,2
Baños de Molgas	13,8	2,0	1,3	9,0	2,8	19,9	1,3	9,6	8,5	61,4
Os Blancos	10,3	1,5	1,3	12,2	0,9	8,9	0,8	7,3	7,3	71,5
A Bola	16,2	2,3	0,1	0,5	2,4	14,9	0,6	3,6	13,1	80,9
Calvos de Randín	5,1	0,7	0,3	6,6	0,3	6,6	0,3	4,9	4,2	82,0
Celanova	117,6	16,6	5,7	4,8	14,2	12,0	4,0	3,4	93,8	79,7
Entrimo	14,5	2,1	0,4	2,9	1,8	12,1	0,3	2,3	12,0	82,8
Lobeira	3,8	0,5	0,0	0,0	0,7	17,4	0,4	10,9	2,8	71,7
Lobios	18,4	2,6	1,3	7,2	1,2	6,3	1,1	5,9	14,8	80,5
Maceda	38,3	5,4	2,2	5,7	8,5	22,2	1,5	3,9	26,2	68,3
Muíños	12,3	1,7	0,9	7,4	1,3	10,8	0,6	4,7	9,5	77,0
Porqueira	10,1	1,4	0,5	5,0	1,7	16,5	0,4	4,1	7,5	74,4
Quintela de Leirado	6,9	1,0	1,2	16,9	0,5	7,2	0,2	2,4	5,1	73,5
Rairiz de Veiga	12,8	1,8	0,3	2,0	2,3	17,6	1,6	12,4	8,7	68,0
Sandiás	12,3	1,7	1,2	9,5	2,9	23,8	0,6	4,8	7,6	61,9
Sarreaus	5,1	0,7	0,8	14,8	0,5	9,8	0,3	4,9	3,6	70,5
Taboadela	21,4	3,0	0,5	2,3	7,3	33,9	1,8	8,6	11,8	55,3
Trasmiras	12,1	1,7	1,3	10,3	0,9	7,6	0,6	4,8	9,3	77,2
Verea	12,1	1,7	0,9	7,6	1,3	11,0	0,5	4,1	9,3	77,2
Vilar de Barrio	13,3	1,9	0,9	6,9	1,1	8,1	0,8	6,3	10,5	78,8

Vilar de Santos	10,5	1,5	1,1	10,3	1,3	12,7	0,3	2,4	7,8	74,6
Xinzo de Limia	173,6	24,5	21,2	12,2	23,8	13,7	5,8	3,3	122,8	70,8
Xunqueira de Ambía	17,7	2,5	0,7	3,8	2,0	11,3	1,1	6,1	13,9	78,8
GDR	708	12,6 / 1,0	48,3	6,8	107,5	15,2	29,6	4,2	522,4	73,8
Provincia	5637	8,1	221	3,9	960	17,0	204	3,6	4253	75,7
Galicia	69.392	100,0	2454	3,5	11155	16,1	2385	3,4	53398	77,0

Táboa B14: Contratos iniciais segundo xénero, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador no GDR, os seus concellos, Galicia e a provincia de Ourense. Fonte: IGE – Contratos As cores indican a dependencia porcentual respecto do territorio superior, indicando o azul a comunidade autónoma, o vermello a provincia de Ourense, o verde o total do GDR e o negro referido a cada concello. (IGE, 2022w)

O Paro

Diante da anterior información sobre os contratos, o paro aporta outro complemento, en ocasións reforzando a explicación á estrutura produtiva comarcal, noutras dando idea de herdanzas laborais do pasado que deben ser mudadas ou deben promoverse nun novo paradigma económico. O volume de parados no GDR constitúe o 15% da provincia e case o 2% do total autonómico, aínda que son datos pouco significativos se non se comparan con outros territorios de similares características demográficas e xeográficas, circunstancia que non se pode acadar mediante a comparativa de comarcas, pois estamos ante un territorio supracomarcal a nivel estatístico.

Como era de agardar, o paro afecta profundamente ó territorio do GDR, e o fai en termos proporcionalmente parecidos para toda a súa extensión, cunha relación bastante estreita entre o número de habitantes e o de parados. Deste xeito, as vilas, e estas por orde segundo o *ranking* por poboación residente, son as que acollen a maioría dos parados, chegando ó 50% (máis de 1.250 persoas) entre as tres principais. Xinzo acolle un cuarto dos parados do GDR, cifra que tamén suman entre Celanova (14,3%) e Allariz (10,6%). Ségueas Maceda (6,9%) e, de lonxe, o resto, entre as que só Lobios (3,2%) supera o 3%.

O paro entre os máis novos (menores de 25 anos) ten unha irregularidade interna municipal moi elevada e, aínda que hai concellos nos que os valores porcentuais están entre o 5 % e o 10 % (Maceda, Quintela de Leirado, Sandiás e Xinzo de Limia) o máis frecuente é que este sexa practicamente nulo, debido a que actualmente a época de formación e estudos é máis longa. A isto hai que engadir o facto do envellecemento da poboación, que deixa moi escuálidos os grupos quinquenais afectados. Así, ata 18 dos 25 concellos teñen 2 ou menos parados menores de 25 anos.

Pola contra, o paro máis prolongado si que é unha categoría con forte implantación no GDR. Os parados nesta condición superan o 40% do total en 21 dos 25 concellos, e evidentemente no propio GDR (48,9%), un valor que se atopa algo por riba pero moi próximo aos das circunscricións provincial e autonómica. A Bola, Baltar, Baños de Molgas, Quintela de Leirado e Sarreaus sofren unha situación moi negativa ó superar o 60% do total os parados que prolongan a súa situación máis alá dun ano. Esta circunstancia fala dun mercado laboral que provoca un paro tendente a estrutural, unha debilidade que pode deberse a un problema de formación ou á perda do dinamismo de determinados sectores produtivos con tradición nesta zona de Galicia.

Concellos	Parados		Parados menores de 25 anos		Máis dun ano en paro	
	Total	%M	Total	%M	Total	%M
Allariz	270	10,6	4	1,5	120	44,4
Baltar	38	1,5	1	2,6	23	60,5
Bande	69	2,7	2	2,9	32	46,4
Baños de Molgas	57	2,2	1	1,8	38	66,7
Os Blancos	46	1,8	2	4,3	21	45,7
A Bola	72	2,8	1	1,4	47	65,3
Calvos de Randín	20	0,8	0	0,0	10	50,0
Celanova	364	14,3	18	4,9	194	53,3
Entrimo	64	2,5	2	3,1	35	54,7
Lobeira	24	0,9	0	0,0	7	29,2
Lobios	81	3,2	3	3,7	33	40,7
Maceda	176	6,9	14	8,0	76	43,2
Muíños	56	2,2	2	3,6	27	48,2
Porqueira	34	1,3	0	0,0	15	44,1
Quintela de Leirado	40	1,6	3	7,5	24	60,0
Rairiz de Veiga	60	2,4	2	3,3	27	45,0
Sandiás	54	2,1	4	7,4	18	33,3
Sarreaus	40	1,6	1	2,5	25	62,5
Taboadela	67	2,6	0	0,0	28	41,8
Trasmiras	64	2,5	1	1,6	32	50,0
Verea	39	1,5	1	2,6	15	38,5
Vilar de Barrio	50	2,0	1	2,0	21	42,0
Vilar de Santos	43	1,7	2	4,7	12	27,9
Xinzo de Limia	648	25,5	47	7,3	333	51,4
Xunqueira de Ambía	70	2,7	2	2,9	32	45,7
GDR	2546	15,1 / 1,8	114	4,5	1245	48,9
Provincia	16.840	11,7	753	4,5	7.934	47,1
Galicia	143.720	100	5.804	4,0	67.304	46,8

Táboa B15: Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda. Fonte: IGE – Demandas de emprego. O paro rexistrado refírese á situación de outubro de 2022. As cores indican a dependencia porcentual respecto do territorio superior, indicando o azul a comunidade autónoma, o vermello a provincia de Ourense, o verde o total do GDR e o negro referido a cada concello. (IGE 2022x).

Se analizamos o paro por sectores de actividade observaremos que este afecta de maneira similar a todos eles, concordando ás veces cos pesos dos mesmos nos datos de contratación e nos de afiliacións á seguridade social, o que fala dun mercado inestable, sen fortaleza prolongada en ningún dos sectores. Este desaxuste sectorial necesita dun estudo profundo do mercado como base para redirixir a formación e a orientación laboral dentro do GDR, sendo aconsellable que estas políticas de formación e emprego se planifiquen a medio e longo prazo en función da saúde e perspectivas dos diferentes ramos empresariais. Parece que a especialización terciaria non minimiza os efectos negativos da coxunturalidade laboral, e os parados neste subsector constitúen aproximadamente a metade do total. En efecto, se comparamos contratacións e paro, demóstrase unha vitalidade non só na creación senón na destrución de emprego sectorial, con valores que non outorgan confianza, nunha pauta moi similar á da provincia de Ourense e Galicia. Posiblemente a estacionalidade no sector da hostalaría e do turismo teñen moito que ver nas cifras finais comparadas.

Concellos	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Allariz	201	3	57	31	86	25
Baltar	81	6	7	16	45	8
Bande	124	4	15	31	63	12
Baños de Molgas	65	2	9	13	34	6
Os Blancos	61	8	6	7	32	8
A Bola	65	2	13	19	24	7
Calvos de Randín	47	1	2	7	35	2
Celanova	345	6	66	41	183	49
Entrimo	55	5	4	12	29	5
Lobeira	53	6	8	2	34	4
Lobios	101	21	3	23	49	6
Maceda	179	12	26	32	77	33
Muíños	77	8	12	12	39	6
Porqueira	51	2	5	7	25	12

Quintela de Leirado	50	2	6	5	28	9
Rairiz de Veiga	78	3	12	17	37	9
Sandiás	59	1	8	12	30	8
Sarreaus	96	8	10	14	50	13
Taboadela	76	1	20	12	32	11
Trasmiras	123	3	25	32	45	18
Verea	74	2	13	9	42	6
Vilar de Barrio	87	3	15	7	47	14
Vilar de Santos	66	6	13	8	36	4
Xinzo de Limia	67	2	22	15	24	4
Xunqueira de Ambía	50	3	7	8	23	9
GDR	2331	120	384	392	1149	288
Provincia	17.717	427	2.824	2.403	9.079	2.984
Galicia	147.423	3.759	23.692	16.873	77.061	26.038

Táboa B16: Paro rexistrado segundo sector de actividade (datos mensuais ata abril de 2005 e medias anuais). Fonte: IGE – Demandas de emprego Valores recollidos ata abril de 2005, obtendo medias ata 2004. IGE (2022z).

Comparativamente, como xa se anotou, os parados do sector servizos constitúen aproximadamente a metade do total de persoas en situación de desemprego, en consonancia cos valores de Ourense e Galicia. Destacan, pola negatividade, os concellos de Calvos de Randín e Lobeira (64,2% dos parados neste sector), seguidos por Quintela de Leirado (as tres cuartas partes dos seus parados están no sector servizos) e Baltar, con algo máis do 55%.

As maiores porcentaxes no sector primario danse nos concellos con fortes taxas de abandono do campo nos últimos anos, todos eles nas altas chairas que preceden ás serras (Lobios, 20,8%, Os Blancos, 13,1%; Lobeira, 11,3%; Muíños, 10,4%; Entrimo, 9,1%), aínda que algúns concellos con forte tradición na depresión da Limia tamén presentan valores elevados (Sarreaus, 8,3%; Vilar de Santos, 9,1%).

A construción, que ten pasado por ser un sector importante no sur de Ourense, sufriu sucesivas crises que derivaron nun paro estrutural que vai pouco a pouco recuperándose. Naqueles concellos nos que o sector servizos non desenvolveu un mercado dominio, este sector, xunto co industrial, segue a ter un peso importante nos parados. É o caso de Bande, A Bola ou Trasmiras, nos que xuntan entre o 40% e o 50% sumando estes dous subsectores. Ambos os dous presentan especial crise en Xinzo de Limia (56%), algo que se pode observar noutras vilas de similar tamaño en Galicia, nas que existe unha progresiva

desaparición das empresas de mediano e gran tamaño que noutrora copaban a xeración de emprego en comarcas do interior. Taboadela é, como sucedía no apartado de contratación, o concello que presenta maior peso no sector industrial, froito do seu carácter limítrofe respecto da Tecnópole ourensá.

Concellos	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Allariz	1,5	28,4	15,4	42,8	12,4
Baltar	7,4	8,6	19,8	55,6	9,9
Bande	3,2	12,1	25,0	50,8	9,7
Baños de Molgas	3,1	13,8	20,0	52,3	9,2
Os Blancos	13,1	9,8	11,5	52,5	13,1
A Bola	3,1	20,0	29,2	36,9	10,8
Calvos de Randín	2,1	4,3	14,9	74,5	4,3
Celanova	1,7	19,1	11,9	53,0	14,2
Entrimo	9,1	7,3	21,8	52,7	9,1
Lobeira	11,3	15,1	3,8	64,2	7,5
Lobios	20,8	3,0	22,8	48,5	5,9
Maceda	6,7	14,5	17,9	43,0	18,4
Muíños	10,4	15,6	15,6	50,6	7,8
Porqueira	3,9	9,8	13,7	49,0	23,5
Quintela de Leirado	4,0	12,0	10,0	56,0	18,0
Rairiz de Veiga	3,8	15,4	21,8	47,4	11,5
Sandiás	1,7	13,6	20,3	50,8	13,6
Sarreaus	8,3	10,4	14,6	52,1	13,5
Taboadela	1,3	26,3	15,8	42,1	14,5
Trasmiras	2,4	20,3	26,0	36,6	14,6
Verea	2,7	17,6	12,2	56,8	8,1
Vilar de Barrio	3,4	17,2	8,0	54,0	16,1
Vilar de Santos	9,1	19,7	12,1	54,5	6,1
Xinzo de Limia	3,0	32,8	22,4	35,8	6,0
Xunqueira de Ambía	6,0	14,0	16,0	46,0	18,0
GDR	5,1	16,5	16,8	49,3	12,4
Provincia	2,4	15,9	13,6	51,2	16,8
Galicia	2,5	16,1	11,4	52,3	17,7

Táboa B17: Porcentaxe de Paro rexistrado segundo sector de actividade (datos mensuais ata abril de 2005 e medias anuais. Fonte: IGE – Demandas de emprego Valores recollidos ata abril de 2005, obtendo medias ata 2004. IGE (2022z).

B.2.4.2. Afiliación en alta laboral por sector de actividade

Este concepto serve como indicador da poboación ocupada e aporta información sobre o sector e subsectores nos que se concentra a actividade. Centraremos na análise do número de afiliacións, relativas ás persoas que, pola súa situación laboral, teñen a obriga de cotizar á Seguridade Social.

O territorio de traballo representa unha porcentaxe moi baixa dos afiliados galegos. Se a provincia de Ourense constitúe a setembro de 2022 o 10,1% (102.431) (dous puntos menos que o ano anterior) do volume autonómico, o ámbito do proxecto significa o 14,9% da provincia e tan só o 1,5% de Galicia (IGE, 2022ab). Esta escasa proporción está en relación co igual baixo peso demográfico do espazo comarcal nos contextos territoriais nos que se insire, con cifras moi similares (15,7% das poboación provincial e 1,8 da Galega).

Para completar estes datos pode valorarse o peso dos distintos concellos dentro destes datos xerais (Táboa B18). Das 14.802 persoas afiliadas no ámbito de estudo (IGE, 2022k), case a metade (7.242; 48,9%) concentrábanse nos concellos de Xinzo de Limia, Allariz e Celanova, aos que habería que engadir os case 1.000 da cuarta vila, Maceda (conxuntamente serían entón 8.198 afiliados, o 55,4%). Isto confirma unha tricefalia no GDR, que se acompaña dun cuarto polo coa importancia relativa da vila de Maceda. O resto de concellos teñen pouco peso para o conxunto. Deles, só Lobios supera un pouco o 3%, quedando os demais nesta cifra (Muíños) ou inferior. O despoboamento, a falta de oportunidades, a persistente emigración e o non retorno en idade activa dos mellor formados trae en consecuencia o escaso peso dos concellos máis rurais e periféricos dentro do GDR.

As distintas zonas internas presentan valores dispares, demostrando que se trata de espazos complementarios pero distintos. A que ten máis peso é a Zona 3, con case a metade dos afiliados (47,6%), dentro da cal é a Zona 3a duplica á 3b. Non a moita distancia (39,3%) aparece a Zona 2, con vitalidade pola presenza de Xinzo, o gran centro laboral da comarca. A Zona 1 é a que aporta valores máis baixos, tan só un 13,2% dos afiliados do GDR, derivado do seu mercado despoboamento, avellentamento e menor dinamismo económico.

Concello / Zona	Número de afiliados	% sobre o total do GDR
GDR Limia Arnoia	14802	100
<i>Zona 1</i>	<i>1952</i>	<i>13,2</i>
<i>Zona 2</i>	<i>5811</i>	<i>39,3</i>
<i>Zona 3</i>	<i>7039</i>	<i>47,6</i>
<i>Zona 3A</i>	<i>4626</i>	<i>31,3</i>
<i>Zona 3B</i>	<i>2413</i>	<i>16,3</i>
Allariz	2295	15,5
Baños de Molgas	419	2,8
Maceda	956	6,5
Xunqueira de Ambía	414	2,8
Bande	364	2,5

Entrimo	327	2,2
Lobeira	179	1,2
Lobios	490	3,3
Muíños	437	3,0
Baltar	267	1,8
Blancos, Os	211	1,4
Calvos de Randín	155	1,0
Porqueira	214	1,4
Rairiz de Veiga	365	2,5
Sandiás	368	2,5
Sarreaus	286	1,9
Trasmiras	330	2,2
Vilar de Barrio	323	2,2
Vilar de Santos	253	1,7
Xinzo de Limia	3194	21,6
Taboadela	542	3,7
Bola, A	265	1,8
Celanova	1753	11,8
Quintela de Leirado	139	0,9
Verea	256	1,7

Táboa B18: Valores absolutos e relativos do número de afiliados dos concellos e zonas do GDR, xunto co valor de conxunto do propio ámbito de estudo a xuño de 2022. Fonte dos datos: IGE (2022k).

Como xa se deixou caer anteriormente, un indicador que pode ser útil para desenmascarar a correlación entre o peso demográfico e o de afiliados, e así poder destacar, por un lado, a atracción laboral que exercen algunhas localidades e, por outra, a inactividade doutros territorios máis extensos, é o resultante da diferenza positiva ou negativa entre eles (Figura B27).

Desta maneira, poden illarse os casos das principais vilas, en especial Allariz (+2,3%), que se presenta como un centro de variadas e amplas posibilidades para atopar emprego dentro do GDR, seguido por Xinzo de Limia (+1,5%), unha vila que perdeu a súa condición absoluta de cabeceira comarcal pola crise en sectores clave tradicionais, e Maceda (+0,6%). Chama a atención Taboadela (+0,6%), que non posúe un núcleo urbano reitor pero ten unha posición central na promoción laboral por razóns xa aludidas para outros parámetros e índices. Moitos son os concellos que aportan un equilibrio entre o seu escaso peso demográfico e a tamén mínima retención laboral, a maior parte deles con valores negativos nesa resta, coa moda en -0,1%. Sobresaen os negativos valores de Bande (-0,7%), que pese a ser unha cabeceira histórica non conseguiu un despegue demográfico e empresarial, A Bola e Calvos de Randín (-0,5%) e Lobeira, Vilar de Barrio, Trasmiras e Lobeira (-0,4%). Estes responden a dous comportamentos distintos: ao do concello rural e montañoso; ao do concello que fundamentaba a súa proposta no sector primario e este entrou en crise.

A análise por zonas aporta interesantes diferencias que caracterizan ben as distintas áreas do GDR.

A Zona 3, na que se atopa Allariz (2,3), presenta un valor moi alto (2,2), pero agocha as notables diferencias de peso entre as subzonas 3a e 3b. A 3a, que contén á citada vila, ascende ata 3,1, o que indica que Allariz transmite o seu modelo a concellos da súa orla próxima. En todo caso, neste valor axuda tamén o feito de que Taboadela é un lugar moi asociado á comarca de Ourense, aportando valores tamén positivos neste índice.

Igualmente, Maceda é unha vila que tamén aporta cifras significativas por riba de 0 (0,5). Sen embargo, a 3b, con Celanova á fronte, pero con varios concellos con moita menor actividade, ofrece cifras negativas en todos os concellos que, en conxunto, acadan o -0,9.

Pola súa banda, a Zona 2 está influída por Xinzo (1,5) e a súa difusión como mercado de emprego remata por ter valores de conxunto negativos, pois esta oferta non é capaz de sobrepoñerse ós negativos valores que ofrecen os concellos meridionais. Só Vilar de Santos ten un valor positivo pero moi feble (0,1).

A Zona 1, a que menos peso ten nas afiliacións, non consegue, a pesares de ser tamén a máis despoboadada, saír duns valores moi baixos. O conxunto presenta un (-1,9).




Figura B29: Diferenza entre o peso porcentual dos afiliados en alta laboral por concellos e zonas, e o peso dos mesmos para o contexto demográfico do GDR Limia Arnoia. Elaborado a partires dos datos de IGE (IGE 2022i) e IGE (2022k). A diferenza para o GDR resulta da comparación respecto dos pesos dentro da provincia. Elaboración propia.

Concellos	Total	Xeral	Autónomos	Agrario	Mar	Fogar
Allariz	2.347,3	1.718,3	573,9	4,8	0,0	49,3
Baltar	275,6	186,5	88,5	0,4	0,0	0,0
Bande	375,3	267,4	97,8	3,6	0,0	6,5
Baños de Molgas	419,1	297,4	111,8	0,7	0,0	9,1
Os Blancos	219,0	156,0	59,1	0,2	0,0	3,8
A Bola	274,6	182,1	80,1	0,7	0,2	11,3
Calvos de Randín	162,5	105,5	56,0	0,0	0,0	1,0
Celanova	1809,2	1229,4	524,3	4,2	0,0	51,3
Entrimo	333,2	198,5	121,3	2,0	0,0	11,5
Lobeira	187,5	125,9	55,6	0,0	0,0	6,0

Lobios	493,2	355,4	123,8	0,7	0,0	12,3
Maceda	979,6	700,6	241,9	12,9	1,0	23,2
Muños	434,9	334,4	92,4	0,0	1,0	7,1
Porqueira	214,0	156,7	55,5	0,6	0,0	0,9
Quintela de Leirado	139,8	106,6	28,4	0,0	0,0	4,7
Rairiz de Veiga	377,1	257,9	113,1	2,0	0,0	4,1
Sandiás	381,9	260,5	109,0	3,3	0,0	9,6
Sarreaus	294,8	199,7	84,2	3,5	0,0	7,5
Taboadela	550,6	392,6	138,1	0,1	0,5	18,8
Trasmiras	333,3	202,6	123,3	3,3	0,0	5,0
Verea	258,0	187,3	65,4	1,0	0,0	4,3
Vilar de Barrio	343,1	230,3	103,4	2,0	0,0	7,7
Vilar de Santos	266,2	162,9	95,7	3,8	0,0	3,8
Xinzo de Limia	3.332,1	2.237,1	1.023,6	25,1	0,0	46,2
Xunqueira de Ambía	426,7	278,0	140,1	2,9	0,0	6,1
GDR	15.228	421,2	172,2	3,1	0,1	12,4
Provincia	102.431	76.178	22.965	472	19	2.798
Galicia	1.012.166	756.581	206.848	5.817	18.507	24.413

Táboa B19: Afiliacións á Seguridade Social. Fonte: IGE – (IGE. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o réxime de afiliación (desde 2011)). Optouse polo tratamento da serie dos últimos 12 meses recollidos, sendo o máis actualizado o de setembro de 2022. IGE (2022ab)

Un paso máis na caracterización do mercado laboral pode facerse estudando a estrutura dos afiliados por sectores de actividade, xa que aporta información acerca da especialización profesional. Valóranse os datos ofrecidos polo IGE (2022m) seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 2009 (Figura B28 e Táboa B20).

Os datos indican unha marcada dedicación terciaria na forza traballadora do ámbito de estudo, cunha porcentaxe do 67% e un reparto moi homoxéneo no resto dos sectores: 9,4 % para o primario, 12,7% para a industria e 10,5% para a construción, comportamento repetido noutras comarcas de Ourense. Internamente é posible distinguir dinámicas que son algo distintas respecto doutras comarcas rurais galegas nas que as cabeceiras comarcais presentan unha extrema especialización no sector servizos. No caso que nos ocupa os valores son altos, claro, pero nunha estrutura na que tamén son importantes a industria, a construción e o sector primario. A existencia dunha produción agraria

bastante importante na depresión da Limia, con repercusións tanto na vila principal, Xinzo, como noutros concellos próximos, fai que a habitual diminución marcada de empregos no sector primario, moi habitualmente xa por debaixo do 10%, non sexa aquí tan extrema.

Así, Xinzo e Allariz evidencian valores que non chegan ó 70% nos servizos e superan o 10% no sector agrario e na industria, do mesmo xeito que se pode manifestar en municipios montañosos e rurais como Muíños ou Lobeira. Son realidades ben distintas pero con porcentaxes similares, o que fala de dous extremos que se acaban achegando. Uns, debido a unha certa diversidade na estrutura produtiva; outros, pola debilidade na xeración de emprego, que outorga unha maior proporción ós servizos básicos e asistenciais dentro do total.

A orixinalidade de Taboadela como lugar no que se afínca o emprego industrial queda de novo patente, sendo o único lugar onde os traballadores pertencen a este ramo en máis dun 20%, importancia que non son capaces de atesourar moitas vilas, nin as medias provinciais e a autonómica. É importante falar tamén de Celanova, a vila máis antiga na oferta de servizos especializados e que segue a ter un gran peso no subsector, acadando o maior valor de todo o GDR (74,3%).

En xeral, os concellos máis primarios dende o punto de vista produtivo son os da depresión da Limia e os das terras elevadas meridionais, superando ás veces o 20% dos afiliados. Baltar (24,4%) e Calvos de Randín (29,6%) son os exemplos máis notables desta circunstancia mentres Vilar de Barrio (20,5%), Trasmiras (22,4%) e Sarreaus (22,6%) son os representantes da tradición agraria limiá.

Na construción existen valores moi parellos que se encadran na forza de 8%-12%, coa excepción dalgúns anormalmente baixos en concellos moi rurais e sen nova actividade construtiva (Lobeira, Lobios, Porqueira e Calvos de Randín).




Figura B30: Porcentaxe de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade (CNAE, 2009) para os concellos e zonas do GDR Limia Arnoia e o conxunto do mesmo. Xuño 2022. Elaboración propia. Fonte dos datos base: IGE (2022m).

A comparación entre o ámbito de estudo, as súas zonas internas, o conxunto de Galicia e as súas provincias permite recoñecer o tipo de estrutura que presenta o territorio do GDR. Dúas notas merecen ser destacadas: por unha banda, unha importancia aínda elevada do sector primario (especialmente na Depresión da Limia, onde os concellos seguen a presentar unha media superior á do conxunto do GDR), con valores próximos ó modelo lucense, que xa non son compartidos por outros territorios da provincia ourensán, cuxo valor de conxunto non chega nin sequera á metade do de Limia-Arnoia; por outra banda, o emprego no sector servizos é inferior á media galega e ás provinciais, estando 6 puntos por debaixo da media ourensán. Ese menor peso terciario está compensando por unha porcentaxe do emprego industrial por riba dos territorios de interior, algo favorecido pola proximidade á capital provincial e ó Parque Tecnolóxico de Galicia, xusto no extremo noroeste do GDR. Por último, tamén o sector da construción ten un peso algo superior á media galega e ás provinciais.

Na análise por zonas, a Zona 1 destaca polos seus baixos valores na industria, os menores e a distancia das outras zonas, mentres presenta notables cifras no sector agrario. A Zona 2 comparte este valores agropecuarios, sendo a máis

especializada, mentres ten referencias moi inferiores ao resto no sector servizos, claramente por debaixo do GDR e das circunscricións provinciais e galega. A Zona 3 contén unha subzona con moi baixos valores no sector primario (3b) (a parte occidental da Zona 3, a liderada por Celanova), aínda que posúe os máis altos na construción e no sector servizos.

O feito de que os territorios montañosos presenten este contraste leva a considerar un abandono do campo e unha gran dependencia dos servizos asistenciais. A subzona 3a tampouco destaca neste aspecto, sen comparación cos das zonas 1 e 2. Esta última subzona, a que está encabezada por Allariz e Maceda, ten a maior porcentaxe no sector industrial, sobre todo polo pulo de Allariz.

%	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	5,3	14,0	7,5	72,7
A Coruña	4,7	12,5	7,9	74,6
Lugo	11,8	10,9	7,1	69,7
Ourense	4,5	14,2	7,7	73,2
Pontevedra	4,1	16,8	7,2	71,4
GDR	10,5	12,7	9,4	67,0
Zona 1	11,4	9,8	9,4	68,9
Zona 2	15,4	11,7	9,0	63,4
Zona 3	6,2	14,3	9,8	69,4
Zona 3A	6,5	15,3	9,8	68,2
Zona 3B	5,7	12,3	9,9	71,8

Táboa B20: Porcentaxe de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade (CNAE, 2009) para Galicia, as catro provincias e o GDR Limia Arnoia. Xuño 2022. Fonte dos datos: IGE (2022m).

Por sectores e seguindo os valores absolutos, a posibilidade de sacar conclusións ordenadas é inferior á que se extrae dos valores relativos. Nestas cifras (Táboa B21) destaca o número de afiliacións dentro do sector servizos en Xinzo, Celanova e Allariz, entre 1.000 e 3.000. Son os mesmos concellos quen atesouran as maiores filiacións en construción, da orde de 100-300, é dicir, dez veces menores á do sector servizos. Algo superiores 200-400 danse no sector industrial nas mesmas vilas, acompañando, con máis de 100 afiliacións de media Maceda e Taboada, este último cunha explicación xa repetida en varias ocasións. A fortaleza de Xinzo de Limia como centro da produción agraria da súa depresión

queda claro co valor de 431, acompañando como segundo concello neste sector o de Maceda, que suma 138.

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Allariz	2.347,3	69,2	383,1	200,8	1.690,7
Baltar	275,6	67,9	34,3	24,5	147,7
Bande	375,3	33,8	30,8	41,6	266,1
Baños de Molgas	419,1	42,9	59,3	43,2	270,8
Os Blancos	219,0	35,8	26,8	29,7	125,1
A Bola	274,6	24,8	43,3	26,1	180,3
Calvos de Randín	162,5	48,3	14,4	11,3	88,6
Celanova	1809,2	72,6	221,5	170,8	1341,3
Entrimo	333,2	33,8	39,0	40,8	218,5
Lobeira	187,5	30,5	27,8	9,3	119,9
Lobios	493,2	51,8	38,6	38,0	359,8
Maceda	979,6	137,6	111,8	92,8	636,4
Muíños	434,9	31,0	45,0	48,8	310,1
Porqueira	214,0	37,0	24,1	14,3	137,6
Quintela de Leirado	139,8	12,6	11,6	16,5	98,2
Rairiz de Veiga	377,1	53,8	43,5	45,2	231,4
Sandiás	381,9	56,7	57,8	31,6	233,8
Sarreaus	294,8	67,8	28,3	32,0	165,2
Taboadela	550,6	20,9	117,3	52,8	356,9
Trasmiras	333,3	74,1	37,3	39,4	181,3
Verea	258,0	30,0	39,6	30,8	153,2
Vilar de Barrio	343,1	68,9	33,3	33,0	207,6
Vilar de Santos	266,2	39,7	37,6	32,5	155,4
Xinzo de Limia	3.332,1	431,0	376,2	263,8	2.246,9
Xunqueira de Ambía	426,7	43,8	48,3	72,6	260,2
GDR	609,1	64,6	77,2	57,7	407,3
Provincia	102.431,1	4.685,2	14.484,4	7.885,5	75.051,3
Galicia	1.012.165	54.727,7	141.757,5	76.023,3	735.323,7

Táboa B21: Afiliacións á Seguridade Social. Fonte: IGE – (IGE. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o sector de actividade (CNAE-2009) (desde 2011)). Optouse polo tratamento da serie dos últimos 12 meses recollidos, sendo o máis actualizado o de setembro de 2022. IGE (2022ac)

A distribución xeográfica das afiliacións por sectores dentro do GDR queda parcialmente aclarada co seguinte mapa (Figura B29), con valores referentes ao 31 de decembro de 2019. Nese mapa, a distribución dos empregos reflexa unha concentración nas vilas e nos principais eixos de comunicación, cunha distribución moi irregular no resto do territorio. Se a maior concentración se observa en Xinzo, Celanova e Allariz, ademais da unión destas dúas coa comarca da capital e o Parque Tecnolóxico de Galicia, tamén aparecen especiais concentracións tanto no eixo determinado pola autovía das Rías Baixas, cun debuxo que parte da vila limiá, coma no eixo viario internacional que utiliza o suco da Baixa Limia para chegar a Portugal polo sur e á Limia polo norte, presentando unha prolongación cara a depresión de Maceda. A marxe norte do GDR e, sobre todo, a noroeste, influída pola área industrial e terciaria ourensá, mostra tamén unha maior concentración de afiliados que, seguramente, residen nesta área do GDR realizando desprazamentos diarios á citada zona de especial potencialidade laboral.

Son, polo tanto, as zonas 3 e 2 as que acollen a meirande parte dos afiliados á Seguridade Social. A Zona 3 non só concentra a atracción laboral das vilas de Celanova, Allariz e Maceda, senón que concentra moitos empregados entre estas vilas e a capital ourensán, mediando a *Tecnópole* de San Cibrao das Viñas, o maior centro empresarial da provincia de Ourense. A Zona 2 distingue unha distribución que se irradia dende Xinzo de Limia, non só ó longo do eixo viario da A 52, senón na comunicación coas outras vilas, en especial, naqueles concellos que enlazan esta vila coas de Allariz e Celanova. O menor peso representado na Zona 1 ten no val do Limia e en Bande os seus maiores contribuídores.




Figura B31. Mapa da distribución das persoas dadas de alta na Seguridade Social no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

B.2.5. Análise empresarial

B.2.5.1. Parque e tipos de empresas por condición xurídica, tamaño e sectores.

Galicia contaba en 2020 (ver táboa B22) cun total de 272.164 empresas (2.545 menos que en 2015) (IGE, 2022ad)(IGE, 2022ae)(IGE, 2022af), das que 29.513 (10,8%) tiña a súa sede na provincia de Ourense e, delas, 4.942 (16,8% da provincia) residían no ámbito do GDR, constituíndo o seu parque o 1,8% do conxunto autonómico. Malia estes datos, non se trata dun deserto empresarial. Se a comarca de Ourense acolle o 47,9% das empresas da provincia, respecto do resto das circunscricións, o territorio de estudo se atopa nun grupo cabeceiro que supera as 2.000 entidades, lixeiramente por riba de comarcas como Carballiño e Valdeorras.

O parque empresarial está bastante concentrado nas vilas reitoras do GDR. Duplicando sobradamente á segunda, Xinzo de Limia é o núcleo principal con 1.382 entidades, seguida de Allariz con 612. Moi próximo a ela, no mesmo rango, Celanova chega case ás 600 (592), marcando un banzo superior a Maceda, a outra vila a subliñar, con 317. O resto dos concellos non superan nunca as 150, dentro dos cales, os máis rurais e illados non acadan nin con moito o centenar. Nesta área montañosa e afastada é donde existe un número moi pequeno de empresas (Sarreaus, 86; Muíños, 73; A Bola, 69; Calvos de Randín, 66; Lobeira, 65; Porqueira, 58; Vereia, 58; e o extremo Quintela de Leirado con tan só 27).

Fronte á negativa dinámica de Galicia, que perdeu tecido empresarial, o GDR presenta un aumento quinquenal de 211 empresas, constituíndo unha porcentaxe moi elevada dentro da provincia, que só aumentou o seu parque en 366. Pero estes valores quinquenais agochan unha tendencia moi negativa no último ano. Logo dun período de recuperación económica a mediados da década pasada, a COVID veu a destruír grande parte dos progresos, acumulando constantes perdas. No último ano causaron baixa no GDR 3.965 empresas, mentres se deron de alta tan só 463, polo que se eliminaron 3.500 iniciativas empresariais. As permanencias son baixísimas, con valores similares ás altas (514). Ningún concello se salva deste comportamento, bastante parello en todas as circunscricións de terse en conta as diferencias xa previas no tamaño do parque. Só os emprazamentos máis fortes polo tipo de dedicación e a solvencia das iniciativas foron quen de salvar o quinquenio con valores positivos e consistentes.

Concellos	Empresas	Variación 5 anos	Altas	Baixas	Permanencia	Tamaño medio
Allariz	612	20	46	502	64	2,0
Baltar	102	-4	12	76	14	1,4
Bande	132	16	16	99	17	1,3
Baños de Molgas	107	8	15	85	7	1,3
Os Blancos	80	16	10	57	13	1,2
A Bola	69	12	8	54	7	1,1
Calvos de Randín	66	2	11	46	9	1,1
Celanova	592	0	64	478	50	1,8
Entrimo	123	4	13	100	10	1,3
Lobeira	65	-6	9	50	6	1,1
Lobios	133	-4	20	97	16	1,2
Maceda	317	14	39	245	33	1,9
Muíños	73	10	6	60	7	1,0
Porqueira	58	-10	9	41	8	1,0

Quintela de Leirado	27	15	1	25	1	1,2
Rairiz de Veiga	106	15	8	87	11	2,1
Sandiás	123	32	10	103	10	1,9
Sarreaus	86	16	6	65	15	1,9
Taboadela	134	-7	15	106	13	1,9
Trasmiras	140	-9	14	109	17	1,5
Verea	58	2	4	49	5	2,3
Vilar de Barrio	122	26	10	103	9	1,5
Vilar de Santos	107	5	3	95	9	2,6
Xinzo de Limia	1382	17	112	1123	147	2,0
Xunqueira de Ambía	128	21	2	110	16	1,3
GDR	4942	211	463	3965	514	1,5
Provincia	29513	366	2.654	23.874	2.985	2,9
Galicia	272164	-2545	23.942	221.718	26.504	3,3

Táboa B22: Número de empresas, variación quinquenal, altas, baixas e permanencia. Fonte: IGE – Directorio de empresas ([IGE. Altas, baixas e permanencias segundo a sede social \(2015 e 2020\)](#)) e [IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal \(grupos CNAE 2009\) e condición xurídica](#) e [IGE. Tamaño medio das empresas con sede en Galicia](#) (2020) (IGE, 2022ad)(IGE, 2022ae)(IGE, 2022af).

Nos datos sobre a condición xurídica (Táboa B23) cabe indicar o escaso número de cooperativas, que nunha área con tanta potencialidade no sector primario debiera ser unha fórmula máis promovida. Como vén sendo a tónica habitual, o réxime de “Persoas Físicas” é o máis concorrido e vai gañando peso ano a ano. O tipo Sociedades Anónimas é tamén testemuñal fronte ao anterior e fronte ó de Sociedades Limitadas que, en todo caso, non acada os valores da anteriormente valorada como principal. O comportamento é similar ó que se pode observar na provincia ou en Galicia.

Concellos	Total	Persoas Físicas	S. Anónimas	S. Limitadas	S. Cooperativas	Outros
Allariz	491	302	5	137	4	43
Baltar	43	31	0	9	0	3
Bande	102	68	0	29	0	5
Baños de Molgas	69	51	0	11	0	7

Os Blancos	44	26	0	13	1	4
A Bola	49	39	0	7	0	3
Calvos de Randín	30	19	0	10	1	0
Celanova	466	305	6	109	1	45
Entrimo	73	46	1	18	0	8
Lobeira	29	22	0	3	0	4
Lobios	80	53	0	20	0	7
Maceda	200	144	0	42	0	14
Muíños	55	40	0	14	0	1
Porqueira	17	13	0	4	0	0
Quintela de Leirado	28	16	0	10	0	2
Rairiz de Veiga	59	42	0	10	1	6
Sandiás	64	38	1	18	0	7
Sarreaus	33	21	0	6	1	5
Taboadela	99	64	0	30	0	5
Trasmiras	65	45	0	16	1	3
Verea	35	23	0	12	0	0
Vilar de Barrio	74	56	0	10	0	8
Vilar de Santos	67	45	1	17	1	3
Xinzo de Limia	943	587	10	268	15	63
Xunqueira de Ambía	84	59	0	18	1	6
GDR	3299	2155	24	841	27	252
Provincia	23228	13.767	382	6.891	114	2.074
Galicia	198808	111.038	3.243	64.727	915	18.885

Táboa B23: Empresas por condición xurídica en 2014. Fonte: IGE – Directorio de empresas ([IGE, Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal \(grupos CNAE 2009\) e condición xurídica](#)). Uso dos datos máis actualizados na base do IGE, datados no ano 2014. (IGE, 2022af).

O tamaño das empresas polo número de asalariados (Táboa B24) deixa uns datos que reflicten tamén a evolución cara a que vai o mundo empresarial. A fragmentación e as pequenas iniciativas impóñense sobremaneira, existindo un dominio case absoluto das empresas unipersoais, é dicir, das persoas en condición de autónomos. As porcentaxes son moi elevadas e similares en todos os concellos, superando sempre o 88%. Non hai no GDR ningunha empresa que

teña máis de 250 traballadores, e só as vilas de Allariz, Xinzo e Celanova contan cada unha con unha empresa de entre 100 e 250 traballadores. Entre 50 e 100 traballadores só se contabilizan seis. Entre 20 e 50 traballadores existe un maior número, pero concentrado en Allariz e Xinzo, destacando o concello de Vilar de Santos como orixinalidade non urbana industrial. A pequena empresa (de 3 a 5 traballadores), repite valores nunha forza de entre o 4% e o 10%, para descender aproximadamente ata a metade ou un cuarto nas seguintes de maior tamaño, continuando coa inversión de proporcionalidade a medida que aumenta o rango de traballadores. Así pois, o parque empresarial é realmente un conxunto dominado polo sector dos autónomos, con moi pouco peso da mediana e a gran empresa, e con valores da pequena empresa por debaixo do desexable.

Concellos	Total	<2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-249	>250
Allariz	548	485	33	15	8	5	1	1	0
Baltar	88	81	4	1	1	1	0	0	0
Bande	115	102	10	1	1	0	1	0	0
Baños de Molgas	100	94	4	1	0	1	0	0	0
Os Blancos	67	62	3	1	1	0	0	0	0
A Bola	62	60	1	0	0	1	0	0	0
Calvos de Randín	57	56	0	0	0	1	0	0	0
Celanova	542	468	52	12	5	3	1	1	0
Entrimo	113	105	6	1	1	0	0	0	0
Lobeira	59	58	0	0	0	1	0	0	0
Lobios	117	109	5	1	1	1	0	0	0
Maceda	284	254	17	7	4	1	1	0	0
Muíños	66	62	3	0	0	1	0	0	0
Porqueira	50	48	1	0	0	0	1	0	0
Quintela de Leirado	26	23	2	0	1	0	0	0	0
Rairiz de Veiga	95	82	7	4	1	1	0	0	0
Sandiás	113	102	6	1	4	0	0	0	0
Sarreaus	71	64	3	1	1	2	0	0	0
Taboadela	121	106	8	3	4	0	0	0	0
Trasmiras	123	111	11	0	1	0	0	0	0
Verea	53	47	3	0	2	1	0	0	0
Vilar de Barrio	113	104	6	2	0	1	0	0	0
Vilar de Santos	98	85	6	1		5	1	0	0

Xinzo de Limia	1.235	1.098	80	29	21	6	0	1	0
Xunqueira de Ambía	112	107	3	0	1	1	0	0	0
GDR	4.428	3.973	274	81	58	33	6	3	0
Provincia	26.528	22.856	1.970	767	529	281	75	37	13
Galicia	245.660	211.361	17.749	7.354	5.001	2.811	809	407	168

Táboa B24: Empresas por número de traballadores en 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. [Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal \(grupos CNAE 2009\) e estrato de asalariados](#)) (IGE, 2022ag)

A distribución de empresas por grandes sectores de actividade no ámbito do GDR (Figura 25) presenta un claro dominio do sector servizos (51,6%), pero varios puntos por detrás doutras áreas comarcais como a do sueste provincial, que presenta máis dun 60% das mesmas neste sector, tónica repetida noutros moitos espazos xeográficos de similares características. Así, este sector empresarial ten menos peso que noutros espazos, por exemplo, o caso estatal (83,5% en 2019), e próximo, aínda que inferior, ós casos de Galicia (65,7%) ou da provincia de Ourense (66,7%). Trátase dunha orixinalidade xa observada no mercado laboral, no paro e no ritmo de xeración de contratos por sectores.

Pola contra, o sector primario (26,2%) presenta un maior peso que nos outros espazos comparados (17,1% en 2019 no sueste provincial; en España, 0,9% en 2019; Galicia, 16,6%; provincia de Ourense, 12,3%), chamando a atención a diferenza co conxunto provincial.

Non existe un desenvolvemento empresarial elevado no ramo da industria, malia que atesoura un 6,2 % que o deixa, nunha mesma orde de comportamento, entre as medias galega 5,7% e provincial 7,4%. O sector da construción presenta valores lixeiramente superiores ó provincial (16% fronte ó 14,5%) e máis marcados respecto da media galega (11,9%).

Isto leva a destacar que a orixinalidade do GDR Limia Arnoia respecto dos territorios circundantes e as circunscricións administrativas que o conteñen, que radica nun menor peso empresarial no sector servizos e maior no primario, con valores lixeiramente superiores ou iguais nos ramos da industria e a construción.

**Porcentaxe de empresas
dos distintos sectores
GDR Limia-Arnoia. 2020**




Figura B32: Peso porcentual dos distintos ramos de actividade en cantidade de empresas no ámbito do proxecto en 2020. Elaboración propia. Fonte dos datos básicos: IGE (IGE, 2022ad)(IGE, 2022ae)(IGE, 2022af).

Como pode deducirse consultado na seguinte gráfica (Figura B31; Táboa B25), o sector servizos comparte co sector primario o peso por número de empresas na maioría dos concellos. Esta é unha orixinalidade propia do GDR Limia Arnoia da que escapa Taboadela, pola especial localización e a influencia do espazo industrial e tecnolóxico ao sueste da comarca da capital. Este concello presenta unha estrutura moito máis parecida á da media industrial, precisamente pola citada influencia. O equilibrio entre o dominio primario-terciario desfáise tamén, a nivel empresarial, en Allariz, onde o sector agrario é moi minoritario. No mesmo caso está Celanova, onde ademais o sector da construción ten bastante importancia. Os concellos máis rurais son os que presentan un dominio máis evidente do sector agrario, sendo especialmente desequilibrado no caso de Calvos de Randín, Porqueira, Baltar e Sarreaus, onde as empresas do sector primario dominan claramente e chegan a rondar ou incluso superar o 60% do total.




Figura B33: Peso porcentual en 2020 da cantidade de empresas nos distintos ramos de actividade nos concellos que constitúen o ámbito do proxecto. Fonte dos datos básicos: IGE (2022ah).

Concellos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Allariz	548	37	47	94	370
Baltar	88	43	5	10	30
Bande	115	21	3	30	61
Baños de Molgas	100	27	7	16	50
Os Blancos	67	29	6	12	20
A Bola	62	17	6	12	27
Calvos de Randín	57	37	4	2	14
Celanova	542	55	31	100	356
Entrimo	113	31	6	29	47
Lobeira	59	29	2	5	23
Lobios	117	33	6	17	61
Maceda	284	88	12	43	141
Muíños	66	13	1	22	30
Porqueira	50	29	2	8	11
Quintela de Leirado	26	8	4	5	9
Rairiz de Veiga	95	42	8	13	32

Sandiás	113	49	11	9	44
Sarreaus	71	38	2	6	25
Taboadela	121	14	21	23	63
Trasmiras	123	60	9	17	37
Verea	53	18	3	14	18
Vilar de Barrio	113	55	2	13	43
Vilar de Santos	98	31	12	13	42
Xinzo de Limia	1.235	317	58	170	690
Xunqueira de Ambía	112	38	7	25	42
GDR	4428	1159	275	708	2286
Provincia	26.528	3.242	1.954	3.820	17.512
Galicia	245.660	40.918	14.035	29.330	161.377

Táboa B25: Empresas por actividade e condicións xurídica en 2020. Fonte: IGE – Directorio de empresas ([IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal \(grupos CNAE 2009\) e condición xurídica](#)) IGE (2022ah)

B.2.5.2. VEB sectorial (datos por comarcas e para concellos de máis de 10.000 hab.)

O Valor Engadido Bruto (VEB) é unha magnitude macroeconómica que permite coñecer o valor xerado polo conxunto de bens e servizos, o cal o converte nun indicador esencial na análise económica de calquera circunscrición administrativa durante un período de tempo dado. Ten unha relación directa co PIB, de feito, para calcular este último é necesario engadirlle ao VEB os impostos indirectos e os consumos intermedios, é dicir, os impostos netos sobre o produto.

A fonte de datos principal para esta análise é a do Instituto Galego de Estatística (IGE), a partir dos valores que reúne no epígrafe do produto interior bruto municipal. Sen embargo, non existen datos completos municipais do Valor Engadido Bruto, nin en termos absolutos nin por sectores, o que dificulta a análises pormenorizadas de espazos supracomarcais coma o que nos ocupa.

Por iso, a valoración do que pasa internamente a nivel produtivo terá que ser abordada mediante outros parámetros, ademais de polo propio coñecemento directo que se ten do territorio. Para o conxunto é posible relacionar os datos provinciais e comarcais (IGE, 2022ai), tentando así establecer correlacións cualitativas. Existe outra ferramenta en Galicia que permite complementar as valoracións para realizar este tipo de análises, que é a información específica que fai referencia ós concellos que superan os 10.000 habitantes, na que si é posible coñecer o VEB absoluto e por sectores, pero a perda de poboación de Xinzo de Limia nos últimos anos levouno a descender do límite dos 10.000 habitantes, o cal é significativo da perda de peso da mesma e da comarca no conxunto galego e provincial.

En 2018 o Produto Interior Bruto de Galicia era de 62.225.855.000 euros, dos cales os impostos netos sobre os produtos acadaban os 5.871.409.000 euros, ofrecendo así un Valor Engadido Bruto de 56.354.446.000 euros (IGE, 2021ai), é dicir, o seu 90,6%. A provincia de Ourense aportaba só o 10,2% deste VEB, un total de 5.730.962.000 de euros.

A comarca que mais aporta ó VEB provincial e autonómico é a de A Limia, case que un 10% da circunscrición provincial, e 0,5% da galega, valores bastante baixos tendo en conta a amplitude e poboación do territorio, quen ademais está sucado por unha serie de vías de comunicación e ten próximo o polo tecnolóxico e empresarial ourensán, factores que deberían fortalecer este tecido produtivo. Pero non existen tampouco valores salientables na capital provincial, cuxa comarca detenta o 55% do valor provincial pero tan só o 5,6% do galego. Isto indica unha clara macrocefalia, pero que non se constitúe como de importancia numérica dentro do contexto galego. Isto minimiza maiormente as cifras absolutas do propio GDR. Máis alá da Limia, claramente menores son os datos que atesouran as outras comarcas, pois Celanova constitúe só o 3,7% provincial e a Baixa Limia o 1,6% (0,37% da Autonomía).

2018 (valor en miles de euros)	Galicia	Ourense (Pr.)	Ourense (Cm.)	Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Terra de Celanova
Produto interior bruto	62.225.855	6.379.371	3.483.172	213.913	107.294	342.971	245.593
Valor engadido bruto (VEB)	56.354.446	5.730.962	3.167.637	187.176	93.645	304.400	211.556
VEB Sector primario	2.894.860	307.880	45.031	35.371	14.026	89.425	20.850
VEB Industria agroalimentaria	1.592.824	206.080	161.431	1.687	455	2.866	2.710
VEB Madeira, papel e mobles	726.893	40.395	21.623	1.228	247	2.409	2.786
VEB Industria extractiva e	5.113.005	642.392	410.657	7.063	458	2.195	4.441
VEB Industrias extractivas e fabricación de outros produtos	381.148	140.393	6.165	1.369	x	-655	1.509
VEB Metalurxia e produtos	1.821.786	79.222	40.533	1.062	x	2.213	2.279
VEB Fabricación de material	1.708.493	153.282	131.644	325	x	x	325
VEB Resto da industria	1.201.578	269.495	232.315	4.307	x	x	328
VEB Enerxía, suministro de	3.142.364	482.233	154.997	9.348	17.696	8.535	34.176
VEB Construción	4.089.691	397.872	180.125	16.672	5.796	21.742	24.169
VEB Comercio, transporte e	12.980.242	1.120.776	627.804	34.952	11.866	67.425	36.992
VEB Actividades de	13.210.847	1.171.966	696.151	43.827	18.916	55.675	47.854
VEB AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos	12.603.720	1.361.368	869.818	37.028	24.185	54.128	37.578

Táboa B26: Produto interior bruto e valor engadido por sectores e subsectores en Galicia, a provincia de Ourense e as comarcas implicadas no GDR en 2018. IGE (2022ai).

Tanto os valores absolutos como os relativos (Táboas B26 e B27) destacan o valor do sector servizos que, cos tres epígrafes principais, se achega ou supera o 60% da produtividade nas distintas comarcas, seguindo o comportamento de Galicia, que se aproxima ó 70%, con valores algo inferiores no caso da Limia e A Baixa Limia, nas que quedan algo por baixo do 60%.

Se apartamos esta tónica estendida por todo o territorio galego e as súas diferentes circunscricións, observaremos os feitos diferenciais do GDR e a súa especialización secundaria, que a fin de contas será a que proxecte unha maior potencialidade de medra a partires de novas estratexias de promoción

empresarial. Cabe sinalar que no VEB da Limia ten especial importancia o sector primario, case un 30% do total, seguido por Allariz-Maceda, que acada un 19%. Isto contrasta cos baixos valores provinciais (5,4%) e galego (5,1%), o que da testemuña da importancia deste subsector no GDR. Con menor peso pero igualmente destacados están as outras dúas comarcas, a Baixa Limia cun 15% e a Terra de Celanova cun 10%, moi por riba deses datos de conxunto.

Outro sector importante é o da enerxía o que, sobre todo grazas ás instalacións hidroeléctricas, ten especial significación na Baixa Limia (19%) e Terra de Celanova (16%). O sector da construción, en retroceso estrutural en todo o territorio e dende hai anos logo da crise xerada pola burbulla inmobiliaria a finais da primeira década do século XXI, xorde como unha alternativa de traballo aproveitando o sector da rehabilitación, no que terá certa significación a demanda, variable en volume pero constante no tempo, do fluxo de retornados. Os datos, claramente por debaixo doutros sectores, atópanse entre o 6% e o 12%, estando na parte alta da forza a Terra de Celanova (11,4%) e a Baixa Limia na baixa (6,2%).

É un feito que Galicia está perdendo pulo industrial, con algunhas zonas nas que se presenta un escenario de deserto produtivo neste sector. Dentro del, a industria extractiva é a que domina, tanto en Galicia como na provincia de Ourense, e esta, xunto coa industria agroalimentaria, é a que presenta os valores menos baixos nas comarcas do GDR. Só Taboadela, pertencente á comarca de Ourense, aporta números máis elevados a imaxe e semellanza da súa comarca e a propia provincia, na que a circunscrición da capital ten un extraordinario peso.

VEB 2018 (valor en miles de euros)	Galicia	Ourense (Pr.)	Ourense (Cm.)	Allariz-Maceda	Baixa Limia	A Limia	Terra de Celanova
VEB Sector primario	5,14	5,37	1,42	18,90	14,98	29,38	9,86
VEB Industria agroalimentaria	2,83	3,60	5,10	0,90	0,49	0,94	1,28
VEB Madeira, papel e mobles	1,29	0,70	0,68	0,66	0,26	0,79	1,32
VEB Industria extractiva e pesada	9,07	11,21	12,96	3,77	0,49	0,72	2,10
VEB Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos	0,68	2,45	0,19	0,73	*	-0,22	0,71
VEB Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria	3,23	1,38	1,28	0,57	*	0,73	1,08
VEB Fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais	3,03	2,67	4,16	0,17	*	*	0,15
VEB Resto da industria	2,13	4,70	7,33	2,30	*	*	0,16
VEB Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos	5,58	8,41	4,89	4,99	18,90	2,80	16,15
VEB Construción	7,26	6,94	5,69	8,91	6,19	7,14	11,42
VEB Comercio, transporte e hostalería	23,03	19,56	19,82	18,67	12,67	22,15	17,49
VEB Actividades de información, financeiros, inmobiliarios e profesionais	23,44	20,45	21,98	23,41	20,20	18,29	22,62
VEB AAPP, Educación, Sanidade e outros servizos	22,37	23,75	27,46	19,78	25,83	17,78	17,76

Táboa B27: Valores relativos porcentuais do valor engadido bruto dentro de cada sector e subsector produtivo en Galicia, a provincia de Ourense e as comarcas implicadas no GDR en 2018. IGE (2022ai).

Análise dos sectores relevantes para o GDR

Para obter os sectores e subsectores relevantes para o ámbito de estudo, interesa comparar os valores do VEB e os do PIB, de xeito que poidamos reducir a unha categoría principal a especialización destas circunscricións e saber que ramos de actividade poden actuar como estratéxicos. As anteriores táboas B26

e B27, a seguinte, B28, así coma o mapa B32 permiten deducir as especializacións produtivas, estas últimas a partires dos datos do Instituto Galego de Estatística referentes ó PIB, o PIB por habitante e a especialización produtiva relativa das comarcas en 2018.

É así que deducimos que a metade oriental do GDR, entendendo como tal as comarcas de A Limia e Allariz Maceda, presentan segundo o PIB unha especialización agraria, a cal queda reflectida no VEB se exceptuamos a importancia, pouco diferenciadora, do sector servizos. A importancia agraria dentro da provincia de Ourense é unicamente secundada pola Terra de Caldelas, mentres no resto de Galicia, o sector primario domina na maioría das depresións do interior, así como nalgúñas áreas rurais das chairas costeiras e de interior coruñesas, a Mariña lucense e o centro interprovincial de Galicia. No interior, este dominio presenta o denominador común físico das depresións tectónicas e as súas ricas veigas, que favorecen a especialización agraria, sendo o caso das dúas comarcas así definidas no GDR.

Pola súa banda, a metade occidental, representada pola Baixa Limia e a Terra de Celanova, aportan unha especialización no ramo “enerxético e de subministros de auga e residuos”. Trátase dun tipo de produtividade que se repite noutras comarcas con medios físicos similares, consistentes en áreas montañosas que presentan canóns fluviais polos que discorren as principais veas fluviais. Nestes casos, o aproveitamento hidráulico remata por ser definitivo na importancia do sector. É o caso en Galicia de Eume, Chantada, Trives e Viana, ao que hai que sumar a comarca da Paradanta.

Provincia de Ourense			
Comarca	PIB por habitante	PIB	Sector no que está especializado (en termos comparativos á economía galega)
Allariz-Maceda	15.082	213.913	Primario
Baixa Limia	15.112	107.294	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
O Carballiño	15.501	415.519	Resto da industria
A Limia	16.752	342.971	Primario
Ourense	24.616	3.483.172	Resto da industria
O Ribeiro	16.887	262.085	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Terra de Caldelas	21.226	61.151	Primario
Terra de Celanova	13.437	245.593	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Terra de Trives	27.889	113.173	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos
Valdeorras	23.594	597.031	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Verín	15.381	392.726	Industrias extractivas e fabricación de outros produtos minerais non metálicos
Viana	20.787	144.743	Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos

Táboa B28: sectores de especialización das comarcas incluídas no GDR (en negraña) e do resto de comarcas da provincia de Ourense. Fonte IGE: Produto interior bruto. IGE (2022ak).




Figura B34: Especialización produtiva das comarcas do ámbito do GDR comparativamente con Galicia. Fonte: IGE. Produto interior bruto IGE (2022ak).

Despois de analizar as especializacións das comarcas do territorio Limia-Arnoia, cabe observar a distribución destas especializacións no seu interior. Ademais dos datos comarcais, para achegarnos á realidade municipal e de áreas xeográficas de diferente escala, podemos apoiarnos nos datos de afiliacións por sectores, para ver onde será máis importante o VEB por quilómetro cadrado a partir do emprego. A validez do método verifícase co seguinte mapa (Figura B35), que recolle as afiliacións no sector primario, neste caso agrario, confirmando o carácter clave deste ramo de actividade nas dúas comarcas orientais do GDR. Nas depresións de Allariz-Maceda e A Limia evidénciase o dominio dos empregos no sector agrario cunha distribución bastante representativa.

Se facemos unha descrición por zonas debemos destacar a notoria importancia da Zona 2, que presenta ó longo da depresión da Limia áreas con porcentaxe moi alta de afiliacións a este sector. Distribución parecida é a que demostra a Zona 3a, pero na parte oriental, aquela que se estende pola depresión de Maceda. O resto desta subzona e a subzona 3b deixan ver porcentaxes moi baixas e unha distribución moi dispersa, xusto como a Zona 2.




Figura B35: Mapa da distribución das afiliacións (porcentaxe) no sector primario no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

O sector da minería é de difícil análise pola discordancia entre as distintas variables ofrecidas no IGE. O seu peso, minusvalorado polos datos do VEB, si que amosa significativa importancia na distribución das afiliacións á Seguridade Social. No caso do GDR ten especial valor como sector clave dentro da depresión da Limia debido á extracción de áridos nos sedimentos que enchen o seu fondo. A figura B37 demostra a importancia crecente do subsector nesta área, onde o número de explotacións está a medrar ano a ano (3 en 2018; 4 en

2019; 5 en 2020), cada vez cunha maior produtividade, diversificación de utilidades e volume extractivo.

A figura B36, a partir do visor de distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km² IGE (2022d), amosa unha distribución e importancia notable, con datos dos que non debemos deducir que se trata dun sector fundamental na estrutura produtiva. Nas distintas zonas, presenta un patrón similar ao do sector servizos, pero máis concentrado nas vilas, na área próxima a Ourense e nos eixos de maior dinamismo económico. Seguindo esa distribución, a Zona 3 e, especialmente a Zona 3a, serían as que atesouran unha maior importancia en extensión e porcentaxe.

A Zona b tamén presenta unha distribución abundosa e xa máis concentrada en Xinzo, a súa unión con Allariz e a que leva á Baixa Limia. Precisamente, esta Zona 3, estende a presenza destas afiliacións cara a depresión da Limia e nas abas do val do Limia, incluíndo a vila de Bande como lugar destacado.





Figura B36: Mapa da distribución das afiliacións (porcentaxe) no sector da minería no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

DISTRIBUCIÓN GEOGRÁFICA DE LAS EXPLOTACIONES EN GALICIA



28 ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS . MEMORIA ANUAL 2018

28 Asociación Galega de Áridos






Figura B37. Evolución das explotacións de áridos en Galicia entre 2018 e 2020. Fonte: Asociación Galega de Áridos. Memoria Anual del Sector de los Áridos en Galicia (2018, 2019 e 2020). En 2018 explotacións número 55, 56 e 57; en 2019, explotacións número 55, 56, 57 e 58; en 2020, explotacións número 51, 52, 53, 54 e 55.

Malia que non se pode contar a industria como sector clave a nivel xeral, certo é que esta ten un valor destacado na orla setentrional do territorio GDR Limia Arnoia. Isto é debido á proximidade da Tecnópole de San Cibrao das Viñas e a expansión do polo industrial ourensán cara ao sueste da urbe. Esta descentralización segue, como eixo preferente, a autovía das Rías Baixas, deixando a súa pegada nas vilas de Allariz e Xinzo, ás que se suma a centralidade adquirida por Celanova trala mellora das comunicacións coa capital e a súa posición intermedia no traxecto cara Portugal polo Xurés. As distintas zonas seguen o patrón imposto polas singularidades sinaladas. É a Zona 3 a que, co peso aportado por Maceda e Allariz, destaca xunto con Celanova, incluíndo extensións lonxitudinais entre estas e a cidade de Ourense. Na Zona 1 é un sector moi debilitado mentres na Zona 2 destaca só en Xinzo e na súa prolongación por Sandiás e Vilar de Santos cara Allariz.




Figura B38: Mapa da distribución das afiliacións (porcentaxe) no sector da industria no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

O mapa da figura B39 descobre a escasa relevancia do sector da construción, que non acada dominio nin carácter clave en ningunha área do territorio do GDR, presentando unha significación algo maior arredor das principais vilas. As distintas zonas presentan patróns diferentes dentro da escasa pegada que deixa o subsector a nivel espacial. A Zona 1 presenta unha leve concentración no eixo asociado ó río Limia e eixo de comunicación asociado, con certa importancia tamén da vila de Bande. A Zona 2, son Xinzo de Limia e Sandiás os que destacan cun leve destaque difuso do eixo da A-52. A Zona 3 concentra as afiliacións en Allariz e Maceda, pero tamén en localizacións dispersas que indican a presenza de empresas de certa importancia.




Figura B39: Mapa da distribución das afiliacións (porcentaxe) no sector da construción no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

O sector servizos (Figura B40), se ben non é tomado como sinal de especialización dado o seu comportamento semellante e dominador en toda a xeografía galega, aínda que medien nesa aparente homoxeneidade matices e subsectores de especialización distintos, presenta os valores agardados, nunha distribución xa explicada ó longo deste informe. Centrado nas vilas e nas proximidades das vías de comunicación máis importantes, afecta especialmente á Zona 1 no seu eixo SO-NE, seguindo o fondo do val do Limia; á Zona 2 ó longo dos eixos que unen Xinzo coa Baixa Limia e da A-52; á Zona 3 existe unha densidade elevada destas afiliacións por toda a súa extensión, con especial concentración na franxa que une as vilas de Celanova, Allariz e Maceda e dende estas cara ós límites coa comarca da capital ourensá.




Figura B40: Mapa da distribución das afiliacións (porcentaxe) no sector servizos no GDR Limia Arnoia a outubro a 31 de decembro de 2019. (IGE, 2022d).

B.2.6. Equipamentos e infraestruturas

2.6.1. Infraestruturas e transporte

Infraestruturas

Desde o punto de vista da vertebración do territorio, as infraestruturas de transporte desempeñan un papel fundamental. Son moitos os teóricos que teñen sinalado a súa importancia no desenvolvemento económico, social e territorial. No noso espazo de análise, a mellora da accesibilidade tanto interna como co exterior viñeron da man dunha auténtica renovación da rede de estradas e a construción da Autovía das Rías Baixas. Porén, aínda sendo conscientes do efecto beneficioso que teñen as ganancias en tempos de desprazamento e o incremento da accesibilidade en xeral, non podemos esquecer que as

infraestruturas son unha condición necesaria, pero non suficiente, para o dito desenvolvemento.

En calquera caso, o territorio do GDR Limia-Arnoia, ao igual que toda Galicia, coñeceu unha melloría notable na súa accesibilidade interna grazas á modernización integral da rede interior da Comunidade Autónoma. Sen dúbida unha das grandes prioridades dos executivos autonómicos sucesivos foi rachar coa tradicional falla de integración comarcal interna en clave de país. Os diferentes planos de estradas dos gobernos de Fraga Iribarne foron apostas moi claras pola "vertebración solidaria dun país", como se recollía na publicidade institucional do momento.

Polo que se refire á inserción do territorio do GDR nas redes de transporte supra-regionais, a auténtica revolución foi a construción da xa mencionada Autovía das Rías Baixas (A-52), entre Vigo e Benavente, onde se une á Autovía do Noroeste. Xunto co AP-9, as dúas autovías forman o "triángulo fundamental" das vías da RIGE (Red de Interés General del Estado) que vertebraron non só Galicia co exterior senón tamén, e de xeito indirecto, unha grande parte do territorio galego.

No territorio que nos ocupa, a Autovía das Rías Baixas supuxo unha alteración sen precedentes dos tempos de percorrido a da capacidade de canalizar tráfico. A nova vía de comunicación permitiu diminuír os tempos de viaxe entre os concellos do GDR. O seu efecto nótase non só entre municipios vertebrados pola autovía, senón que ademais xera un efecto de "espiña dorsal" que reduce os tempos de viaxe entre todos os municipios, ao actuar de eixo fundamental de moitos desprazamentos e canalizando a meirande parte deles.

Ademais da Autovía das Rías Baixas, que atravesa o territorio de SE-NO, cómpre salientar o histórico eixo da Vía Nova romana, eixo secundario pero de alcance internacional que atravesa o sur de Ourense en dirección SO-NE, seguindo vías autonómicas e provinciais, conectadas mediante outras locais de primeira categoría, e que cruza á anterior mediante varias alternativas entre Allariz e Xinzo.

Se analizamos polo miúdo os dous eixos mencionados, é preciso salientar que o primeiro eixo aludido é o principal conector de Galicia, na súa metade meridional, co resto da Península, tomando en Benavente (Zamora) diversas direccións que inclúen territorios moi afastados entre si. Esta vía ten na N-525 o referente histórico máis próximo, un eixo vertebrador que tivo esta nomenclatura dende o Plan de Alfonso Peña (1940). A vía fora construída con anterioridade, entre 1860 e 1863, cun trazado de 572 km, como unha variante meseteña á que percorría por Tordesillas, e recibiu o nome de estrada Vigo-Villacastín. Pasaba, tras saír de Galicia, por Puebla de Sanabria, Zamora, Salamanca e Ávila, para rematar na citada vila segoviana de pé de serra. Nesta localidade, o eixo

quedaba asumido por completo pola estrada nacional radial que chegaba dende o noroeste a Madrid.

Como xa se dixo anteriormente, a A-52 alterou considerablemente a accesibilidade interior e exterior do espazo de estudo. O territorio do GDR é un espazo de paso entre Vigo, Ourense e a Meseta, e a Autovía das Rías Baixas permite unha mobilidade de persoas e mercadorías moito máis áxil que implica:

- 1) Un achegamento á capital provincial, Ourense, que permite a mobilidade diaria. Isto explica que un concello como Allariz desenvolvese a súa función residencial dun xeito importante para persoas que poden desprazarse diariamente á capital provincial
- 2) O desenvolvemento de certas actividades económicas relacionadas cos servizos a viaxeiros e transporte de mercadorías, vinculadas fundamentalmente ás contornas do eixo viario formado pola A-52.
- 3) Un efecto moi positivo como factor de localización empresarial e loxístico, que ten aínda moito percorrido no futuro.

O segundo eixo é o que xa definimos como o viario de grande alcance de maior antigüidade do sur de Galicia: a vía romana que unía Bracara Augusta con Asturica Augusta, denominada Vía Nova. Aínda que hoxe en día o seu papel é moito menos importante globalmente que o anterior, desempeña un papel fundamental na vertebración interna do territorio do GDR.

Historicamente, este eixo entraba dende Portugal por Portela de Home, baixando polo río Caldo e seguindo polo val do Limia, superando as elevacións que separan A Limia e a depresión de Maceda mediante os pasos por Bande e Sandiás, para chegar a Maceda e seguir posteriormente cara ó nordés polos altos que pechan a foxa de Maceda para acadar a comarca de Trives.

Esta vía histórica configurou as comunicacións en gran parte do territorio do GDR cun eixo que, se ben necesita de varias vías actuais para completar o seu antigo trazado, segue a mesma orientación que a antiga liña comunicativa. O emprazamento de vilas históricas, de centros monásticos e dalgunhas vías posteriores no cinto central da provincia ourensá proceden do peso histórico desta vía romana.

Na actualidade, a estrada que segue a primeira parte deste traxecto pola Baixa Limia, continúa cara ó norte na procura de Ourense capital por Celanova, e, con denominación OU-540, acompañado pola AG-31 dende Celanova, convértese no segundo eixo en importancia para todas as comarcas que participan do GDR. Esta circunstancia deixa a conexión entre Allariz e Maceda (Ou-0108) nun

terceiro pero importante chanzo. Este terceiro nivel compártese coa vía OU-531 de unión entre as importantes vilas de Celanova e Xinzo de Limia.

Como complemento ás anteriores, existe unha densa rede de estradas menores que comunican as cabeceiras municipais entre si e a estas coas súas parroquias. Todas elas son estradas xestionadas pola Deputación Provincial de Ourense e polas propias administracións municipais. Son as encargadas de proporcionar capilaridade territorial ao conxunto do territorio de estudo, a partir das redes autonómica e estatal.

De entre elas cabe destacar a OU-411 que une Bande cos concellos das terras elevadas do noroeste, a OU-301 que enlaza Bande con Xinzo de Limia, a OU-302 que sae desta en A Porqueira e ascende ás altas chairas meridionais en Calvos de Randín e, dende alí, une con Baltar, a onde chega a OU-304 procedente de Xinzo de Limia. Outra estrada vertebradora é a OU-300, de Celanova a Allariz por A Bola. Igual importancia presenta a OU-320, que acompaña á N-525 atravesando Allariz e Taboadela dende Sandiás. Pola súa banda, no extremo oriental, unha vía meridiana conecta Trasmiras coa depresión de Maceda por Sarreaus e Vilar de Barrio, quen participa dende A Alberguería dunha importante vía comarcal que chega dende Verín por Laza (OU-113).




Figura B41. Mapa de Estradas do GDR. Fonte: Mapa de Estradas de Galicia. Escala 1:250.000. Xunta de Galicia (2022g).

Para medir a actividade viaria do GDR e o papel como factor de cohesión territorial o estudo dos aforamentos de tráfico nas estradas. Para iso temos que acceder a dúas fontes, que aforan as vías do Estado (MITMA, 2022) e as dependentes da Comunidade Autónoma (Xunta, 2022f). Se a valoración das vías de alta capacidade que atravesan o GDR permítenos recoñecer a posición estratéxica do territorio que estamos a analizar no seu contexto rexional, a análise dos datos daquelas estradas de capacidade intermedia e menor permite entender a cohesión espacial interna, e o seu papel como difusor de persoas e mercadorías no seu seo e cos espazos comarcais veciños.

No referente ó eixo composto pola N-525 e a A-52, os aforamentos do Estado (MITMA, 2022) dan idea da importancia desta vía como referencia de paso e tamén como emprazamento estratéxico no seu papel de tronco fundamental da

rede viaria, testemuñando que o territorio do GDR conta cunha infraestrutura que debe seguir favorecendo a inversión, a descentralización produtiva de Ourense e a súa condición atractiva, o que pode levar a producir pensando nun mercado peninsular.

A estación de aforamento de A Merca, no km 218 da A-52, resume o paso de 21.697 vehículos (10% pesados) no ano 2018, mantendo máis de 20.000 dende o ano 2015 (MITMA, 2022). Con case que 40.000 en Porriño, 25.000 en Ponteareas, os 21.000 na Merca, 11.000 en Trasmiras e Fumaces (Verín) e só 9.000 en Vilavella (A Mezquita), demóstrase que esta autovía perde usuarios cara ó leste ourensán, o que indica que é unha vía de saída moi importante cara ó oeste, buscando a costa galega. Ao mesmo tempo, a perda de usuarios máis alá das vilas principais do GDR podería sinalar que estamos ante unha vía vital de distribución de entradas e saídas para A Limia-Arnoia.

Pola súa banda, a N-552 actúa como vía complementaria, actuando a partires de treitos de enlace de entrada e saída para as localidades próximas á autovía, con tramos de uso máis ou menos longo en función da localización dos nós comúns. Nas contornas da N-525 seguen localizándose algúns establecementos comerciais, hoteleiros e hostaleiros que dan servizo igualmente aos viaxeiros da A-52, se ben moitos deles tiveron que pechar ou reconverterse debido á construción da devandita vía de alta capacidade.

Tamén actúa como estrada que une as distintas localidades cando os enlaces coa autovía e os tramos intermedios desta non melloran o tempo de percorrido entre os distintos núcleos. Por exemplo, adquire importancia en Xinzo de Limia, onde as estacións de aforamento OR-37-3 e OR-96-3 medían ambas entre 6.000-7.000 pasos diarios entre 2013 e 2018. Sen embargo, en Vila de Rei (OR-76-3), Trasmiras, no extremo oriental do GDR, que contaban con 7.000-8.000 pasos diarios a finais dos anos 90, foi tan só de 500-600 no quinquenio 2013-2018. Un terceiro caso, o de Piñeira de Arcos (OR-77-3), en Sandiás, trae situacións intermedias próximas aos 2.000 diarios nese período quinquenal. A análise destes distintos modelos serve para caracterizar usos e especializacións de localidades enlazadas.

As figuras B39 e B40 dannos unha primeira idea visual acerca da importancia relativa e comparada das distintas estradas aludidas como de cohesión territorial do GDR. Esta cartografía, baseada nunha fonte autonómica (Xunta, 2022f), non recolle os aforamentos da autovía AG-55 / N-525, que xa foron comentados e que, dende o punto de vista informativo, como se dixo, dan idea da centralidade e a localización estratéxica desta área dentro da provincia e Galicia.




Figura B42. Aforamentos de todo tipo de tráfico. Fonte: Mapa de Aforos de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia 2021. Mapa de aforamentos das estradas na seo do GDR. (Xunta de Galicia, 2022f).

O Mapa dos aforamentos totais deixan claridade na xerarquía viaria dependente, no caso da autonómica, do eixo viario internacional polo Xurés e o que enlaza as principais vilas. No eixo Ourense-Portugal é posible observar o intenso tráfico que se mantén na AG-31 entre o seu enlace coa A-52 e a vila de Celanova, de entre 6.200 a 4.200 vehículos diarios, demostrando a existencia dun forte ramal comunicativo coa capital. Logo desta vila, cara ó sur, a afluencia diminúe ata a metade (2.100), pero se mantén xa pola OU-540 ata a vila de Bande, cun valor de ata 2.500 no IMD (Intensidade Media Diaria).

Tendo en conta a pertenza de Bande a un segundo chanzo das vilas do territorio do GDR, o tráfico débese á conexión con Portugal e para o abastecemento da Baixa Limia co tronco principal da A-52.

Como xa se comentara, a unión entre as vilas de Celanova e Bande atópase tamén neste rango ou categoría de aforamento (2.200 vehículos diarios). Materialízase na OU-531, do mesmo xeito que, con valores sensiblemente inferiores (>1.500 vehículos diarios), destaca a estrada que une Xinzo de Limia con Bande. En todo caso esta vai perdendo intensidade, cun baixón significativo unha vez que se superan as parroquias próximas a Xinzo no fondo da depresión. A actividade diaria agraria e das canteiras de area, xunto coa influencia que exerce a centralidade de Xinzo demostran que esta vila presenta uns movementos asociados á súa condición de polo de actividade económica.

É de subliñar tamén a importancia da vía que une Allariz e Maceda, aínda que esta xa non acada os valores anteriores. Parece que ese eixo de comunicación vai esmorecendo pola forza dos contactos independentes de ambas as dúas localidades coa capital a través da N-525 / A-52 (Allariz) e a OU-101 (1.900 vehículos diarios) ou a OU-536 (>3.000), pasando polo Alto do Couso mediante a OU-104 (Maceda).

A centralidade de Celanova explica que a estrada que vai dende ela cara ó oeste, a OU 531, teña tamén unha importancia destacada, con 1.900 como valor do IMD.

Taboadela, moi influída polas estradas que circunvalan a capital e a densidade das mesmas derredor da Tecnópole, ten distintas vías de conexión coa urbe central presentando aforamentos importantes. Pero esta circunstancia, máis que falar da cohesión territorial do GDR, demostra unha realidade ben distinta no seu extremo noroeste con valores que acadan distintos rangos entre os 1.500 e os 5.000 vehículos diarios.




Figura B43. Mapa de aforamentos do tráfico pesado das estradas autonómicas no seo do GDR. Fonte: Mapa de Categorías de Tráfico Pesado da Rede Autonómica de Estradas de Galicia 2021. (Xunta de Galicia, 2022f).

A extracción do tráfico pesado dá unha idea do tránsito de mercadorías, do dinamismo comercial e produtivo. O caso é que a importancia relativa de cada vía apuntada con anterioridade mantense. Novamente destaca a AG-31, cun tráfico que ten un relativo mantemento ata Celanova (350-250 aproximadamente), para caer pouco logo cara Bande (211). A vitalidade do eixo obsérvase na OU-161 entre Bande e Lobios, que alcanza a clase 100-200 no IMD. Aínda se mantén con certo peso a estrada de alí á fronteira, tanto por Portela de Home como por Lindoso (50-100). A conexión entre Celanova e Xinzo volve a ser importante no territorio, con 217 vehículos pesados diarios, alcance que xa non acadan máis vías a excepción da estrada OU-525 dende Allariz a Ourense e, por suposto as diferentes variantes que ocupan o concello de Taboadela, nas inmediacións da Tecnópole. Analizando a relación Allariz-Maceda volvemos ao apuntado no tráfico xeral, co afastamento entre ambas e a

dependencia da súa conexión con Ourense. Presentan así índices relativamente importantes (>200) a OU-536 e a OU-101 para Maceda e a OU-525 para a vila allaricense.

Respecto das infraestruturas ferroviarias é preciso dicir que non teñen unha funcionalidade importante no GDR. Partimos xa dunha posición pouco central, sen a intención de cubrir as necesidades das vilas dos distintos concellos, cunha traza que realmente foi pensada para o longo percorrido. A vía férrea de 1959 (Ferrocarril Directo Madrid-Ourense) atravesa a parte norte do territorio do GDR polos concellos de Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía e Taboadela, logo de saír e entrar do noso ámbito en Paderne de Allariz.

Porén o máis negativo é que a vía non ten presenza nas vilas e cabeceiras municipais, cun uso que levaba parello un transporte ocasional de mercadorías do sector extractivo non supoñendo, dende hai tempo xa, un impacto a remarcar para as comarcas. O trazado deste camiño de ferro no reborde sur do Macizo Central Ourense pode ser cualificado como de "ferrocarril de montaña". As estacións (nas que hoxe xa non para ningún tren, debido á supresión da liña rexional entre Ourense e Puebla de Sanabria) están situadas na súa meirande parte a máis de 10-15 kms das cabeceiras municipais das que toman o nome.

A nova LAV (Liña de Alta Velocidade) é, pola súa banda, un eixo que non vertebra nin da servizo ó territorio polo que pasa, ó estar pensado como transporte de longa distancia. Pazos Otón (2022) indica que nas últimas décadas a aposta por alta velocidade provocou a desatención e o abandono de moitos trens convencionais, en especial dos trens rexionais; e a posta en marcha da liña de alta velocidade implicou (como xa se citou) o peche dunha liña rexional e a perda de servizos para moitas comarcas rurais localizadas a medio camiño de entre as cidades, vendo, "da noite á mañán, suspendida a súa conexión ferroviaria". As estacións de Taboadela, Ponte Ambía, Baños de Molgas, Vilar de Barrio e A Alberquería (Laza), perderon a súa función de transporte de pasaxeiros a partir de 2010, ocupando o seu lugar, de maneira absoluta pero con deficiencias, o transporte colectivo por estrada.

Transporte e mobilidade de pasaxeiros

O transporte de pasaxeiros por estrada entre as vilas de Xinzo, Allariz e Ourense, dentro da liña de concesión da Xunta de Galicia XG614 Ourense-Verín, ten sete enlaces diarios coa capital e 1 hora de traxecto dende Xinzo de Limia, e seis dende Allariz, nun traxecto de 40 minutos. Do mesmo xeito, con 24 paradas, e dúas frecuencias diarias, pódese ir dende Allariz a Verín, pasando por Xinzo de Limia.

Máis alá destas conexións, que seguen o eixo principal, existen acordos entre diversas empresas e a Xunta de Galicia para chegar ós distintos recunchos das comarcas que integran o territorio do GDR. Estes son os seguintes:

- **UTE XG-602-Leste da Comarca da Allariz – Maceda:**

Son 27 as liñas que afectan ó territorio de estudo, con servizos que discorren polos concellos de Baños de Molgas, Maceda, Taboadela, Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía. As liñas, con numerosas paradas entre o inicio e a fin son as seguintes:

XG60201: Ourense E.A.-Pías (Por OU-101)
 XG60202: Ourense E.A.-Maceda cruce OU-103 (por OU-101)
 XG60203: PÍAS-Ourense E.A. (por OU-101)
 XG60204: Ourense E.A.-Ourense E.A.
 XG60205: Ourense E.A.-Covelo-Ourense E.A.
 XG60206: Ourense E.A.-Seixalbo-Ourense E.A.
 XG60207: Maceda (Centro)-Maceda (Centro)
 XG60208: Arcucelos-Ourense E.A. (por OU-536)
 XG60209: Vilar de Barrio (Praza Toural)-Ourense E.A. (por OU-536)
 XG60210: Os Milagres-Ourense E.A. (por OU-536)
 XG60211: Arcucelos-CEIP O Castiñeiro
 XG60212: Baños de Molgas-Ourense E.A.
 XG60213: Vilar de Barrio (Praza Toural)-Maceda cruce OU-103
 XG60214: Ourense E.A.-Seixalbo-Baños de Molgas-Maceda cruce OU-103
 XG60215: Ourense E.A.-Quintela-Baños de Molgas-Maceda cruce OU-103
 XG60216: CEIP de Maceda-Espadanedo
 XG60217: CEIP de Maceda-Rioseco (farmacia)
 XG60218: IES San Mamede-As Lagoas (por OU-101)
 XG60219: IES San Mamede-Pardeconde
 XG60220: CEIP plurilingüe de Vilar de Barrio-Aldea de Abaixo (bar Vilas)
 XG60221: CEIP de Maceda-Rodicio (pueblo)
 XG60222: IES San Mamede-Alto do Rodicio
 XG60223: Ourense E.A. – Santabaia – Esgos - Maceda - Baños de Molgas (por OU-536)
 XG60224: Ourense E.A.-Polígono-Baños de Molgas
 XG60225: Salgueiros-Baños de Molgas
 XG60226: Ourense E.A. - Parque Tecnolóxico - Maceda cruce OU (por Seixalbo)
 XG60226: Ourense E.A. - Parque Tecnolóxico - Maceda cruce OU (por Quintela)




Figura B44: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na concesión para o leste da comarca de Allariz-Maceda. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 602. Leste da Comarca de Allariz- Maceda. Xunta de Galicia (2022i)

- **XG-615: Oeste da comarca de Allariz- Maceda**

Trátase de 30 liñas que afectan ó territorio de estudo, con servizos polos concellos de Allariz, Baños de Molgas, A Bola, Celanova, Xunqueira de Ambía, Maceda e Taboadela. En cada unha delas existen numerosas paradas, sendo as seguintes:

- XG61501: Ponteambía-Baños de Molgas
- XG61502: Forxás dos Montes (marquesiña)-Allariz
- XG61503: A Coruxeira-Allariz
- XG61505: Peñaflor-CEIP Padre Feijoo
- XG61506: Busteliño (marquesiña) - IES de Allariz
- XG61507: Tosende-Allariz
- XG61508: Santa Mariña de Augas Santas-Allariz
- XG61509: A Chouzana-Xunqueira de Ambía (cruce O Portelo)
- XG61510: Xunqueira de Ambía (cruce O Portelo)-CEIP Padre Crespo
- XG61511: San Fiz (estrada xeral)-Allariz
- XG61512: San Fiz (cruce entrada pobo)-Allariz
- XG61513: Calvelo-CEIP de Baños de Molgas
- XG61514: Os Casares - IES de Allariz
- XG61515: Corvillón (marquesiña)-CEIP Padre Feijoo

XG61516: Allariz-Celanova
 XG61517: Sobrado-Allariz
 XG61518: Penelas-Xunqueira de Ambía
 XG61519: Maceda cruce OU-103-Xunqueira de Ambía
 XG61520: Vide-Baños de Molgas
 XG61521: Maceda cruce OU-103-Allariz
 XG61523: Allariz-Barrio (cruce)
 XG61524: Allariz-Pumares
 XG61525: Allariz-Casas Novas
 XG61526: Allariz-Tosende
 XG61527: Allariz-Coedo
 XG61528: Allariz-Ourense E.A.
 XG61529: Casnaloba-Xunqueira de Ambía (cruce O Portelo)
 XG61530: Busteliño (pobo)-Xunqueira de Ambía (cruce O Portelo)
 XG61531: CEIP Padre Feijoo-Requeixo(centro pobo)




Figura B45: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na concesión para o oeste da comarca de Allariz-Maceda. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 615. Oeste da Comarca de Allariz - Maceda. Xunta de Galicia (2022h).

- **UTE XG-603: Comarca de Terra de Celanova.**

Afectan ó territorio de estudo 10 liñas de autobús, con servizos nos concellos de Allariz, Bande, Celanova, Quintela de Leirado, Taboadela e Vereá.

As liñas, que acollen numerosas paradas intermedias en cada unha, son as seguintes:

- XG60301: Bande-Ourense E.A.
- XG60302: Rial, O-Ourense E.A (pasa polos concellos de Allariz e Taboadela)
- XG60303: Cortegada (Centro)-Ourense E.A. (pasa por Celanova)
- XG60305: A Manchica-Celanova
- XG60306: A Torre-Celanova
- XG60307: Cella-Celanova
- XG60310: Celanova (Centro Saúde)-Moimenta
- XG60311: Celanova (Centro Saúde)-Rabal de Arriba
- XG60312: IES de Celanova-Parbón
- XG60315: Celanova (Centro Saúde)-Quintela de Leirado




Figura B46: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na comarca de Terra de Celanova. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 603. Comarca da Terra de Celanova. Xunta de Galicia (2022k)

- **UTE XG-601: Comarca da Baixa Limia.**

A rede de conexións por autobús nesta comarca, apoiada polo plan de transporte e mobilidade da Xunta de Galicia, consta de 18 liñas que discorren polos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Porqueira, Vereda e

Xinzo de Limia. As paradas de inicio e fin, con numerosas intermedias, son as seguintes:

- XG60101: IES Aquis Querquenis-Torneiros
- XG60102: Bande-Herdadiña-Entrimo
- XG60103: Entrimo-Bande
- XG60104: Bande-Entrimo (feiras)
- XG60105: CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas-Casal do Bispo
- XG60106: CEIP Santa María A Real-Pereira (marquesiña)
- XG60107: CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas-Gaiás (marquesiña)
- XG60108: IES Aquis Querquenis-Guxinde
- XG60109: CEIP do Xurés-Puxedo
- XG60110: Vilar de Cas (marquesiña)-CEIP Valle Inclán
- XG60111: Muíños-Bande
- XG60112: Lobios (estrada)-Xinzo de Limia E.A.
- XG60113: Lobios (Centro de Saúde)-Grou
- XG60114: IES Aquis Querquenis-Esperanzo (marquesiña)
- XG60115: Entrimo (biblioteca) - Enlaces-Olelas
- XG60116: Entrimo-Olelas (cemiterio)
- XG60117: Lobios (estrada)-Silvares
- XG60118: Lobios (estrada)-Manín




Figura B47: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na comarca de Terra de Celanova. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 601. Comarca da Baixa Limia. Xunta de Galicia (2022)

- **UTE XG-611: Comarca da Limia.**

A rede de conexións por autobús nesta comarca, apoiada polo plan de transporte e mobilidade da Xunta de Galicia, consta de 54 liñas polos concellos de Baltar, Calvos de Randín, Muíños, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

As liñas, que teñen numerosas paradas intermedias, son as seguintes:

XG61101: Ordes (norte)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61102: Xinzo de Limia E.A. - IES Cidade de Antioquía
 XG61103: Hotel Xinzo - IES Cidade de Antioquía
 XG61104: Ganade (marquesiña SE)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61105: Chamusiños-Xinzo de Limia E.A.
 XG61106: Covelas (estrada)-CEIP Dos Blancos
 XG61107: Granxas (Toxal)-CEIP Carlos Casares
 XG61108: Rioseco-Os Blancos
 XG61109: Atas (marquesiña)-IES Cidade de Antioquía
 XG61110: Solveira (estrada)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61111: Lama de Paio-Xinzo de Limia E.A.
 XG61112: Viladerrei (marquesiña)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61113: Calvos de Randín (marquesiña escolar)-IES Cidade de Antioquía
 XG61114: Lama de Paio-Rairiz de Veiga (Centro)
 XG61115: A Fontela (cruce)-CEIP de Sandiás
 XG61116: A Fontela (cruce)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61117: Quilmelas (Centro pobo)-CEIP Antonio Vázquez Vázquez
 XG61118: A Cantarilla-Sandiás (cruce estrada COUSO)
 XG61119: Xironda (marquesiña)-IES Cidade de Antioquía
 XG61120: Outeiro (parque)-Rairiz de Veiga (Centro)
 XG61121: Rabal (cruce)-Sarreaus (marquesiña-NORTE)
 XG61122: Paradiña-Sarreaus + Enlace
 XG61123: San Lourenz-IES Cidade de Antioquía
 XG61124: Piñeira Seca (POBO)-CEIP de Sarreaus
 XG61125: Paradela-Xinzo de Limia E.A.
 XG61126: Rebordechao-Xinzo de Limia E.A.
 XG61127: Cristalería - IES Lagoa de Antela
 XG61128: Pena (igrexia)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61129: San Mamede (estrada)-CEIP Carlos casares
 XG61130: Meaus-CEIP de Baltar
 XG61131: Meaus-IES Cidade de Antioquía
 XG61132: Villasana-Xinzo de Limia E.A.

XG61133: Rabal (cruce)-IES Cidade de Antioquía
 XG61134: Seoane-cruce A Granxa-Xinzo de Limia E.A.
 XG61135: Piñeira de Arcos (marquesiña)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61136: Vila de Rei (cruce)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61137: San Millán (marquesiña)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61138: Randín-Xinzo de Limia E.A.
 XG61139: Rairiz de Veiga (Centro)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61140: A Serralleira-Xinzo de Limia E.A.
 XG61141: Covas-Xinzo de Limia E.A.
 XG61142: Mugueimes-Xinzo de Limia E.A.
 XG61143: Castelaus-Xinzo de Limia E.A.
 XG61144: Fonte Arcada-Xinzo de Limia E.A.
 XG61145: Randín-Xinzo de Limia E.A.
 XG61146: Xinzo de Limia E.A.-Sampaio
 XG61147: Rairiz de Veiga (Centro) - Xinzo de Limia E.A.
 XG61148: Morgade (casa alumno)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61149: Vilar de Barrio (igrexas)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61150: Vila de Rei (cruce)-Xinzo de Limia E.A.
 XG61152: Xinzo de Limia E.A. - 2 - IES Cidade de Antioquía
 XG61153: Villasana - IES Cidade de Antioquía
 XG61154: Os Blancos-Pexeirós
 XG61155: CEIP dos Blancos- Aguis




Figura B48: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na comarca da Limia. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 611. Comarca da Limia. Xunta de Galicia (2022m)

A concesión XG-614 da comarca de Verín tamén afecta aos concellos de Allariz, Sandiás, Trasmiras, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía coas seguintes tres liñas:

XG61401:Ourense E.A.-Verín E.A.

XG61409: Xironda (marquesiña)-Cualedro (afecta a Xinzo de Limia e Trasmiras).

XG61459:Ourense E.A.-Verín E.A.




Figura B49: Mapa de alcance da área e liñas de transporte público na comarca de Terra de Celanova. Fonte: Proxecto de Explotación do Transporte Público de Galicia. XG 614. Comarca de Verín. Xunta de Galicia (2022n)

O número total de liñas no territorio do GDR é de 144 (contando as dúas que unen Allariz e Xinzo con Verín e Ourense). Este valor permite unha marxe de mellora na atención ós maiores e ás persoas que viven máis afastadas dos centros de servizos e da centralidade administrativa. Moitas desas liñas teñen como destino ou saída as estacións ou paradas principais de autobuses das vilas

máis importantes. Xinzo de Limia é, dende logo, a principal, cun total de 31 liñas, e logo Allariz con 16.

A pesares de que moitas das liñas aquí expostas presentan frecuencias moi baixas, ás veces en días alternos; malia que algunhas paradas seguen o formato de “parada baixo demanda”; e que un número sensible de liñas dependen dos horarios dos centros escolares, existe unha ampla rede de viaxes de autobús entre os núcleos principais, os lugares con singularidades educativas, culturais, sanitarias ou relixiosas, e entre moitas das aldeas coas súas cabeceiras.

Débese lembrar tamén, por último, que as liñas dependentes de centros escolares acadaron un uso compartido, con certas restricións pero útiles para moitas persoas sen vehículo propio no ámbito rural. É por iso que esta base, e tendo en conta o esforzo da Administración por estudar a realidade de cada comarca, é un bo alicerce para tentar mellorar e fortalecer o transporte público no medio rural galego e vertebrar os territorios coas súas vilas centrais, para o cal deben establecerse tanto un tamaño de vehículo acorde cos usuarios e fórmulas que teñan en conta as necesidades reais da poboación.

2.6.2. Tecnoloxías da información e comunicación.

En agosto de 2022 o 22,9% das vivendas galegas (máis de 373.000), non tiñan un acceso a internet ultrarrápido, e dispoñían de redes que non acadaban os 100 Mbps. Dese xeito, Galicia estaba na cola do Estado, só por diante de Castela e León, razón pola cal o goberno pretende mellorar ata un 85% dito acceso para 2023. A porcentaxe de vivendas que si tiñan acceso a internet ultrarrápido só acadaba nesa data o 70,6% na provincia de Ourense (Paula Pérez, “El Periódico de España” <https://www.epe.es/es/>, agosto de 2022).

Estas cifras negativas mesmo non cadran coa realidade que atopamos en todo o rural galego, xa que en moitísimos casos non se acada a velocidade declarada polas empresas fornecedoras dese servizo. Trátase dunha realidade moi enganosa que afecta á accesibilidade dos cidadáns a servizos básicos e ás plataformas de comunicación social e de ocio, igualmente fundamentais para as áreas nas que a poboación é cada vez menos numerosa e a distancia física entre os residentes maior.

Respecto á telefonía móbil, a tecnoloxía 4G, chegaba segundo os informes do Ministerio de Asuntos Económicos a practicamente todo o territorio galego, cun alcance do 99,96% da poboación. A mesma fonte aseguraba que o 5G tamén avanzaba e podían acollerse a el o 61,97% dos galegos. Neste caso, Galicia xa non estaba á cola senón que se convertía na cuarta comunidade autónoma por cobertura 5G.

Analizando os datos concretos, o Ministerio de Asuntos Económicos de España (2022) ofrécenos datos por municipios para xuño de 2021, nos que é posible recoñecer o acceso á Banda Ancha no territorio do GDR.

País	Habitantes	Viviendas (Catastro Agosto 2020)	VDSL 30Mbps (junio 2021)	Inalámbrico fijo (junio 2021)	FTTH (junio 2021)	HFC (junio 2021)	Cob. 30Mbps (junio 2021)	Cob. 100Mbps (junio 2021)	4G (junio 2021)	5G (junio 2021)
España	47.450.795	25.389.709	12,04%	38,63%	87,45%	36,75%	96,22%	88,31%	99,91%	58,98%
GALICIA	2.701.819	1.629.561	14,07%	42,67%	73,88%	47,16%	93,00%	77,10%	99,96%	61,97%
Coruña, A	1.121.815	624.138	12,08%	36,72%	78,27%	57,09%	94,31%	82,70%	99,98%	67,96%
Lugo	327.946	252.126	18,09%	45,03%	58,61%	36,91%	89,92%	61,35%	99,88%	46,84%
Ourense	306.650	267.176	16,60%	45,76%	69,10%	32,02%	91,48%	70,58%	99,90%	52,94%
Pontevedra	945.408	486.121	13,16%	47,38%	78,78%	48,04%	93,75%	81,67%	99,99%	63,03%
GDR	47.989	55.967	22,77%	69,66%	52,24%	4,32%	87,42%	52,52%	99,73%	15,86%
Allariz	6.245	7.786	6,43%	32,48%	66,63%	24,78%	83,32%	66,63%	100,00%	76,15%
Baltar	942	1.271	60,76%	16,45%	25,89%	0,00%	80,38%	25,89%	97,60%	0,00%
Bande	1.498	2.106	25,07%	96,58%	31,39%	0,00%	98,29%	31,39%	100,00%	20,05%
Baños de Molgas	1.493	2.611	3,24%	80,19%	28,42%	0,00%	90,09%	28,42%	100,00%	0,00%
Blancos, Os	755	1.036	0,00%	99,34%	82,63%	0,00%	99,67%	82,63%	100,00%	0,00%
Bola, A	1.113	1.501	12,61%	91,21%	43,30%	0,00%	95,61%	43,30%	100,00%	0,00%
Calvos de Randín	735	1.337	26,99%	43,31%	22,44%	0,00%	68,02%	22,44%	98,75%	3,68%
Celanova	5.644	4.689	6,62%	34,78%	58,52%	35,81%	82,59%	65,17%	100,00%	0,00%
Entrimo	1.109	1.309	38,36%	78,42%	66,69%	0,00%	89,21%	66,69%	99,03%	0,00%
Xinzo de Limia	9.637	9.167	11,09%	25,28%	84,92%	47,47%	92,60%	85,20%	100,00%	82,32%
Xunqueira de Ambía	1.374	1.964	18,80%	72,46%	80,91%	0,00%	90,45%	80,91%	99,25%	1,44%
Lobeira	768	1.004	5,45%	53,86%	19,12%	0,00%	66,15%	19,12%	98,79%	2,70%
Lobios	1.678	1.896	13,92%	84,25%	72,05%	0,00%	92,12%	72,05%	100,00%	0,00%
Maceda	2.839	3.981	24,00%	95,12%	60,76%	0,00%	97,56%	60,76%	100,00%	0,00%
Muiños	1.466	1.688	0,00%	73,36%	19,73%	0,00%	83,23%	19,73%	100,00%	7,75%
Porqueira	823	1.046	0,00%	94,59%	78,39%	0,00%	97,29%	78,39%	100,00%	53,31%
Quintela de Leirado	630	651	31,33%	88,85%	26,57%	0,00%	94,42%	26,57%	100,00%	0,00%
Rairiz de Veiga	1.228	1.440	0,00%	90,83%	46,11%	0,00%	95,41%	46,11%	100,00%	57,83%
Sandiás	1.198	1.936	60,80%	78,75%	48,04%	0,00%	89,38%	48,04%	100,00%	35,51%
Sarreus	1.145	1.375	59,83%	56,16%	50,55%	0,00%	79,92%	50,55%	100,00%	0,00%
Taboadela	1.417	1.231	10,75%	94,54%	57,76%	0,00%	97,27%	57,76%	100,00%	7,51%
Trasmiras	1.263	1.352	69,43%	68,29%	72,63%	0,00%	86,32%	72,63%	100,00%	9,12%
Verrea	912	1.092	33,02%	37,12%	9,52%	0,00%	58,40%	9,52%	100,00%	0,00%
Vilar de Barrio	1.283	1.551	50,86%	67,44%	64,86%	0,00%	83,72%	64,86%	99,90%	0,00%
Vilar de Santos	794	947	0,00%	87,80%	88,28%	0,00%	94,14%	88,28%	100,00%	39,23%

Táboa B29. Porcentaxe de vivendas alcanzadas polas diferentes tecnoloxías de comunicación no GDR e os seus concellos, ademais das provincias galegas, España e Galicia. Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos de España (2022). FTTH significa Fibra ata a vivenda, sendo o substituto del ADSL; HFC é a fibra híbrida coaxial, sistema no que a fibra non entra directamente na vivenda da casa, senón que utiliza unha combinación de fibra óptica ata un elemento externo común e cable coaxial para chegar aos fogares. Por último, VDSL significa "liña de abonado dixital de moi alta taxa de transferencia", sendo un ADSL evolucionado, pero que aínda utiliza cable de par trenzado da liña telefónica convencional.

Os datos que se obteñen do Ministerio anímánnos a repetir a idea de que, nos territorios rurais e, máis aínda, naquelas áreas afastadas e serráns, non se percebe o cumprimento das estatísticas. A realidade é bastante máis prosaica. Repítese moi a miúdo o feito de que os datos ofrecidos polas empresas non se axustan á realidade e constitúe un calvario para os residentes nestas zonas conseguir unha boa conexión a internet e unha cobertura digna para a comunicación móbil.

Os valores que ofrece o VDSL (liña de abonado dixital de moi alta taxa de transferencia), o peor acceso a internet, ten nos territorios nos que se circunscribe o GDR uns valores baixos, neste caso circunstancia positiva, do

10%-20%, que xa o GDR supera (22%). Dentro desta media, algúns concellos como Os Blancos, Muíños, Porqueira, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos presentan cifras inasumibles do 0%, que entendemos como un problema mostral. A serie presenta moitas varianzas na que os datos elevados, seguramente, fan referencia a unha realidade máis estendida en todo o territorio, pero que só atinxe nos valores aos concellos de Baltar, Sandiás e Trasmiras, por riba do 60% ou Sarreaus e Vilar de Barrio, por enriba do 50%.

Pola contra, a fibra, no mellor sistema de acceso a internet (Fibra ata a vivenda; FTTH), presentaba valores moito máis elevados nas escalas provincial (69%, autonómica (74%) e estatal (87%) que no ámbito do GDR, onde descende a 52%, existindo unha variabilidade interna grande. Nesta ampla forza evidéncianse as diferencias no acceso entre os concellos das vilas (Xinzo de Limia, 84,9%, o valor máis alto logo de Vilar de Santos, e moi preto da media española; Allariz, 66,6%; Celanova, 58,5%; Maceda, 60,8%; Bande, 31,2%), e entre estas e os concellos máis rurais. Neste últimos mostran <20% Muíños, Lobeira e Verea; e entre o 20% e o 40% Baltar, Baños de Molgas, Calvos de Randín e Quintela de Leirado.

Malia todo, demostrando a irregularidade da serie e a motivación economicista que dirixe a implantación da rede, existen illas de elevada accesibilidade (Vilar de Santos, 88%, por riba da media española e galega; Os Blancos 83%; Xunqueira de Ambía 81%; Porqueira, 78%). Os concellos así destacados responden, seguramente, ós impulsos de extensión da rede de fibra por intereses e demandas concretas.




Figura B50. Porcentaxe de vivendas alcanzadas polas tecnoloxías de acceso a internet VDSL e FTTH no GDR e os seus concellos, ademais das provincias galegas, España e Galicia. Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos de España (2022). FTTH significa Fibra ata a vivenda, sendo o substituto del ADSL; HFC é a fibra híbrida coaxial, sistema no que a fibra non entra directamente na vivenda da casa, senón que utiliza unha combinación de fibra óptica ata un elemento externo común e cable coaxial para chegar aos fogares. Por último, VDSL significa “liña de abonado dixital de moi alta taxa de transferencia”, sendo un ADSL evolucionado, pero que aínda utiliza cable de par trenzado da liña telefónica convencional. Elaboración propia.

No referente á accesibilidade de calidade na telefonía móbil, cabe indicar o case que completo acceso á tecnoloxía 4G, pero tamén a moi escasa e irregular no 5G, demostrando unha “colonización” selectiva que, como no anterior caso, non só progresa a impulsos de base económica, senón que fai dubidar da efectividade naqueles emprazamentos que as bases de datos dan como ben dotadas. O territorio do GDR acada un 15,9%, pero grandes áreas quedan fóra deste 5G, e outros concellos presentan un acceso moi minoritario. Só Xinzo de Limia e Allariz se achegan ó 80%, superando as medias provinciais, autonómica e estatal. Entre o 50% e o 60% atópanse os concellos de Porqueira e Rairiz de Veiga. Mentres, cun salto cualitativo cara ao baixo, entre o 30% e o 40% aparecen Vilar de Santos e Sandiás; illado nunha posición moi baixa temos a Bande que presenta un 20%; por último, os demais concellos, ata un número de 12, aparecen por debaixo do 10%, incluíndo Celanova e Maceda, cun acceso moi minoritario a esta potencialidade de comunicación.




Figura B51. Alcance ás tecnoloxías de cobertura móbil 4G e 5G no GDR e os seus concellos, ademais das provincias galegas, España e Galicia. Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos de España (2022). Elaboración propia.

O progreso na accesibilidade a internet e na cobertura de telefonía móbil é, nos tempos que corren, unha necesidade imperiosa para os cidadáns. Por iso debe ser unha obriga de toda Administración dotar ou demandar que se leven a cabo as infraestruturas e investimentos necesarios para tal fin. A chegada da fibra ós fogares, e unha cobertura móbil notable, melloran a calidade de vida dos cidadáns e o acceso aos servizos administrativos a distancia de sectores tan importantes como o educativo e o sanitario. Este son básicos para unha poboación que presenta valores de instrución baixos e necesidades asistenciais elevadas. A fibra vai estendéndose polo territorio a impulsos, que a demanda real pode non cubrir, pero que os gobernos deben impoñer para que a brecha dixital e tecnolóxica non se cebe con espazos economicamente en perigo. Só a marca economicista no mercado explica que sexan as vilas as mellor dotadas, e só intereses concretos fan comprensible que algúns concellos afastados presenten valores moi elevados, ás veces maiores que os lugares centrais e os corredores de maior densidade demográfica e dinámica laboral.

2.6.3. Servizos de auga e saneamento

Valorando a información que se pode obter para todos os concellos do ámbito do GDR na fonte de datos compilada pola Deputación Provincial de Ourense denominada EIEL (Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais), con data de actualización accesible por fichas en 2017, seleccionase unha serie de indicadores para analizar a da calidade no servizo e os progresos no acceso á auga potable comunitaria e a un saneamento correcto:

Recollida selectiva de Residuos Sólidos Urbanos

Por unha banda resulta interesante, comparativamente, tratar a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos (Figura B52 e B53) a partires da taxa de recipientes de diferentes tipos por habitante. Isto dá unha idea da preocupación política e da atención ao cidadán, ao tempo que se mide o compromiso ambiental desenvolvido no ámbito. Para mellorar a comprensión dos datos, traduciuse a información a unha taxa para cada 100 habitantes.

As categorías de recipientes tratadas (EIEL, Deputación Provincial de Ourense, 2022) son: Orgánica, Envases e plásticos, Papel ou cartón, Vidro, Pilas e Non selectiva. Por unha banda, cabe destacar que as categorías de Envases e plásticos e Orgánica presentan nos datos valor “0” en todos os concellos, polo que non se trataron estatisticamente.




Figura B52: Taxa por cada 100 habitantes dos distintos tipos de recipientes para a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos: Non selectivo. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

Os resultados respecto ós recipientes de recollida "Non selectiva", isto é, os abundantes, de cor verde, caracterízanse polas amplas diferencias municipais no abastecemento, cun ratio que no caso dos concellos das vilas é moi inferior, tal é o caso de Allariz, Maceda, Celanova e Xinzo, que están darredor dos 5 contenedores por cada 100 habitantes, é dicir, 1 contenedor para cada 25 persoas. É rechamante que sexan estes os menos dotados pois tampouco presentan valores especialmente sobresaíntes na recollida selectiva. Pode

deberse á concentración da poboación, xa que a dispersión demográfica fai necesaria a multiplicación das estacións de recollida, que teñen que realizarse en todos os núcleos habitados. Se a media da área do GDR está en 8,4 cada 100 habitantes, isto é, 12 contenedores por cada 100 habitantes, os concellos que presentan un maior abastecemento son moitos do rural das terras altas, por exemplo Lobeira, Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Entrimo, Muíños e Lobios, que acadan e superan os 10 contenedores por cada 100 persoas (1 por cada 10 persoas) (Baltar é o maior con 12,6 isto é un recipiente cada 8 habitantes).




Figura B53: Taxa por cada 100 habitantes dos distintos tipos de recipientes para a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos: "Pilas", "Papel ou cartón" e "Vidro". Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

Segundo a EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022), na recollida selectiva detectouse, para 2017, en relación cos recipientes do tipo Envases e plásticos, un déficit estendido por todo o territorio do GDR. Adoecendo en parte desta mesma tendencia atópamos a recollida de Pilas, na que tan só contan con lugares específicos os concellos de Allariz, Bande, Entrimo, Muíños, Trasmiras e Vilar de Santos. Entrimo é o que mellor ratio presenta, con 0,24 recipientes por

cada 100 habitantes, isto é, 1 contenedor para cada 417 persoas. Trasmiras presenta unha taxa de 0,14 por cada 100 habitantes, é dicir, 1 contenedor para cada 714 habitantes. Xa se achegan aos 1000 habitantes por contenedor os concellos de Muíños (1 para cada 833 habitantes) e Vilar de Santos (1 para cada 909 persoas), valor que xa supera Bande (1 recipiente por cada 1.666) e, en moito, Allariz (1 contenedor para cada 5.000). Este último concello, modelo histórico da recollida selectiva, está neste punto moi por riba da media do GDR (1 cada 3.333 persoas). Dende logo, os valores son moi baixos e urxe unha mellora en alcance territorial e taxa por habitante.

As recollidas selectivas con maior presenza no GDR son a de Papel ou cartón e a de Vidro destacándose as circunscricións de Allariz, Bande, Entrimo e Vilar de Santos, por contar con estas dúas materiais e a de Pilas, a sinalar, Entrimo e Vilar de Santos, coas mellores taxas. Vilar de Santos con 1,57 de vidro por cada 100 habitantes (1 contenedor cada 64 persoas), e 0,78 de papel e cartón por cada 100 (1 por cada 128 persoas), é a circunscrición cos valores máis altos da área de estudio.

A recollida do vidro está presente en todos os concellos, e o GDR ten unha media de 1 contenedor para cada 156 habitantes. A media é baixa se temos en conta o gran consumo de envases lixeiros que se fai en todos os fogares, facilmente comprobable nas nosas casas. O caso da categoría “Papel ou cartón” empeora ao anterior en cifras, xa que a media do GDR se atopa en 417 habitantes por cada contenedor e, en 2017, non tiña recollida específica en Os Blancos, A Bola, Celanova, Sandiás e Trasmiras. Reforza esta idea o feito de que presenta valores só testemuñais, por riba dos 400 habitantes por contenedor, noutros dez concellos (Baltar, Baños de Molgas, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sarreaus e Vereá). Algún como Sarreaus superan os 1.000 (1 contenedor para cada 1.250 persoas), Lobeira, por enriba dos 800, e os de Quintela de Leirado, Vereá, Muíños, Lobios e Baltar en 500 ou máis. Trátase pois dun territorio deficitario na recollida selectiva en todos os seus tipos.

Mención especial merece o concello de Allariz, que ten entrado nun programa especial en atención á recollida selectiva “Programa RE: compostaxe comunitario de materia orgánica doméstica”, iniciado en 2014 polo concello de Allariz, seguindo os consellos do Plan de Acción da Reserva da Biosfera da Área de Allariz, como parte do Programa MAB da UNESCO. O acrónimo “RE” recolle as ideas “RE” de xestión dos RSU: REcuperar, RExenerar, REiniciar, co lema “Recuperar o pasado, garantir o futuro (‘Alimentando Alternativas y Políticas Públicas, consultado o 28 de novembro de 2022).

Seguindo a esta fonte, a política municipal previa aos anos de implantación desta iniciativa, con forte implantación da participación cidadá, é vital para entender a aposta pola recollida selectiva. O programa ten como obxectivos o fomento da

autocompostaxe familiar e a compostaxe comunitaria; a recollida da materia orgánica “porta por porta” e a mellora na recollida selectiva dos residuos sólidos urbanos, tendo en conta as diferencias entre as realidades rural e urbana do concello. Con esta iniciativa, a finais de 2016, instaláranse 22 illas de compostaxe na vila, con 360 contedores de refugалlos comúns, 165 de envases lixeiros metálicos e de plástico, 56 de vidro e 28 de papel-cartón. Esta fonte non coincide exactamente cos datos da EIEL (2017), algo que pode deberse á non inclusión nesa fonte dos resultados do proxecto a finais do 2016, ano no que, con seguridade, foron recompilados os do EIEL.

Segundo os datos do concello dese ano, alcanzárase xa o 40% da poboación, contando con continuar ata alcanzar o 60% restante. Tamén Allariz conta cun punto limpo no polígono de Chorente, o cal, ademais, ten coa función de Punto de Recollida e Recuperación (RER). Este tipo de iniciativas poderían estenderse a outros concellos valorando, iso si, as características demográficas, físicas e de hábitat concretas de cada un deles.

Seguindo co estudo que nos ocupa, tamén se tivo en conta a importancia da existencia de “puntos limpos”, razón pola cal optouse por incluílos mediante unha cartografía específica compartida coas EDAR (Figura B52). Os concellos que posúen puntos limpos son: Allariz, Muíños, Bande, Calvos de Randín, Xinzo de Limia e Vilar de Santos, todos eles cun só punto limpo. Rechamante é que concellos como Celanova ou Maceda non conteñan esta iniciativa segundo a EIEL de 2017 (Deputación Provincial de Ourense, 2022).

Rede de Saneamento

Outro dos servizos á comunidade que debe valorarse é a extensión e alcance da rede de saneamento, tanto por motivos de salubridade como de modernidade e responsabilidade ambiental. Para medila, a nivel municipal e no conxunto do territorio do GDR, entendeuse como interesante, a partires dos datos da EIEL (2017), establecer a comparación, porcentual, entre a lonxitude do alcantarillado activo e a lonxitude de rúas existente en núcleos (Figura B 54). O valor da idea do cubrición real diante da ideal para esa categoría de vieiro. Os datos poden parecer elevados, sobre todo se observamos a lonxitude enchida polas barras na gráfica, pero deberiamos pensar no feito de que moitos concellos non alcanzan o 60% desas vías dotadas de rede de alcantarillas.

Certo é que moitos núcleos se atopan parcial ou maioritariamente baleirados de habitantes, pero a dotación debe estar cumprimentada se hai cédulas de habitabilidade para favorecer o retorno ou a chegada de novos residentes. Só Celanova, Sarreaus e Trasmiras superan o 80% mentres Bande, Vilar de Barrio,

Sandiás e Rairiz de Veiga suben do 70%. O territorio conxunto do GDR ten unha media do 63,5%, bastante fiel ó que pasa na maioría de circunscripcións municipais.




Figura B54: Porcentaxe da lonxitude de rúas en núcleos que se atopan cubertas pola rede de alcantarillado. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

Algúns concellos, ademais, tiveron a iniciativa de calcular as necesidades de ampliación da rede de saneamento, a partir do cal se puido calcular a porcentaxe da mesma en termos de logro acadado ata o momento (Táboa B 30). Este cálculo realizouse mediante cociente entre os quilómetros existentes, e os necesarios (demanda + existentes), pasando o resultado a tantos por cen. Os datos para os concellos non mencionados na táboa aparecían na estatística como “0”. Esta cifra valorouse como unha falta de información e non como un cumprimento do 100% das necesidades. Centrándonos nos concellos que si aportaban valores, estes demostran requirimentos variados. Se Allariz e Baños de Molgas estiman que cubriron máis dun terzo da lonxitude de sumidoiros ideal, aínda poñéndonos no mellor dos casos, é obrigado concluír que se trata dun tipo de infraestrutura e servizo no que hai que seguir traballando. É posible que, para o conxunto do GDR sexa esta a tónica, a media, tendo en contra que outros

concellos só acadaron cifras entre o 10% e o 20%, e que algúns, como Sandiás (71%) presentan valores excepcionais.

Concello	% Alcantarillado / lonxitude viario en núcleos
Allariz	34,0
Baños de Molgas	43,3
A Bola	14,9
Celanova	9,1
Maceda	13,3
Quintela de Leirado	19,1
Sandiás	71,2

Táboa B30: Porcentaxe de rede de alcantarillado cuberta respecto á demanda calculada. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

Por último, calculouse a porcentaxe de poboación que non ten acceso ós servizos de EDAR, é dicir, o tanto por cen de habitantes do concello e do GDR que, tendo rede de saneamento, esta non pasa polo tratamento dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (Figura B 55).

Trátase doutro indicio do compromiso da Administración respecto das condicións de salubridade nos servizos fundamentais. A existencia de valores moi elevados en concellos como Bande, Lobeira, Taboadela, Sarreaus, Calvos de Randín e Vereá, separados xeográficamente e pertencentes a todas as comarcas implicadas no GDR xa é un indicador de que non existe un traballo supramunicipal que ordene este servizo, senón que se trata da consecuencia de accións individualizadas a nivel de concello. A forza de situacións é elevada, pois atopamos concellos rurais e urbanos cunha cubrición EDAR elevada (Xinzo, Celanova, Vilar de Santos e Maceda, derredor do 80%) e outros, como os xa citados, que presentan unha situación contraria. O ámbito do GDR presenta un 48% de cumprimento, é dicir que, groso modo, a metade das persoas conta co servizo dunha EDAR, rango ó que se aproximan Xunqueira de Ambía, Trasmiras, Rairiz de Veiga, Lobios e A Bola. Outras circunscricións superan estes valores claramente levando a súa situación a un modelo que se queda por debaixo das expectativas, sendo o caso de Baltar, Os Blancos, Baños de Molgas, Entrimo, Quintela de Leirado e Vilar de Barrio.




Figura B55: Porcentaxe de poboación de cada municipio e do conxunto do territorio GDR que, tendo rede de saneamento, non recibe tratamento EDAR. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Datos actualizados a 2017. Elaboración propia.

Xa comentada a escaseza de puntos limpos, un servizo este que debe ser ampliado a tenor da existencia, cada vez máis -debido á obsolescencia programada- dun gran número de residuos de gran tamaño ou toxicidade, é óbice centrarse no parque de estacións EDAR que existe no territorio GDR (Figura B56). O alcance xeral cobre todas as comarcas e zonas, pero existen algúns concellos que non contan con este tipo de estacións: Quintela de Leirado, Lobeira, Verea, Bande e Muíños, da parte centro occidental; e Sarreaus na parte oriental. Destacan polo seu número de estacións os concellos de Xinzo de Limia, con 8; Sandiás e Lobios con 4; Allariz, Maceda, Trasmiras e Xunqueira de Ambía, todos con 3; e Vilar de Santos, Porqueira, Calvos de Randín e Baltar, con 2.




Figura B56: Mapa da distribución de EDAR e puntos limpos no territorio do GDR Limia-Arnoia. Fonte dos datos: Base de datos EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Datos actualizados a 2017; Base cartográfica: Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do “Instituto Geográfico Nacional”. Elaboración: modificación propia.

Abastecemento colectivo municipal de auga potable

No abastecemento de auga potable, cos datos existentes, é aconsellable valorar a lonxitude da rede, o seu alcance, polo que se tratou dito dato, o da lonxitude total da rede no concello, en relación co número de habitantes (Figura B57). Deste xeito sae unha taxa de lonxitude por habitante, o que indica a cobertura que o territorio posúe nesta importante regulación do acceso á auga tratada e, polo tanto, garante de salubridade. Lonxe de querer argumentar en contra das traídas de comuneiros, que poden ser unha interesante solución diante da acción individualizada de pozos particulares e ante a imposibilidade que teñen as circunscripcións municipais de acadar o territorio con captacións para todos os seus cidadáns, dificultadas polo relevo e a dispersión no hábitat, este dato nos aporta unha idea da preocupación e o esforzo que os municipios tiveron por

solucionar este dereito que teñen os cidadáns a ter un servizo de augas con garantías.

Os factores recentemente aludidos como limitantes á hora de establecer un servizo municipal de augas teñen, a bo seguro, influencia nos baixos valores que presenta a taxa que relaciona lonxitude das canalizacións de abastecemento respecto da poboación total municipal. O territorio do GDR presenta un valor medio de 18 metros por habitante, similar ao presente nos concellos de Bande, Os Blancos, Entrimo, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás e Vereá, todos eles nunha forza de entre 15 e 20 metros por residente. Por debaixo, Maceda, A Bola e Muíños quedan na clase de 10 a 15 metros e, máis abaixo, Allariz, Celanova, Taboadela e Xinzo non acadan os 10 metros. A condición de elevada urbanización dos mesmos pode estar detrás destes baixos valores, todas vez que son lugares centrais e con poboamento moi concentrado que non necesitan de longos investimentos.

Con bastantes máis metros que a media, ben dotados, atendendo ás necesidades do seu hábitat, temos a Baltar, Bande, Baños de Molgas, Lobeira, Lobios, Trasmiras, Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía presentando todos entre 20 e 25 metros por habitante, e deixando no cumio do servizo a Sarreaus e Vilar de Santos, cunha lonxitude que supera este último valor.




Figura B57: Taxa da lonxitude de rede de abastecemento de auga por habitante en metros. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Datos actualizados a 2017). Elaboración propia.

Para complementar a información deste subapartado enténdese que é sintomático informar acerca da poboación que non conta co servizo dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP). Resolveuse entón unha sinxela operación de cálculo da porcentaxe de habitantes que teñen acceso a ela en cada concello (Figura B58) podendo obter, con facilidade tamén, o que sucede no conxunto do territorio do GDR.

Segundo os datos da EIEL, os concellos de Baños de Molgas, Quintela de Leirado e Taboadela non presentan poboación sen controlar o consumo de augas mediante unha ETAP. Existen concellos moi próximos a unha situación ideal, pois non acadan o 10% da poboación con abastecemento fóra deste tratamento. Trátase de Allariz, Trasmiras, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía. Pero o tratamento de augas por parte de traídas de comuneiros nas aldeas, cun seguimento serio e auspiciado polos servizos municipais podería salvagardar a saúde dos usuarios ó tempo que atomizar as captacións controladas.

Dito isto, o GDR presenta, como media, un 32% da poboación baixo o paraugas das ETAP, porcentaxe derredor do 30% que comparten Os Blancos e Lobios e, baixo o cal, demostrando un dato moi bo, aparece Celanova cun 20%. A maior parte dos concellos atópase por riba da media, dando a idea de que os valores menos frecuentes e extremos son os distribuídos por debaixo da media. Os concellos de Bande, A Bola, Rairiz de Veiga, Sandiás e Vilar de Barrio teñen entre un 40% e un 60% dos habitantes sen tratamento ETAP; superan o 70% os de Baltar, Entrimo, Lobeira e Vereas; e obteñen a maior porcentaxe de usuarios sen o control de consumo de augas por unha estación de tratamento de augas potables, con números que superan o 80%, os de Calvos de Randín, Maceda, Muíños, Porqueira e Sarreaus.




Figura B58: Porcentaxe de poboación con rede de abastecemento pero que non ten acceso ó servizo dunha estación de tratamento de auga potable. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

2.6.4. Servizos á sociedade

No referente á valoración da calidade que as distintas circunscricións municipais desenvolven nos servizos sociais á comunidade, por razóns de fontes estatísticas, resulta interesante dividir en tres apartados a información, isto é, en servizos sanitarios, deportivos e culturais e asistenciais.

Servizos sanitarios

Dentro dos servizos sanitarios apórtase a información da distribución e rango dos servizos básicos ofrecidos. Na figura B59 fíxose un reparto dos mesmos polas cabeceiras municipais, podendo así distinguir a importancia dos núcleos en función da variedade e especialización existente. Como cabería agardar, Xinzo de Limia, Bande, Celanova e Allariz se atopan nun banzo superior, xa que aos servizos de centro de saúde de atención primaria, suman os de urxencia en atención primaria. Os cidadáns terán que desprazarse á capital provincial no caso de urxencias de maior rango. Polo demais, todos os concellos presentan

un servizo concentrado da atención sanitaria básica nas súas cabeceiras, acompañada do complementario servizo de farmacia, favorecendo así a efectividade dos desprazamentos dos habitantes que non residen nos núcleos municipais. O lugar no que máis separados aparecen estes dous servizos é Muíños, onde entre o centro de saúde e a farmacia median 1,3km de distancia, uns 3 minutos en coche.




Figura B59: Mapa dos servizos sanitarios do GDR Limia-Arnoia. Fonte dos datos: Mapa de Servizos Sanitarios de Galicia. Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia (Xunta de Galicia, 2022o). Base cartográfica: Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do “Instituto Geográfico Nacional”. Elaboración: modificación propia.

Ademais desta distribución e valoración cualitativa, realizouse unha análise comparativa do “Ratio sanitario” a nivel municipal e para o GDR. Esta taxa relaciona a superficie dos centros médicos existentes no territorio de estudo e a poboación á quen dan servizo permanente, isto é, aos residentes censados en

ditas circunscricións municipais. A figura B60 recolle graficamente esta razón matemática. Tan só un concello é capaz de superar o valor de 1 m²/hab., o de Baños de Molgas, unha excepción para un espazo no que a media se atopa en 0,3 m²/hab. e que presenta oito concellos que non acadan os 0,2 m²/hab., malia que a clase máis repetida é a dos que quedan entre 0,2 e 0,4 m²/hab. (12 concellos). Outros municipios con dotación claramente destacada por riba da media son os de Vilar de Santos (0,67 m²/hab.) e Lobeira (0,6 m²/hab.), seguidos de Quintela de Leirado (0,48 m²/hab.), Calvos de Randín (0,46 m²/hab.) e A Bola (0,41 m²/hab.).

Nesta variable, como pode observarse, non son as principais localidades as mellor dotadas, malia que teñan servizos máis especializados, senón que os concellos afectados por unha importante perda demográfica son os que conseguen mellores taxas, precisamente por este despoboamento e non por unha iniciativa diferencial por parte da Administración autonómica. Danos, en todo caso, unha idea do cumprimento das necesidades sanitarias existentes no territorio e dos desequilibrios internos entre concellos cunha similar realidade xeográfica.




Figura B60: Ratio sanitario. Metros cadrados dos centros de cada concello por habitante. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022). Elaboración propia.

Servizos educativos

No referente ós servizos educativos, non se entrou na valoración diferencial dos investimentos respecto a outras comarcas ou Galicia porque a política de centros é semellante e homoxénea para toda a Comunidade, primando a concentración nas cidades e, dende elas, nas vilas de maior rango. É por iso que no mapa educativo (Figura B61) observamos unha especial concentración de centros e unha maior variedade dos diferentes niveis educativos nas vilas de Xinzo, Celanova, Allariz, Maceda e Bande, refrendando o seu papel de núcleos reitores de cada territorio comarcal. Xinzo, con 12 centros moi repartidos nos distintos tipos e niveis educativos, constitúe un feito diferencial, seguido de Celanova, que duplica centros en todos os niveis salvo o Bacharelato. Maceda completa todo o arco incluíndo a Formación Profesional, circunstancia que, segundo os datos EIEL do 2017 (Deputación de Ourense, 2022) non presenta Allariz, quen ademais ten concentradas as ensinanzas nun só centro por cada nivel. Na

mesma circunstancia atópase Bande. Perderon a súa función educativa Calvos de Randín, Lobeira, Porqueira, Quintela de Leirado, Trasmiras, Vereá e A Bola, un problema que ten peores consecuencias nos lugares máis afastados (Quintela, Lobeira e Calvos), onde os nenos teñen que invertir máis tempo no desprazamento para recibir este indispensable dereito.




Figura B61: Mapa dos servizos educativos do GDR Limia-Arnoia. Fontes dos datos: CC.OO. (2022) (información actualizada a 2022); Deputación de Ourense (2022)(información actualizada a 2017). Base cartográfica: Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do “Instituto Geográfico Nacional”. Elaboración: modificación propia.

Servizos culturais e deportivos

Dentro dos servizos culturais tomouse en consideración a presenza individualizada dalgúns deles, neste caso as bibliotecas e os museos (Figura B62), pero tamén a súa valoración conxunta mediante a análise duns ratios deportivo e cultural (Figura B63). Co mesmo obxectivo, fíxose unha busca dun recurso de ocio e cultura que cada vez é máis exclusivo dos grandes núcleos e

ciudades, como é o do cine, podendo dar así constancia da importancia dalgunha vila central.

Celanova, Xinzo e Allariz destacan na rede de bibliotecas e museos tanto polo número de centros como pola presenza de ambos os dous tipos. Se Allariz é un lugar museístico por antonomasia, recoñecido como tal no ámbito galego, no que incluso o coidado da vila se converte nun activo, nun museo urbano cheo de vitalidade, Celanova e Xinzo posúen cada un biblioteca e dous museos. Máis alá destas vilas, Entrimo, Bande e Xinzo posúen un centro de cada tipo. Os demais concellos que presentan algún dos dous recursos acollen unha biblioteca salvo Baltar que non a ten pero atesoura o museo Nelson Zumel, coas obras do propio pintor, e Baños de Molgas que, no mesmo caso, ten o Museo Moncho Borrajo, o cal si conta cunha biblioteca persoal no espazo dedicado ao humorista. Pola súa parte, posúen Biblioteca pero non museo A Bola, Quintela de Leirado, Bande, Lobios, Muíños, Porqueira, Trasmiras, Vilar de Barrio e Rairiz de Veiga.

Celanova acolle os museos de Casa dos Poetas, lugar de nacemento de Manuel Curros Enríquez, sobre o autor e sobre Celso Emilio Ferreiro; e o de Castro Celanova, onde se recrea un poboado castrexo cerca do xacemento de Castromao. Xinzo de Limia conta co Museo Galego do Entroido e co Museo da Limia, ambos os dous etnográficos, un deles temático. En Bande atopamos o centro de interpretación do asentamento romano de *Aquis Querquenis*. Entrimo posúe un museo municipal dedicado á etnografía. Os museos de Allariz, numerosos e variados, levan os seguintes nomes: Museo Galego do Xoguete, Museo do Coiro, Museo da Moda, Museo de Arte Sacra de Santa Clara, Ecoespazo O Rexo, Cibdá de Armeá (en Augas santas), Museo do Muíño, Hórreo de Allariz e MIAS-Fundación Aser Seara.

Xinzo de Limia é a única localidade do GDR que conserva sala de cine, en concreto unha. Trátase dun servizo moi exclusivo que só manteñen na provincia a capital e Leiro. A maiores, lugares como A Rúa, no Centro Cultural Avenida, ou O Barco, no teatro Lauro Olmo, presentan espazos públicos de iniciativa municipal nos que se proxectan películas, parte de programas con interesantes propostas culturais.




Figura B62: Mapa de distribución das bibliotecas e museos no GDR Limia-Arnoia. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022) (información actualizada a 2017). Base cartográfica: Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do “Instituto Geográfico Nacional”. Elaboración: modificación propia.

A análise cuantitativa do alcance cultural e deportivo no territorio do GDR Limia Arnoia pódese facer mediante a valoración dos seus ratios deportivo e cultural. O primeiro obtense de relacionar a superficie útil e en activo para a práctica do deporte por habitante. O segundo, mediante a relación de metros cadrados atesourada conxuntamente polos centros de tipo cívico-social, educativo, museístico e bibliotecario por habitante. As razóns de conxunto destes dous índices no GDR decantan un maior impacto das actividades culturais que deportivas, a primeira en 1,2 metros por habitante e a segunda en 0,8 metros por persoa.

Trátase de valores baixos pero que son a tónica habitual nas comarcas rurais, tendo en conta a concentración dos investimentos no mundo urbano. O ratio deportivo supera ó cultural nos concellos de Xunqueira de Ambía, Trasmiras,

Taboadela, Sarreaus, Maceda, Lobios, Entrimo e Bande, pero é tremendamente inferior noutros concellos como Vilar de Santos, Sandiás, Rairiz de Veiga, Quintela de Leirado, Porqueira, Calvos de Randín, A Bola, Os Blancos e Baños de Molgas, sendo igualmente algo superior no resto.

O dominio dos espazos culturais sobre os deportivos non indica que exista unha especial relevancia diferencial de iniciativa, máis ben pode ser debido á estrutura da poboación por idades, que en ausencia de rapaces e adultos novos, fai caer a práctica deportiva, mentres a preocupación por manter viva a memoria do pasado e as potencialidades turísticas fan medrar a promoción cultural. O desequilibrio en ambas as dúas propostas vese ó valorar o envellecemento dalgúns concellos implicados.




Figura B63: Ratio cultural e deportivo nos concellos do GDR Limia Arnoia. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022) (información actualizada a 2017). Elaboración propia.

Servizos asistenciais

Entendendo como espazos que detentan este tipo de servizos as residencias de anciáns e as escolas infantís (0-3 anos), confeccionouse un mapa de distribución de recursos (Figura B64) e analizouse o ratio asistencial (Figura B 61), consistente na relación entre a superficie que ocupan estes centros e os habitantes dos concellos nos que se localizan. A distribución de centros amosa unha especial concentración das escolas infantís nas vilas e nos concellos setentrionais, os menos envellecidos, especialmente evidente no concello de Allariz. Pola súa parte, as residencias, aparecen distribuídas por todo o territorio con bastante equidade, evidenciando unha necesidade e unha preocupación na que están en acordo todos os municipios. Tan só as circunscricións das terras elevadas meridionais teñen especial falta deste tipo de infraestruturas. Nesta área só Entrimo conta con residencias de anciáns, tendo dúas. Esta zona sur non conta con escolas infantís, un problema que agravia a moitas comarcas e espazos montanos do interior galego e que, polo tanto, malia que unha eiva, entra dentro da fenomenoloxía habitual.




Figura B64: Mapa da distribución de centros asistenciais á infancia e á vellez nos concellos do GDR Limia Arnoia. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022) (información actualizada a 2017). Base cartográfica: Mapa Autonómico de Galicia, edición impresa, Escala 1: 200.000 do “Instituto Geográfico Nacional”. Elaboración: modificación propia.

Por último, o ratio asistencial é un interesante indicador comparativo entre territorios da taxa de cubrición espacial desta necesidade básica para poboación. Calcúlase sumando a extensión superficial dos centros asistenciais e levándoo á súa razón por habitante para cada concello. É un índice xeral que non distingue entre os servizos aos máis anciáns e aos máis novos, razón pola cal incluíuse a cartografía distributiva anterior, pero dá unha idea da situación xeral existente.

Se cadra, para saber o estado neste tema do ámbito do GDR Limia Arnoia respecto a outras áreas similares, sería necesario un estudo específico. Cos datos da EIEL actualizados a 2017 (Deputación Provincial de Ourense, 2022) a media do territorio de estudo é de 0,77 m²/hab. Como ocorre con outras análises de tipo demográfico e económico, a variabilidade interna desta serie de datos municipal é moi elevada. Atopamos así concellos con valores moi altos, como

Lobeira (2,57 m²/hab.), Allariz (1,88 m²/hab.) e Vilar de Barrio (1,72 m²/hab.), os cales parten de realidades xeográficas moi distintas. Outra serie deles presenta valores intermedios pero claramente por enriba da media (1,3 m²/hab.-1,4 m²/hab.), os casos de Porqueira, Muíños e A Bola, ou Rairiz de Veiga (1,05 m²/hab.); outros presentan valores próximos á media, entre os 0,5 m²/hab. e 1,0 m²/hab. E os hai que non acadan o valor de 0,5 m²/hab. (Xunqueira de Ambía, Xinzo de Limia, Vereá, Trasmiras, Sarreaus, Baños de Molgas e Baltar). Novamente, nesta última serie, aparecen circunscricións con comportamentos demográficos e económicos dispares, podendo extraer que nesta diferenza ten moita importancia a implicación dos concellos nas súas políticas sociais máis alá de que, todos os municipios, sen excepcións, necesiten deste tipo de infraestruturas asistenciais.




Figura B65: Ratio asistencial (de centros m²/hab.) nos concellos do GDR Limia Arnoia. Fonte: EIEL (Deputación Provincial de Ourense, 2022) (información actualizada a 2017). Elaboración propia.

B.2.7. Síntese do perfil socioeconómico da Muller no GDR Limia-Arnoia.

O panorama demográfico e socioeconómico da muller merece unha análise da evolución da estruturación dos programas de elaboración de estatísticas cara ás diferencias de xénero. Isto é aconsellable non só pola atención específica dos problemas femininos e a necesidade dunha perspectiva feminista senón polo propio beneficio que se pode obter do desglose entre homes e mulleres para detectar problemas específicos de cada un dos dous xéneros e desenvolver políticas acordes con esa realidade.

Existen algúns fenómenos tradicionalmente asociados á poboación masculina que cómpre salientar. Por unha banda, emigraron máis homes que mulleres, o que condicionou o balance sociodemográfico. Por outra, debemos salientar a feble participación das mulleres no mundo empresarial. Só recentemente comezou a salientarse esta fenda de xénero.

No presente apartado preténdese aportar algo de información que permita incluír á perspectiva de xénero na toma de decisións acerca das políticas sectoriais, sociais e económicas no GDR, axudando, se fose necesario, na confección das ideas do informe DAFO. Con este obxectivo, e coa falla da información por xénero en moitas das variables estatísticas, pareceu idóneo centrarse naquelas que teñen datos oficiais e irán xerando series no futuro. Deste xeito, búscase que o presente documento poida ser obxecto de seguimento e complementariedade no futuro.

Centrouse a análise en cinco campos chave que levan parellos outros tantos problemas estruturais para as mulleres: a distribución de efectivos e o ratio de feminidade no territorio, o avellentamento demográfico, a emigración, o nivel de formación, e o paro xunto coas características de acceso ao traballo. A maiores, preséntase a feminidade na distribución da poboación no territorio.

Distribución da poboación e *ratio* de feminidade

Os mapas que seguen dan unha idea da distribución da poboación por xénero no GDR. Esa é a razón de que se aporten tanto o mapas de distribución de mulleres (Figura B66) coma o de homes (B67), pois nun principio parece lóxico que a comparativa entre ambos os dous poñería en evidencia desequilibrios puntuais que deberan facerse evidentes nas áreas máis envellecidas do GDR, xa que os grupos de idade máis avanzados demostran a existencia de máis efectivos femininos que masculinos.

Porén, a visualización de ambos os dous mapas non aporta diferencias significativas, o que pode estar en relación coas clases estatísticas elixidas. É precisamente nestas, que no presente caso nos obriga a atender á lenda cartográfica, onde queda patente que, a medida que aumenta a idade, as clases acollen máis cantidade de mulleres que de homes, valor que, na última clase acada unha diferenza superior a 2.000 persoas (82-16.929 no caso das mulleres, por 79-14.122 no caso dos homes).




Figura B66. Distribución da poboación de mulleres no territorio do GDR para o ano 2020. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km², razón pola cal pode considerarse unha densidade.




Figura B67. Distribución da poboación de homes no territorio do GDR para o ano 2020. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km², razón pola cal pode considerarse unha densidade.

A ratio de feminidade axuda algo máis a establecer diferenzas ao longo do territorio (Figura B68). Esta razón matemática, que tamén se coñece, á inversa ou como dúas cara da mesma moeda, como relación de masculinidade, obtense dividindo o número de mulleres polo número de homes, multiplicado o resultado por 100. Isto quere dicir que a igualdade entre eles aparece co número 100 e que a medida que o número medra por riba desta centralidade as mulleres superan aos homes en volume.

Os recadros de 1 quilómetros cadrado en tonalidade granate escura aportan o ratio no que as mulleres superan entre un 20% e un 300% aos homes. A distribución no mapa, na que non existe esta elevada taxa nas vilas, leva a relacionar uns maiores valores nesa razón co proceso de envellecemento, como xa apuntáramos. Son algúns sectores dos concellos montañosos e mais illados, con menor dinamismo demográfico os que posúen estas cifras máis elevadas. Esta circunstancia incrementase aínda máis nas áreas que perderon moita poboación e teñen poucos residentes. Nestes casos a conxunción do avellentamento e un escaso número de habitantes fai progresar xeometricamente o ratio.




Figura B68. Ratio de feminidade no territorio do GDR para o ano 2020. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².

O Factor de avellentamento

Como acabamos de analizar para o caso da distribución da poboación por xéneros e o ratio entre mulleres e homes, o avellentamento poder servir non só para descubrir outras regularidades demográficas senón tamén para pensar nas súas consecuencias. Como exemplo temos as implicacións asistenciais e os problemas de accesibilidade das mulleres dende o mundo rural, o cal deberá repercutir nos modelos de políticas de intervención no territorio. Poden axudar a clarificar esta dinámica demográfica as taxas de avellentamento e sobreavellentamento feminino (Figura B69 e B70).

Como xa se indicou no apartado xeral que trataba este problema da poboación, a taxa de avellentamento resulta do cociente entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20, así que, cando este supera o valor 100 indica que as persoas maiores de 64 anos superan aos mozos menores de 20. Cando este acada o valor de 200 significa que a primeira duplica á segunda e así sucesivamente.

Así, cando na Zona 1 se obtén o valor 1.138, estamos a dicir que a poboación feminina de máis de 64 anos supera en máis de 11 veces á menor de 20 anos. Como é posible advertir seguindo os resultados gráficos, a taxa de avellentamento é sempre superior nas mulleres que nos homes, e é especialmente relevante no caso da Zona 1, cunha relación de 11 a 9 no número de veces que a poboación maior multiplica á máis nova. En ningunha das zonas, nin sequera no conxunto do GDR, se obteñen valores próximos á media galega ou ás provinciais, que nunca superan o valor de 300, cando o GDR supera o de 700, e a zona menos avellentada, a Zona 3a, isto é, a de Allariz-Maceda, presenta un valor de 478,5. Así, podemos concluír que se o GDR é un territorio moi avellentado, esta circunstancia afecta especialmente á poboación feminina. A maior esperanza de vida está detrás desta situación.




Figura B69: Taxa de envellecemento do GDR, zonas internas, provincias e Galicia, con desglose por xénero, para o ano 2021. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.

O sobreavellentamento aporta unhas características de relación que complementan e ratifican o feito de que existen mais mulleres maiores que homes. É un dato que xa quedou claro na pirámide de poboación por grupos quinquenais (Figura B14) e quedará igualmente reflectida na que se confeccionou a partir de grandes grupos de idade (Figura B75).

A taxa de sobreavellentamento pon en relación aos grupos de idade de máis de 65 anos e os de máis de 84 anos. Para entendela de maneira sinxela, un valor de 20 indica que 20 de cada 100 persoas de 65 anos ou máis superan os 84 anos. Trátase pois dunha relación en porcentaxe, na que, como se observa na figura B70, as mulleres superan en 7 puntos aos homes. O GDR presenta un valor de sobrenvellecemento feminino de 27,1, elevadísimo, 4,5 puntos por riba do galego, e máis de 1 punto por encima do provincial de Ourense. Este, ademais, atópase superado na Zona 1 (27,5) e na Zona 3 (27,4), na que presenta valores extremos a subzona 3b, a das altas terras de Celanova, onde acada a cifra de 28,9. A zona 2 (26,4) e a subzona 3a (26,3) teñen valores moi similares, os de menor sobreavellentamento nas mulleres pero igualmente moi elevados.




Figura B70: Taxa de sobreenvelleceamento do GDR, zonas internas, provincias e Galicia, con desglose por xénero, para o ano 2021. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.

A evolución destes valores entre o 2002 e o 2021 (figuras B71 e B72) son ilustrativos dun proceso que se acelerou extraordinariamente e que non ten visos de ralentizarse. Nestes 20 anos o GDR triplicou a taxa de avellentamento, superando en moito o comportamento das circunscricións provinciais e Galicia, que se quedaron á metade de duplicalas, é dicir, que respecto a elas, o GDR incrementou 6 veces máis que estas grandes áreas a velocidade de avance.

O caso da Zona 1 é moito peor, especialmente significativo, xa que o fixo en aproximadamente 12 veces ao incrementar en máis de 600 puntos a taxa de avellentamento. Só a Zona 3 presenta valores relativamente baixos, pois só duplicou a taxa de avellentamento e tamén a aceleración das grandes circunscricións, sendo ademais a única na que o avellentamento feminino non aumentou por riba do masculino.

No caso do sobreavellentamento o aumento foi tamén moi significativo, en xeral tamén duplicando a existente en 2002 e cun comportamento bastante parello no que, segundo as zonas, segue o modelo das provincias occidentais e o galego (Zona 3a), ou o das provinciais orientais (Zona 1, Zona 2 y Zona 3b). O valor do GDR case acada os 12 puntos de aumento, pasando de 15,2 a 27,1.




Figura B71: Evolución do envellecemento entre 2002 e 2021 no GDR, zonas internas, provincias e Galicia, con desglose por xénero. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.




Figura B72: Evolución entre 2002 e 2021 do sobreenvellecemento no GDR, zonas internas, provincias e Galicia, con desglose por xénero. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.

A idade media (Figura B73) tamén é un xeito de caracterizar demograficamente á mostra feminina da poboación en comparación coa masculina. Redundando no xa apuntado, as mulleres superan en idade media aos homes, cun valor de 58,7 no GDR, que se incrementou en 4,4 anos nos últimos dous decenios. A zona 1, incluso, supera os 60 anos (61,9), con valores tamén superiores á media na Zona 2. Todos eles son bastante superiores aos que presentan as provincias e Galicia (aproximándose aos 10 anos de diferenza).

A evolución desta nos últimos 20 anos (Figura B74), entre 2002 e 2021, atópase entre 3 e 6 anos, dependendo da Zona interna do GDR, quen presenta un valor medio de 4,4 anos. Así, a Zona 1 aumentou en 5,8 anos, a máis avellentada, mentres a Zona 3 (en 3,4: 3,2 na Zona 3a, 3,5 na Zona 3b) é a que menor incremento tivo. É de destacar o feito de que, neste caso, a idade media masculina e, polo tanto, o avellentamento, foi superior á feminina. Esta circunstancia pode derivarse de que o fenómeno se atopa xa nun extremo das capacidades vitais, posibilidades que a muller xa acadou anteriormente, polo que non pode seguir aumentando a idade media ao ritmo dos homes.




Figura B73: Idade media da poboación con desglose por xénero no GDR, zonas internas, provincias e Galicia no ano 2021. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.




Figura B74: Evolución da idade media da poboación con desglose de xénero no GDR, zonas internas, provincias e Galicia, con desglose por xénero. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.

Previa análise da poboación por sexo e grupos quinquenais a partires da pirámide de poboación inserida no punto “B.2.1.3. Análise da poboación por grupos de idade” acompañada da Figura B12, complementamos ditos comentarios optamos por realizar unha pirámide por grupos de idade pouco habituais. Estes serían, equivalentes en amplitude: ata 30 anos, de 30 a 60 anos e máis alá de 60 anos.

Adúcense diversas razóns para levalo a cabo deste xeito: en primeiro lugar, existe un acceso cada vez máis tardío ó mercado laboral, principalmente por razóns de estudo, pero tamén por conductas sociais que están perfectamente analizadas e implican unha prolongación cronolóxica na dependencia dos máis novos máis alá da maioría de idade e incluso varios anos despois de ter rematada a educación superior.

Por outra banda, a idade media da poboación aumenta e esixe tamén que os grupos de xoves, adultos e anciáns sexan recualificados; ademais, están mudando as circunstancias que arrodean ao retiro, tanto na modalidade como na idade e, aínda que cada vez se retrasa a idade legal xenérica, adiantase en bastantes casos por razóns de tipo de traballo ou situación de saúde, a cal co paso dos anos, vese deteriorada gradualmente e imposibilita para o desenvolvemento dalgunhas actividades. Por último, porque a esperanza de vida foi aumentando de maneira sensible e os grupos de anciáns adquiren cada maior importancia numérica e idades máis avanzadas.

A nova pirámide non deixa lugar a dúbidas no modelo sintético. A pirámide non só presenta a figura invertida típica das sociedades envellecidas, senón que esta é moi desigual entre homes e mulleres, pero só no grupo de idade dos máis vellos, isto é, de 60 en adiante. Son case 2.000 mulleres máis que homes nesas idades, representando aproximadamente un 20% máis. Esta notable diferenza aconsella leva prestar unha especial atención ás necesidades diferenciais das anciáns, sen botar man dunha merma na atención á poboación masculina.

No primeiro gran grupo de idades, ata 30 anos, os valores están bastante igualados e próximos a 4.000, con lixeira vantaxe para os homes, circunstancia que xa tiña lugar en idéntica comparativa pero maior cantidade de efectivos en 2001 e 2011. No caso do grupo intermedio (de 30 ata 59 anos), existe unha vantaxe algo maior dos homes sobre as mulleres que ronda os 1.000 habitantes en favor destes, tónica que tamén acaecía en 2001 e 2011.

A diferenza evolutiva está en que na data actual, por primeira vez os efectivos son menores (lixeiramente) nos homes respecto ó grupo de idades máis avanzadas, relación que xa era marcada no caso das mulleres ó longo dos últimos 20 anos. Volvendo ao grupo dos maiores, nas mulleres o descenso de efectivos ao longo destas dúas últimas décadas é máis marcado, reducindo as diferenzas cos homes, aínda que seguen sendo moi altas, pero que pasaron de 3.000 persoas en 2001, a 2.500 en 2011, ata as 2.000 actuais xa anotadas.




Figura B75. Pirámide poboación por grupos de idade no GDR para o período 2001-2021. Fonte: IGE – Padrón municipal de habitantes (IGE. Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade) (IGE, 2022p). Elaboración propia.

A emigración e a muller

Como xa se ten aludido no presente informe, a emigración foi analizada, fundamentalmente, e décadas atrás case que exclusivamente, dende a perspectiva masculina. Certo é que nas diferentes fases críticas da mesma, especialmente canto mais cara ao pasado imos, a avanzada de migrantes, mesmo o volume de emigrados, foi moi predominantemente masculino pero, que os que se desprazaban inicialmente foran homes non significa que as que quedaban, especialmente as mulleres, non sufrisen igualmente os devastadores efectos desa emigración. Tampouco hai que esquecer que a formación da que partía a poboación emigrada era baixa, ás veces nula, non como na actualidade, que son os máis formados os que representan as maiores taxas migratorias. Nesta última circunstancia, as mulleres eran as menos favorecidas, razón pola cal a emigración feminina era sempre moito máis precaria, cando non vexatoria, tanto nos traslados a ultramar coma nos europeos. Se os homes partían como obreiros, as mulleres o facían como persoas de axuda aos fogares, caendo ás veces en captacións para redes de actividades pouco lícitas. Pódese concluír, como xa se apuntou noutros apartados, que os efectos desta migración afectaron sobremaneira á poboación feminina e de diversos xeitos: problemas de formación tanto en destino coma en orixe; sobreempobrecemento e sobrecarga de traballo por desestruturación da unidade familiar, tanto a nivel laboral como asistencial; illamento social; etc.

O desglose por xénero non é unha utilidade que poidamos atopar en todos os índices migratorios. O Instituto Galego de Estatística aporta información xeral a nivel municipal e por anos (IGE, 2022a), dende a que se desenvolveu un esbozo da emigración feminina nesas datas (figuras B76 e B77) e tamén na súa comparativa coa masculina (Táboa B31), utilizando para a análise o primeiro e o último dos anos da serie de datos, isto é, 1992 e 2021.

A situación en 2021 (Figura B76) é clara e uniforme. Tan só tres concellos presentaron un saldo migratorio positivo: Calvos de Randín, Vilar de Barrio e Os Blancos. Dada as súas características sociodemográficas é moi posible que esta orixinalidade sexa debida ao retorno e non á chegada de persoas para traballar. Neste último caso, o balance positivo estaría fundamentado no traballo asistencial particular e non nunha amplitude na oferta laboral. En todo caso parece pouco probable porque outros moitos concellos en circunstancias demográficas e laborais parecidas presentan valores bastante negativos, como os de Vereia (-25), Xunqueira de Ambía (-27) e Lobios (-34), demostrando que se trata dunha dinámica estendida por todo o territorio, xa que están implicadas circunscricións municipais de comarcas e zonas distintas. Nun contexto de perdas tan marcadas de efectivos poboacionais, esta migración é especialmente significativa. O GDR tivo en 2021 un saldo migratorio feminino moi negativo, que acadou o valor de 322. En 1992 (Figura B77) este foi tamén negativo en número absoluto de 54, o que indica que o fenómeno de retorno feminino non é forte e que as fuxidas increméntanse cos anos. É difícil valorar ata onde pode chegar este proceso unha vez que os concellos se están a baleirar de poboación, sendo posible que se acade un esgotamento a curto prazo por falta de efectivos. A falta de oportunidades e de atractivo para levar unha vida acorde co modelo socioeconómico actual pesan coma unha lousa nas mulleres máis novas e iso é un problema que posiblemente afecte moito máis que aos homes novos. Doce eran os concellos que en 1992 tiñan saldos migratorios suavemente positivos, incluíndo os tres que na actualidade manteñen esa tendencia. Isto aporta dúas ideas: que o fenómeno de retorno era máis forte e xeralizado no territorio nesa época que na actualidade; reforza a idea do retorno e non do traballo asistencia nos balances positivos destes tres municipios. A Zona 1, agora afectada por un saldo negativo, presentaba en 1992 un saldo máis propicio, positivo, en valor de 12, o que dá testemuña do anteriormente falado afectando especialmente ás áreas máis rurais e menos dinámicas economicamente. En todo caso, destes balances non escapan nin os lugares con maior oferta laboral, pois a emigración feminina acada valores importantes mesmo nos concellos das vilas e, en especial, en Allariz, onde en 1992 xa era de -22 e en 2021 aumentaba ata -50, sumando máis que toda a subzona 3B, liderada por Celanova, e non lonxe da comarca da Baixa Limia (Zona 1). En igual circunstancia atópase Xinzo de Limia, que presentaba -32 en 1992 e -59 en 2021.




Figura B76: Saldo migratorio femenino no seo do GDR en 2021. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.




Figura B77: Saldo migratorio feminino no seo do GDR en 1992. Fonte IGE (2022a). Elaboración propia.

No referente á comparanza entre o saldo migratorio masculino e feminino, as mulleres seguen a representar un volume algo menor tanto nos emigradas como nas inmigradas, pero con valores moi parellos xa ao dos homes, algo que vén ocorrendo dende hai, polo menos, dúas décadas. As medias no GDR se aproximan ao 49% dos migrantes, moi similares entre 1992 e 2021. Por sectores internos, a Zona 1 presenta un equilibrio maior, con cifras entre o 50,5% e 51,5% en 1992 que se debilitaron cara a igualdade en 2021. A Zona 2 é a que menor proporción feminina presenta, nunha forza entre o 45% e o 50%, mentres na Zona 3 gaña a migración feminina, só por debaixo no caso das emigradas en 1992, case no 49% do total. Nesta zona, a subzona 3A ten unha menor dinámica migratoria feminina mentres na 3B as mulleres acollen maior peso nos movementos.

Por concellos, no comportamento por sexos, existe unha variabilidade elevada nos datos, existindo algúns nos que se mantén unha tendencia ao longo das dúas últimas décadas, pero outros nos que se inverte tanto a nivel emigratorio como nas inmigracións. A diversidade impide facer relacións directas sinxelas, necesitando dun estudo pormenorizado para cada concello. Si que se observa unha especie de efecto rebote ou cíclico, sinusoidal, no que o comportamento en 1992 se traduce nunha inversión en 2021, pero coa análise de dúas únicas datas non se poden tirar conclusións cun mínimo de rigor. Na actualidade existen concellos nos que existe unha forte emigración feminina, sendo os casos de A Bola (61%), Porqueira (68%), Quintela de Leirado (61%) e Vilar de Santos (66,7%). Outros, sen embargo, teñen valores moito menores á equidade (Xinzo de Limia, 43,7; Baños de Molgas, 40%; Baltar, 39%; Sandiás, 39%; Rairiz de Veiga, 40%; Trasmiras, 34,8%; Vereia, 40,5%; Xunqueira de Ambía, 42,6%). Tamén na inmigración feminina en 2021 acaecen notables diferenzas, malia que non se acadan valores tan altos, que si tan baixos: Muíños, 62,7%; pero Calvos de Randín, 34,6%, Baltar, 39,3%, Lobeira, 38,5%, Rairiz de Veiga, 40,7%).

Son datos que invitan á reflexión en detalle, a nivel de concello, entendendo entón que as medias das zonas poden, neste caso, non ser moi significativas debido a que o parámetro de tendencia central presenta unha varianza elevada.

	Emigración 2021	Inmigración 2021	Emigración 1992	Inmigración 1992
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
GDR	48,9	49,5	49,7	48,5
Zona 1	49,1	50,3	50,5	51,5
Zona 2	45,7	47,5	50,1	45,3
Zona 3	51,0	50,5	48,8	50,6
Zona 3A	49,0	51,2	46,6	46,1
Zona 3B	54,2	49,5	51,9	57,2
Allariz	50,2	53,2	48,0	51,3
Baltar	38,9	39,3	50,0	50,0
Bande	52,1	50,0	51,9	52,5
Baños de Molgas	40,0	51,6	36,7	44,7
Blancos, Os	46,9	52,2	54,5	31,6
Bola, A	61,9	51,8	50,0	65,6
Calvos de Randín	44,9	34,6	44,8	40,0
Celanova	53,3	50,8	49,4	53,7
Entrimo	47,8	48,4	50,0	50,0
Lobeira	46,9	38,5	64,7	62,5
Lobios	48,3	52,9	49,1	52,8
Maceda	48,0	46,2	42,6	44,1
Muíños	51,5	62,7	47,1	50,0
Porqueira	67,9	51,2	55,6	25,0
Quintela de Leirado	61,1	42,9	57,9	66,7
Rairiz de Veiga	40,0	40,7	44,4	52,4
Sandiás	38,9	46,2	44,4	61,5
Sarreaus	50,0	50,0	45,5	50,0
Taboadela	57,9	52,9	53,8	38,1
Trasmiras	34,8	45,2	48,1	32,3
Verea	40,5	48,2	58,3	62,5
Vilar de Barrio	52,5	46,5	47,8	42,5
Vilar de Santos	66,7	53,7	63,6	61,1
Xinzo de Limia	43,7	48,8	51,6	46,2
Xunqueira de Ambía	42,6	51,0	51,2	38,7

Táboa B31: Porcentaxe da emigración e a inmigración feminina respecto do total no seo do GDR, zonas e concellos para os anos 1992 e 2021. Fonte IGE (2022a).

A muller e a formación

A situación social e a desigualdade que as mulleres sofren de maneira estrutural e que se pretende corrixir nos tempos que corren, foron severos condicionantes para o acceso da muller á formación. Mermada na toma decisións a nivel familiar e social, administrativo e bancario, foi notoriamente prexudicada no acceso á educación, incluíndo a máis básica.

Non contamos con series de datos moi prolongadas á hora de estudar esta realidade a nivel municipal, tendo que centrarnos nalgúnhas estatísticas concretas que ofrecen unha información algo atrasada pero sintomática. Desbotadas aquelas que relacionan os datos de nivel formativo cos desprazamentos ou cos procesos migratorios, pareceunos de interese centrar a atención na lacra do analfabetismo e no nivel académico.

Nestas estatísticas bótase de menos a educación primaria, que non aparece desglosada por sexo e que posiblemente sexa tamén un bo indicador da desigualdade entre homes e mulleres. Ao noso entender, incluír na fonte IGE (2022an) a educación primaria sería a mellor maneira de completar o estudo comparativo, sen ter que deducir mediante algoritmos o peso desta parte do traxecto educativo no que, en moitos casos, as mulleres de xeracións pasadas quedaban ancoradas. En definitiva traballouse a taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos (IGE, 2022am) (Figuras B78 e B79) e a poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares que cursa estudos segundo o sexo e os estudos en curso (IGE, 2022an) (Táboas B32, B33, B34, B35 e B36).

Un territorio non debe medir o seu nivel formativo polos extremos, isto é polos doutores ou os que non recibiron a aprendizaxe elemental, senón polo grao de formación da maior parte da poboación. Todo territorio debe optar e ter como obxectivo acadar á maior parte da poboación cun nivel medio alto, sexa cal sexa despois o desempeño profesional e laboral. Pero se dunha lacra hai que escapar é do analfabetismo. Como poden entenderse entón as excesivas taxas de analfabetismo feminino existentes no territorio do GDR? E, o que é máis chocante, como poden estas aumentar nos tempos que corren nalgúnhas das súas circunscricións internas?

Comezando pola primeira cuestión, as diferenzas na taxa de analfabetismo por xénero, nas que moitas veces as mulleres duplican e triplican á de homes, vén a denunciar unha realidade que se foi fraguando a lume lento e durante décadas no Estado: o desigual acceso á formación entre homes e mulleres. O tradicional papel do coidado non remunerado da familia e do campo nas mulleres non só provocou un acceso diferencial á formación senón que simplemente a impediu, especialmente a medida que se avanzaba nos cursos de primaria.

Por outra banda, no que respecta aos grupos de idade maiores, o acceso ós centros educativos era especialmente difícil nos territorios rurais, con lugares de potencial curso de estudos a bastante distancia dos lugares de orixe e levando parella unha residencia que economicamente era inviable para moitas familias. Aínda máis, a medida que se sucedían os ciclos formativos, cada vez estes centros atopábanse máis lonxe e provocaban maiores custes, o que levaba, dentro da desigualdade no seo familiar, a elixir nos membros masculinos por orde de idade e, se quedaba economía, nos femininos. Estas circunstancias, que na actualidade se corrixe a marchas forzadas, quedan como secuela nos grupos de idade maiores, o que unido ao marcado envellecemento da poboación e centrado no nivel máis baixo de formación, tradúcese nestas elevadísimas taxas de analfabetismo feminino.

Respecto da segunda pregunta, a resposta ao feito de que algúns concellos, normalmente os máis rurais e afastados, presenten en 2021 maiores taxas de analfabetismo que en 1992, hai que busca-la na emigración constantes das persoas mellor formadas e na xuventude, que deixa nos lugares de orixe ás persoas maiores e con menores capacidades de promoción laboral alén o seu territorio vital. É así que Os Blancos pasaron de 5,3% a 16,4%; Bande de 5,4% a 6,1%; Muíños, de 7,6% a 8,7%; Vilar de Barrio, 1,9% a 5,4%; Taboadela, 5,8% a 6,3%). O mesmo fenómeno explica que a 2021 as taxas sigan sendo elevadas e moi superiores a outras comarcas galegas.

Todas as zonas do GDR presentan valores superiores ás circunscricións provinciais e galega, o que indica que é un territorio especialmente afectado por esta variable, especialmente nas mulleres, mentres que nos homes os valores son moitos máis parellos. Co GDR nunha taxa de 7,1 %, as zonas con cifras máis elevadas son a 1 (8,7 %) e a 2 (8 %), sendo a Zona 3 (5,2%) e dentro dela a 3A (4,2 %) as menos negativas.

Nos concellos son especialmente alarmantes os números que presentan algúns do extremo meridional: Baltar (11 %), Os Blancos (16,4 %), Entrimo (9,7 %), Lobios (13,1 %), Sarreaus (11,3 %), Trasmiras (11,6 %), Muíños, Quintela de Leirado e Rairiz de Veiga (beirando o 8.5 %). As variables que o explican son as xa aportadas con anterioridade. As vilas ofrecen unha sensación ben diferente, algo entendible pola maior oferta educativa e a vida menos dependente da sociedade tradicional dende hai bastantes décadas. Así, Celanova (2,7 %), Maceda (3 %), Xinzo de Limia (3 %) e Allariz (3,9 %) deixan clara esta tendencia.




Figura B78: Taxa de analfabetismo no GDR e os seus concellos, nas circunscricións provinciais e en Galicia no ano 1991 (IGE, 2022am).




Figura B79: Taxa de analfabetismo no GDR e os seus concellos, nas circunscricións provinciais e en Galicia no ano 2021 (IGE, 2022am).

As táboas que seguen foron seccionadas a partires de unha polas limitacións de espazo e a grande cantidade de circunscricións incluídas. Indícanos a porcentaxe de mulleres que teñen, respecto ao total dos dous sexos, os distintos niveis e tipos formativos. Debe ser tido en conta que os datos dos que dispoñemos son algo antigos, 2001, e que están referidos, á poboación de 16 e máis anos.

Para as circunscricións provinciais e Galicia (Táboa B32) as proporcións, que medran en favor da muller cos estudos máis avanzados, deixan valores inferiores na F.P. tradicionalmente enfocada ás profesións manuais nas que os homes foron e seguen a ser maioría, unha circunstancia que debe ser traballada para igualar maiormente o acceso da muller a estas disciplinas.

Tipo de Educación	Galicia	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	55,4	54,9	56,4	55,2	55,7
ESO, E.S. adultos	45,7	44,3	46,2	45,9	47,0
Bacharelato, BUP, COU	54,7	54,3	56,6	52,3	55,2
F.P. grao medio ou equiv.	44,2	44,2	43,0	48,2	43,5
F.P. grao superior ou equiv.	49,9	49,4	49,6	50,5	50,4
Diplomatura Univ. ou equiv.	58,7	57,8	61,4	57,7	59,0
Licenciatura Univ. ou equiv.	56,2	55,8	59,2	57,2	55,5
Posgrao, Máster, MIR, Doutoramento	62,4	63,0	61,3	61,8	62,1
Outros cursos	63,2	63,1	61,1	61,4	64,6

Táboa B32: Porcentaxe acadado polas mulleres nos diferentes niveis formativos en Galicia e nas provincias galegas para en 2001. Fonte IGE (2022am).

Centrándonos no territorio do GDR e as súas zonas (Táboa B33), as mulleres con estudos acadaban en 2001 aínda maiores proporcións e medrabann a medida que a formación sube de nivel, o que quere dicir que, superadas as etapas formativas iniciais, que afectan maiormente ós grupos de idade maiores, os grupos máis novos non só tiñan unha igualdade no acceso senón que ademais exercían esa posibilidade e sacaban partido da mesma (ata un 70% no caso de máster e doutoramento).

Existían, iso si, diferenzas internas, pero nunha forza no total que se mantiña en 5 puntos. Parece que eran precisamente as comarcas ou zonas máis rurais e con maior extensión de territorio illado e montañoso (1, 2) as que presentaban datos máis significativos en favor das mulleres. Por exemplo, na Zona 1, as persoas que ostentaban o maior nivel de estudo eran mulleres na súa totalidade, e superaban os tres cuartos na Zona 2. As proporcións no outro extremo da pirámide educativa eran precisamente inversos, dando a entender que unha maior proporción de homes remataban a súa formación na ensinanza secundaria, especialmente nos casos da Formación Profesional.

Tipo de Educación	GDR	Zona 1	Zona 2	Zona 3	Zona 3A	Zona 3B
Total	57,7	55,8	58,4	58,2	55,7	61,3
ESO, E.S. adultos	47,9	39,0	49,7	51,7	40,1	66,3
Bacharelato, BUP, COU	52,2	51,1	53,8	51,3	49,2	53,8
F.P. grao medio ou equiv.	43,2	47,2	35,3	51,1	55,4	40,4
F.P. grao superior ou equiv.	52,2	25,2	65,1	54,4	56,3	51,9
Diplomatura Univ. ou equiv.	66,3	64,7	67,7	65,8	57,6	76,0
Licenciatura Univ. ou equiv.	61,2	54,4	63,7	62,9	65,2	60,0
Posgrao, Máster, MIR, Doutoramento	70,4	100,0	76,3	49,6	57,3	34,2
Outros cursos	63,7	56,9	70,7	60,5	58,0	63,7

Táboa B33: Porcentaxe acadado polas mulleres nos diferentes niveis formativos no GDR e zonas internas delimitadas para en 2001. Fonte IGE (2022am).

Entrando nos datos municipais (táboas B34, B35 e B36), dentro da variabilidade existente, é posible obter unha serie de regularidades. Existe un claro dominio feminino. Salvo no caso de Calvos de Randín (40%), todos os concellos presentan un predominio de mulleres, o cal está en relación, claro está, coa taxa de feminidade. En todo caso, na forza comprendida entre o 50% e o 75%, na que se encontran todos os demais casos, referido ao conxunto de todos os tipos de niveis e tipos educativos, existe un destacado dominio feminino que acada maior importancia cando o número de casos é menor.

Esta influencia da variable demográfica descobre o porqué de que os concellos menos poboados acaden, en xeral, maiores taxas. Trátase ademais de circunscricións nas que o ratio de feminidade é maior. Se ben neste ratio inflúe notoriamente os grupos de idade de maiores, que son os que menos aportan ós niveis formativos superiores, está claro que se trata dun factor que explica en grande parte esta circunstancia.

O que si aportan os datos é que a igualdade de acceso é total e que as mulleres aproveitan de maneira xeneralizada as posibilidades de formación que existen. Tamén é posible constatar como a medida que se ascende no nivel formativo, as mulleres acadan, na actualidade, uns maiores porcentaxes de participación. Tamén queda evidenciado que, dentro da ensinanza secundaria, é a formación profesional a que peores datos ofrece dende a perspectiva feminina, normalmente dominada polos homes, aínda que existen excepcións que teñen que ver con dúas circunstancias: en primeiro lugar, os tipos de ciclos existentes nas vilas reitoras de cada zona interna; en segundo lugar a importancia da variable demográfica e do ratio de feminidade xa apuntada con anterioridade.

Tipo de Educación	Allariz	Baltar	Bande	Baños de Molgas	Os Blancos	A Bola	Calvos de Randín	Celanova
Total	50,3	60,9	64,3	50,6	51,9	54,4	40,0	54,1
ESO, E.S. adultos	45,8	42,9	60,0	28,6	10,0	63,6	0,0	51,4
Bacharelato, BUP, COU	48,1	42,9	71,4	50,0	33,3	21,4	60,0	56,4
F.P. grao medio ou equiv.	38,9	33,3	44,4	16,7	50,0	33,3	0,0	47,4
F.P. grao superior ou equiv.	48,1	25,0	50,0	50,0	75,0	66,7	*	41,0
Diplomatura Univ. ou equiv.	56,1	80,0	66,7	61,5	64,3	65,2	50,0	51,3
Licenciatura Univ. ou equiv.	49,4	100,0	68,2	56,5	62,5	50,0	25,0	59,8
Posgrao, Máster, MIR, Doutoramento	62,5	*	100,0	50,0	*	*	100,0	68,4
Outros cursos	55,4	73,3	61,3	50,0	72,7	64,7	43,6	53,7

Táboa B34: Porcentaxe acadado polas mulleres nos diferentes niveis formativos nos concellos do GDR en 2001 (por orde alfabética de Allariz a Celanova) Fonte IGE (2022am). Os asteriscos indican que non existiron casos nesta categoría.

Tipo de Educación	Entrimo	Lobeira	Lobios	Maceda	Muíños	Porqueira	Quintela de Leirado	Rairiz de Veiga
Total	56,6	57,7	57,9	58,1	58,1	63,8	73,9	52,1
ESO, E.S. adultos	40,0	50,0	28,6	46,2	55,6	66,7	50,0	28,6
Bacharelato, BUP, COU	73,3	25,0	40,0	48,9	36,8	71,4	75,0	50,0
F.P. grao medio ou equiv.	50,0	100,0	55,6	75,0	33,3	33,3	*	33,3
F.P. grao superior ou equiv.	33,3	0,0	0,0	50,0	42,9	*	50,0	22,2
Diplomatura Univ. ou equiv.	71,4	61,9	75,0	69,7	63,2	83,3	100,0	84,6
Licenciatura Univ. ou equiv.	66,7	42,9	53,8	76,1	70,0	55,6	80,0	47,6
Posgrao, Máster, MIR, Doutoramento	*	*	*	66,7	100,0	*	*	100,0
Outros cursos	33,3	84,6	61,4	48,1	56,9	70,0	80,0	66,7

Táboa B35: Porcentaxe acadado polas mulleres nos diferentes niveis formativos nos concellos do GDR en 2001 (por orde alfabética de Entrimo a Rairiz de Veiga). Fonte IGE (2022am). Os asteriscos indican que non existiron casos nesta categoría.

Tipo de Educación	Sandiás	Sarreus	Trasmiras	Taboadela	Verea	Vilar de Barrio	Vilar de Santos	Xinzo de Limia	Xunqueira de Ambía
Total	60,7	57,1	63,0	65,6	62,8	58,1	62,0	54,6	54,0
ESO, E.S. adultos	66,7	66,7	50,0	80,0	100,0	53,8	75,0	36,5	0,0
Bacharelato, BUP, COU	55,6	52,9	73,7	44,0	62,5	50,0	54,5	53,3	55,0
F.P. grao medio ou equiv.	66,7	0,0	20,0	66,7	*	66,7	0,0	50,0	80,0
F.P. grao superior ou equiv.	44,4	100,0	100,0	83,3	50,0	100,0	60,0	59,0	50,0
Diplomatura Univ. ou equiv.	47,1	53,8	60,0	61,5	87,5	47,1	100,0	57,3	38,9
Licenciatura Univ. ou equiv.	62,5	61,9	57,1	80,0	50,0	66,7	66,7	56,8	64,0
Posgrao, Máster, MIR, Doutoramento	100,0	40,0	*	*	0,0	75,0	100,0	42,9	50,0
Outros cursos	72,7	78,6	70,6	76,7	56,3	67,9	75,0	59,8	60,0

Táboa B36: Porcentaxe acadado polas mulleres nos diferentes niveis formativos nos concellos do GDR en 2001 (por orde alfabética de Sandiás a Xunqueira de Ambía) Fonte IGE (2022am). Os asteriscos indican que non existiron casos nesta categoría.

A muller e o mercado laboral

Dentro do mercado laboral, adaptándose ás estatísticas existentes por xénero, interesa analizar a accesibilidade ao traballo, a xeración de emprego, para o cal tomaremos a información que aporta o IGE (2022ao) de *Contratos iniciais por xénero*, utilizando como data a última compilada, de novembro de 2022 (Táboa B37). Tamén é valorable falar do paro, apoiándose novamente na mesma data (IGE, 2022x) (Táboa B37).

Para completar a información, e tratar todos aqueles tramos na vida laboral que afectan ás persoas entre a xeración de emprego e o paso ao retiro, neste caso pensando nas mulleres, utilizáronse os mapas que recollen a distribucións da porcentaxe de afiliacións por xénero, o ratio de feminidade e a distribución das pensionistas mulleres e pensionistas homes no territorio do GDR (IGE, 2022d), que quedan representados nas figuras B80, B81, B82, B83 e B84. Deste xeito na información que aporta a cartografía, por comparación, pódese observar como se distribúe a realidade de acceso ao traballo e do benestar derivado das pensións por xénero no espazo de estudo.

No referido á xeración de emprego, as cores utilizadas na táboa B36 axudan a entender o porque da maior xeración de emprego feminino no total na maioría das circunscricións traballadas, tanto a escala provincial e autonómica como local, ás veces con porcentaxes moi elevadas. Isto é así polo grande peso do sector servizos na xeración conxunta de empregos, e polo dominio feminino no mesmo, tanto a nivel asistencial (incluíndo o educativo, o sanitario e o de asistencia a maiores), con prestacións servidas abrumadoramente por mulleres, sendo un nicho profesional moi importante para elas, como en hostalaría e comercio. Por iso, algúns concellos con pouca ou case nula xeración de emprego as mulleres teñan valores moi superiores aos homes, acadando incluso a totalidade dos mesmos nos municipios de A Bola e Xunqueira de Ambía.

Pero esta natureza do emprego feminino agocha algunhas eivas, como a moi escasa participación nos sectores da construción e a industria, en especial o primeiro. Na construción non se xerou emprego feminino nesta data de 2022 en todo o GDR, algo que é tónica habitual, sen desentoar en exceso co que sucede a nivel provincial e galego que, con bastante homoxeneidade, quédase en cifras moi baixas que rondan o 7%.

A industria tamén é un subsector deficitario para as mulleres na comparanza cos homes, pero as porcentaxes son ás veces moi maiores cas que se podería agardar. Así, se os conxuntos provinciais e galego teñen valores de entre o 25 % e o 45 %, e o GDR queda un pouco por debaixo (33 %), hai concellos nos que o emprego é superior nas mulleres, con significativos casos nos que se acada e supera o 75 % (Sandiás, Taboadela, Maceda e Sarreaus, este co 100 %).

Son, en todo caso, situacións anómalas que se derivan da xeración de pouco emprego en xeral ou de iniciativas concretas radicadas neses municipios. O sector agrario tamén presenta déficit de emprego feminino, aínda que supera, polo xeral, en 10 puntos ao da construción, quedando, a groso modo, outros dez puntos pero, por debaixo, respecto do da industria.

Por zonas, o emprego feminino, parello ao masculino no conxunto do GDR, destaca nos sectores 3B e 3, sendo bastante minoritario na Zona 1 (case o 30 %). Por concellos, en xeral, presenta déficit para as mulleres, a pesares da importancia dos servizos e as prestacións asistenciais, no caso dos concellos da Baixa Limia e das terras altas de Celanova, mentres os da depresión da Limia e o concello de Allariz destacan pola fortaleza na xeración de emprego feminino.

% Empleo femenino	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construcción	Servizos
Galicia	48,9	16,7	42,0	7,4	53,6
Coruña	51,0	13,3	44,9	7,2	55,5
Lugo	50,7	13,1	36,8	7,2	58,2
Ourense	50,4	13,0	35,1	7,4	58,4
Pontevedra	46,2	22,4	42,3	7,7	49,6
GDR	50,6	18,9	32,8	0,0	56,1
Zona 1	29,8	0,0	0,0	0,0	36,0
Zona 2	56,0	18,8	29,9	0,0	63,1
Zona 3	58,5	26,7	50,2	0,0	61,7
Zona 3A	53,9	33,3	59,6	0,0	56,2
Zona 3B	64,2	16,7	27,0	0,0	68,6
Allariz	61,4	NSX	47,8	0,0	68,6
Baltar	33,3	0,0	0,0	NSX	42,8
Bande	36,0	0,0	0,0	0,0	40,9
Baños de Molgas	11,1	0,0	0,0	0,0	20,0
Blancos, Os	64,7	NSX	NSX	NSX	64,7
Bola, A	100,0	NSX	NSX	NSX	100,0
Calvos de Randín	25,0	NSX	NSX	NSX	25,0
Celanova	51,9	33,3	53,9	NSX	52,3
Entrimo	42,9	NSX	0,0	NSX	60,0
Lobeira	27,3	0,0	NSX	0,0	37,5
Lobios	47,6	NSX	NSX	0,0	52,6
Maceda	40,6	100,0	75,0	0,0	28,6
Muíños	0,0	NSX	0,0	NSX	0,0
Porqueira	40,0	NSX	NSX	0,0	42,9
Quintela de Leirado	46,7	0,0	0,0	0,0	63,6
Rairiz de Veiga	50,0	NSX	33,3	0,0	55,6
Sandiás	80,0	NSX	75,0	NSX	83,3
Sarreaus	75,0	0,0	100,0	NSX	77,8
Taboadela	63,0	0,0	75,0	NSX	63,6
Trasmiras	35,3	NSX	0,0	0,0	42,3
Verea	58,3	NSX	NSX	NSX	58,3
Vilar de Barrio	61,1	50,0	0,0	NSX	76,9
Vilar de Santos	75,0	NSX	0,0	NSX	85,7
Xinzo de Limia	45,3	25,0	30,8	0,0	59,4
Xunqueira de Ambía	93,3	NSX	100,0	0,0	100,0

Táboa B37: Xeración de emprego e porcentaxe feminina do mesmo, no seu conxunto e por sectores de actividade, no ámbito do GDR cas súas zonas e concellos, nas circunscricións provinciais e en Galicia. Novembro de 2022. Fonte: IGE (2022ao). En vermello os valores nos que a porcentaxe é nula; en laranxa forte aqueles nos que os valores non acadan o primeiro cuartil; en laranxa pálido os que se atopan entre o primeiro e o segundo cuartil; en verde pálido os que superan a media e se atopan entre o segundo e o terceiro cuartil; por último, en verde escuro os que superan o terceiro cuartil; unha tonalidade verdosa próxima ao negro indica que a totalidade dos novos empregos está ocupada por mulleres. A inscrición sobre fondo gris indica que non se xerou ningún emprego nin feminino nin masculino polo que non se pode calcular a porcentaxe.

Seguindo agora os datos do paro na mesma data (Figura B38), se no tramo de menores de 25 anos existe unha tendencia a igualarse cos homes ou incluso a superalos na proporción de persoas paradas, non é así no tramo de 25 anos ou máis, dándose unha inversión nos resultados. É necesario invocar varios feitos á hora de explicar por que as cifras se disparan, tanto positiva como negativamente en determinados concellos para o tramo de idade inferior a 25 anos.

Por unha banda, o feito de que exista un escaso volume poboacional; pero tamén a realidade dunha incorporación tardía ao mercado laboral, principalmente por estudos. Non se pode desbotar tampouco que os poucos xoves potencialmente en paro sexan capaces de empregarse tanto a nivel local como en territorios próximos, incluso a cidade de Ourense e a súa *Tecnópole*, realizando movementos diarios sen perder a residencia no concello.

Máis alá destes datos extremos, pero precisamente sen prescindir da súa influencia estatística, as medias para as circunscricións provinciais e galega, xunto co GDR e todas as súas zonas internas son negativos para as mulleres na comparanza na maioría dos casos. Estas medias atópanse, iso si, deturpadas ao facer o parámetro de tendencia central sen apartar os valores extremos. Esta circunstancia apréciase especialmente no caso dos concellos que presentan, segundo as estatísticas, pleno emprego feminino en menores de 25 anos, pois son os que maiormente presentan datos positivos no paro total das mulleres.

Os valores para as mulleres de 25 anos ou máis presentan unha certa homoxeneidade, pois non superan o 60 % (tan só Vilar de santos, co 70 %) do paro relativo por sexo e tampouco se quedan por debaixo do 40 % (só Sarreaus, 35 % e Os Blancos, 33 %). Téndese pois a unha equidade cuxo cumprimento depende bastante da oferta no emprego do sector terciario, da proximidade das vilas, coas que facer movementos pendulares diarios e coa presenza de iniciativas locais de éxito.

	% Paro mulleres respecto ao total		
	Total	Menores de 25 anos	25 e máis anos
Galicia	58,3	48,4	58,8
A Coruña	58,9	50,6	59,2
Lugo	56,4	48,8	56,8
Ourense	57,6	46,4	58,1
Pontevedra	58,5	46,7	59,0
GDR	55,1	40,0	55,8
Zona 1	50,6	33,3	51,2
Zona 2	54,9	39,0	55,8
Zona 3	55,9	47,8	56,2
Zona 3A	55,9	47,8	56,2
Zona 3B	57,3	37,5	58,3
Allariz	60,0	16,7	61,1
Baltar	50,0	50,0	50,0
Bande	46,6	66,7	45,5
Baños de Molgas	41,7	0,0	42,4
Blancos, Os	32,4	0,0	33,3
Bola, A	55,2	0,0	56,1
Calvos de Randín	39,1	NHP	39,1
Celanova	59,1	45,0	59,9
Entrimo	56,5	0,0	57,4
Lobeira	55,6	NHP	55,6
Lobios	53,1	33,3	53,8
Maceda	58,4	61,5	58,2
Muíños	47,5	0,0	49,1
Porqueira	45,5	50,0	45,2
Quintela de Leirado	50,0	0,0	53,6
Rairiz de Veiga	45,9	0,0	46,7
Sandiás	57,1	0,0	60,9
Sarreaus	36,6	100,0	35,0
Taboadela	50,0	100,0	49,2
Trasmiras	49,2	0,0	50,8
Verea	50,0	0,0	51,4
Vilar de Barrio	47,1	50,0	46,9
Vilar de Santos	69,8	50,0	70,7
Xinzo de Limia	59,3	41,9	60,6
Xunqueira de Ambía	52,7	50,0	52,8

Táboa B38: Paro feminino respecto ao total, no seu conxunto e por grandes grupos de idade no ámbito do GDR cas súas zonas e concellos, nas circunscricións provinciais e en Galicia. Novembro de 2022. Fonte: IGE (2022x). En vermello as circunscricións nas que a porcentaxe de paro feminino constitúe o total dos parados; en laranxa aquelas nas que o paro feminino supera o segundo cuartil da serie; en amarelo pálido aquelas nas que hai equidade entre homes e mulleres parados; en verde pálido aquelas nas que o paro feminino é inferior ao masculino e entre o primeiro e o segundo cuartil da serie; por último, en verde escuro aquelas nas que o paro nas mulleres é nulo. En gris e coa inscrición NHP, os lugares onde non hai nin paro feminino nin masculino.

Complementábase a información anterior cunha serie de mapas (figuras B80, B81, B82, B83, B84) que ofrecen a posibilidade de comparar para o territorio do GDR Limia Arnoia, tanto as afiliacións á seguridade social de homes e mulleres, presentándose ademais un ratio de feminidade nas afiliacións que da unha relación clara desa comparanza, coma os pensionistas por sexo.

Respecto das afiliacións á Seguridade Social, nos mapas de distribución do número de afiliados (figuras B80 e B81) apréciase un non excesivo pero sensible maior peso das afiliacións masculinas, en especial derredor dos mercados laborais das vilas, a orla de expansión de Ourense e a *Tecnópolis* e os eixos máis dinámicos, un emprego diferencial seguramente relacionado coa industria e a construción. Tamén se aprecia esta relación en favor dos homes no traballo agrario intensivo dentro da depresión da Limia, aínda que é unha pegada pouco marcada.

Pola contra, as mulleres parecen posuír un certo dominio nas zonas máis illadas, nunha distribución máis dispersa que, algo menor nas vilas e as súas periferias, acadan maior importancia nas proximidades de Bande. Nesta distribución pesa, seguramente, o sector servizos na súa vertente asistencial.




Figura B80. Porcentaxe de mulleres afiliadas á seguridade social GDR. Fonte: IGE (2022d) a 31 de decembro de 2019. Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².




Figura B81. Porcentaxe de homes afiliados á seguridade social GDR. Fonte: IGE (2022d) a 31 de decembro de 2019. Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².

A ratio de feminidade nesta variable de persoas afiliadas á Seguridade Social (Figura B82), reforza o anteriormente exposto: un dominio espallado sen un patrón xeográfico claro a escala comarcal no que as necesidades asistenciais deben condicionar a distribución, como parece indicar a súa intensidade nas cabeceiras municipais menores; unha perda de peso nas vilas maiores e arredores; valores por debaixo de 100 (isto é, menos afiliacións femininas que masculinas) na maior parte da orla norte asociada coa *Tecnópole* de San Cibrao das Viñas e a expansión do polo económico da capital ourensá. A distribución das celas de quilómetro cadrado polas diferentes zonas internas do GDR non aporta a posibilidade de establecer comparanzas entre elas.




Figura B82. Ratio de feminidade nas afiliacións á Seguridade Social no territorio do GDR a 31 de decembro de 2019. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km².

Por último a distribución das mulleres e homes pensionistas permite abordar, por sexos, a derradeira fase da vida laboral das persoas. Os datos que ofrecen estes mapas (figuras B83 e B84) non son moi significativos, pero é posible observar que, no referente ao sistema de, as mulleres, acadan un lixeiro maior peso, o cal está en relación coas características demográficas por sexo e idade.

Este comportamento, que contrariamente ao das afiliacións, si acada maior peso nas vilas, e sempre falando das pensións, pero indirectamente dos soldos na vida laboral activa, agocha as diferenzas existentes entre homes e mulleres a nivel adquisitivo. As pensións das mulleres son, en moitos casos, menores en retribución, moi a miúdo, derivadas dunha viuvez ou nun réxime de contribución de inferior.




Figura B83. Pensionistas mulleres no territorio do GDR. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km², razón pola cal pode considerarse unha densidade.




Figura B84. Pensionistas homes no territorio do GDR. Fonte: IGE (2022d). Só se amosan as celas que superan os 20 habitantes. Os datos refírense a celas de 1km², razón pola cal pode considerarse unha densidade.

B.3. Matriz DAFO

Para a elaboración da Matriz DAFO tivéronse en conta, ademais, da análise do contexto territorial e socioeconómico, a visión que teñen os distintos axentes do ámbito territorial, que se plasma no apartado A desta memoria.

Táboa 1. Matriz DAFO

DEBILIDADES	AMEAZAS
Territorio amplo e heteroxéneo, que implica a necesidade de fragmentar as	Fragmentar a inversión en múltiples proxectos o que debilita a contribución ao desenvolvemento territorial

inversións os investimentos para conseguir un equilibrio territorial	
Perda de Superficie Agraria Util (SAU)	Abandono das explotacións agropecuarias polas dificultades de acceso á terra
Notable avellentamento da poboación, sobre todo nas áreas menos dinámicas desde o punto de vista económico	Dinámicas socioeconómicas regresivas, difíciles de reverter nas zonas máis avellentadas do territorio
Perda constante de habitantes nos núcleos rurais tradicionais	Despoboamento e abandono de amplas extensións de territorio.
Problemas derivados en relación a xestión dos montes en man común	O avellentamento e o abandono de núcleos repercute directamente na xestión deficiente do monte
Predominio da actividade agropecuaria intensiva que xera contaminación da terra e da auga	Necesidade de inversións para adaptarse aos novos requisitos medioambientais da PAC
Redución da gandería en extensivo	Escaseza de auga polo cambio climático (déficit hídrico)
Moi baixa presenza de empresas medianas e grandes	Imaxe negativa pola contaminación asociada á produción en intensivo
Baixo desenvolvemento do sector transformación de produtos agrarios	Impacto medioambiental da enerxía eólica sobre a paisaxe, vexetación, fauna, auga,...
Falla dunha planificación supramunicipal (administración local) conxunta que axude a reforzar as potencialidades do territorio.	A emigración supón a perda de man de obra especializada que posibilite o éxito de iniciativas de revitalización económica.
Baixo nivel formativo da poboación a consecuencia do avellentamento, da falta de oportunidades laborais e da emigración da poboación xove mellor formada	
Elevada dependencia asistencial derivada da alta idade media da poboación	
Infraestruturas ferroviarias con escasa funcionalidade no GDR	
Liñas de transporte regular escasas e ausencia doutros servizos de transporte adaptados a densidades medias e baixas	

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
Diversidade de paisaxes de alto valor cultural e ambiental desde o reborde sur do Macizo Central Ourense ata o territorio montañoso fronteirizo na Baixa Limia-Serra do Xurés, pasando pola grande chaira central limiá	Importante patrimonio cultural e de identidade (inmaterial) como territorio diferenciado.
Valor ambiental do territorio, recoñecido a través de diversas figuras de protección, que protexen case a metade do territorio xestionado polo GDR	Posibilidade de beneficiarse do marco normativo e das axudas destinadas a este tipo de ámbitos
Territorio diverso con comarcas de moi variada base produtiva: Baixa Limia con forte carácter transfronteirizo e cun alto valor paisaxístico e mediambiental; A Limia como espazo de grande valor agrario e gandeiro; e o territorio rexido polas vilas de Celanova, Allariz e Maceda, de gran vocación comercial e orientación turística.	Posibilidade de beneficiarse de varias estratexias, leis e normativas orientadas a estes sectores produtivos (Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia, Plan Forestal de Galicia 2021-2040,...)
Boa accesibilidade interna grazas á Autovía das Rías Baixas (A-52) e a unha rede viaria complementaria satisfactoria (A53)	Aproveitamento da inserción do territorio de estudo no eixo Vigo-Ourense-Madrid
Participación dunha estrutura viaria que favorece a proxección da produtividade endóxena e a implantación de iniciativas nacionais e internacionais.	Efectos no desenvolvemento territorial derivados da chegada da LAV á capital provincial.
Sector Primario moi desenvolvido (pataca e carne), que emprega tecnoloxía moderna, en explotacións onde o relevo xeracional está garantido.	Comarca de referencia no sector agropecuario para Galicia. Oportunidades de mellora da calidade dos produtos agrícolas e gandeiros, especialmente na Limia, pero tamén en todo o territorio
Existencia de razas vacunas autóctonas con aproveitamento extensivo	Posibilidade de crecemento da produción gandeira en extensivo
Existencia de unha produción agroecolóxica en crecemento	Oportunidade de crecemento no aproveitamento agrícola extensivo
Existencia oferta de solo industrial moi accesible (Allariz, Xinzo de Limia, Vilar de Santos)	Oportunidade para acadar producións de alta calidade ademais das áreas de cultivo intensivo

	Aliñamento co Pacto Verde Europeo e cos principais compromisos medioambientais e climáticos establecidos no PRE PAC 23-27 galego e estatal.
Valor ambiental do territorio	Área de expansión natural para o solo industrial da capital industrial (en corredores dinámicos próximos a unha cidade)
Existencia de numerosas empresas pequenas de forte territorial (capilaridade territorial)	Contexto post-pandemia. Contornas rurais como lugares seguros e sans para vivir
Gran desenvolvemento da produción de pataca en explotacións intensivas e tecnificadas	Vantaxes derivadas da integración da Pataca da Limia na IXP Pataca de Galicia,
Existencia de SAU dispoñible e recuperable	Ferramenta ATERRA, impulsada polo GDR
Comarca da Limia: con forte Identidade e tradición de seu, con gran dinamismo socioeconómico	Existencia dun Plan Estratéxico do sector agrario da Comarca da Limia
Comarca de Allariz_Maceda: destacado eixo turístico, e crecentes dinámicas quasi metropolitanas en relación coa capital provincial, Ourense, sobre todo na vila de Allariz.	Existencia do Xeodestino Allariz-Maceda
Baixa Limia: forte identidade común transfronteiriza	Aproveitamento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para canalizar o éxito de iniciativas transfronteirizas.
Existencia de destacados Cascos Históricos: Allariz, Celanova, e Vilanova dos Infantes	Existencia dun Plan Estratéxico de Dinamización de los Pequenos Cascos Históricos
Áreas de especial e diverso interese turístico no territorio	Alta potencialidade en todo o territorio nas modalidades de xeoturismo, turismo deportivo, turismo verde, ou turismo balneario.
Redución do número de núcleos.	Racionalización do sistema de asentamentos.
Existencia de parques eólicos	Produción e utilización de enerxía limpa sempre que responda a unha estratexia sustentable de instalación dos parques.

Existencia de proxectos innovadores de xestión da auga	Planificación hidrolóxica que permita contrarrestar máis eficientemente as presións cuantitativas e cualitativas significativas derivadas da actividade agraria
Oferta formativa de grao medio en Producción agropecuaria no territorio	Campañas formativas específicas promovidas polo GDR

Referencias Bibliográficas

- Aldrey Vázquez, J. A. (2013). O reto demográfico para o rural galego. En Rodríguez González, R. (Coord.): Galicia, un mundo rural vivo, pp. 38–59. Universidade Internacional Menéndez Pelayo-Concello de Lalín, 279 pp.
- Asociación Galega de Áridos (2018). Memoria Anual del Sector de los Áridos en Galicia. ARIGAL, 65 pp. https://arigal.gal/images/Publicacions/Memoria-Arigal-2018_web.pdf
- Asociación Galega de Áridos (2019). Memoria Anual del Sector de los Áridos en Galicia. ARIGAL, 65 pp. <https://arigal.gal/images/Publicacions/MemoriaArigal19CW.pdf>
- Asociación Galega de Áridos (2020). Memoria Anual del Sector de los Áridos en Galicia. ARIGAL, 65 pp. <https://arigal.gal/images/Publicacions/MemoriaArigal20GW.pdf>
- Bouhier, A. (1979). La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire. Imprimerie Yonnaise, 2 volúmenes, 1516 pp.
- Bourman, F. (1836). Carta topográfica do Julgado de Montealegre 1836. Biblioteca Digital Hispánica. <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000070730> Consultado o 09/12/2022.
- Brandón, D.M. (1907). Interesante Historieta del Coto Mixto con una disgresión Político-Social-Religiosa. Imprenta de "Tierra Gallega", 47 pp.
- Carballeira Ocaña, A. & Retuerto Franco, R. (1992). El clima de Galicia. El clima, el suelo y las plantas. En Vilas Martín, F. (Dir.). Guía de la Naturaleza de Galicia, Tomo 2, pp. 261-280. Faro de Vigo / Xunta de Galicia, 1.060 pp.
- Casado de Otaola, S. e Montes del Olmo, C. (1995). Guía de los lagos y humedales de España. J.M. Reyero Editor, 255 pp.
- Eurostat (2017): Estadísticas. https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php?title=Population_structure_and_ageing/es&oldid=409485#
- Fariña Jamardo, J. (1975). La parroquia rural de Galicia. Instituto de Estudios de Administración Local. 480 pp.
- Fariña Tojo, J. (1980). Los asentamientos rurales de Galicia. Instituto de Estudios de Administración Local. 134 pp.
- Gerês-Xurés. Reserva da Biosfera Transfronteiriza (2022): <https://www.reservabiosferageresxures.eu/gl/a-reserva/valores-naturais>
- Fernández Soto, M. et al. (2011). La desecación de la laguna de Antela». Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles nº 57, pp. 295-312.

Gutián Rivera, L. (2002). La destrucción histórica del bosque en Galicia. En Guitián Rivera, L. e Pérez Alberti, A. (Eds.) Historia Ecológica de Galicia. Semata, Revista de Ciencias Sociais e Humanidades, vol. 13, pp. 105-166, Universidade de Santiago de Compostela, 286 pp.

Guitián Rivera, L. e Cordero Rivera, A. (2007). Bosques e plantacións forestais. En: Cordero Rivera, A. (Ed.), Proxecto Galicia, Ecoloxía. Vol. XLIV, pp. 430-467. Hercules de Ediciones.

IGE (2019a): Poboación, superficie, concellos, parroquias e densidade de poboación População residente, área, concelhos, freguesias e densidade populacional. Ano 2019.
[https://www.observatoriognp.eu/igebdt/esqv_gnp.jsp?paxina=001&c=0502&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=5124&R=1\[0:16:17:18:19:20:21:22:23:24:10:11:12:13:14:15:25\]&C=2\[all\]&F=T\[1:0\]&S=&gnp=1](https://www.observatoriognp.eu/igebdt/esqv_gnp.jsp?paxina=001&c=0502&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=5124&R=1[0:16:17:18:19:20:21:22:23:24:10:11:12:13:14:15:25]&C=2[all]&F=T[1:0]&S=&gnp=1) (consultado o 22/10/2022).

IGE (2021a): Galicia. Densidade de poboación.
<http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=943&paxina=001&c=0101001002>

IGE (2021b): Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km².
<https://www.ige.eu/igebdt/openOSMGrid1km.jsp?idioma=gl>

IGE (2021c): Parroquias de Galicia segundo o subgrao de urbanización.
<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=opengoogParroquiasGSU.jsp?ano=2016&cod=8050;8051;8052;8053>

IGE (2022a): Indicadores de poboación.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=723&M=1&S=&RET=>

IGE (2022b): Economía. Os sectores de actividade. Definicións e conceptos teóricos. <http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Sectores/Teoria.htm> (consultado o 25/10/2022).

IGE (2022c): Nomenclátor de Galicia. Ano 2021.
<http://www.ige.eu/igebdt/nomenclator/nomenbp.jsp?sessionId=16225598C1CB1B175733CB0A25C2D2C2> (consultado entre o 25/10/2022 e o 7/11/2022).

IGE (2022d): Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km².
<https://www.ige.eu/igebdt/openOSMGrid1km.jsp?idioma=gl&c=-1>

INE(2022a): Cifras de poboación / Indicadores demográficos básicos. Datos provisionales a 1 de enero de 2022.
https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176951&menu=ultiDatos&idp=1254735572981

IGE (2022e): Densidade de poboación nas distintas circunscricións administrativas galegas en 2021.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=4705&M=1&S=&RET=>

IGE (2022f): Poboación de los municipios y provincias. Padrón Municipal de Habitantes. Instituto Nacional de Estadística. 2022.
<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=1558&paxina=001&c=0201001002>

IGE (2022g): Nacementos, defuncións e saldo vexetativo dos concellos e comarcas de Galicia.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001>

IGE (2022h): Saldos migratorios.
<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=109&paxina=001&c=0201003>

IGE (2022i). Indicadores de Poboación.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=723&paxina=002001&c=0201004>

IGE (2022k). Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia, o sexo e a nacionalidade.

IGE (2022l). INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es> 23-12-2021.
[https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=7134&R=9915\[32001:32007:32043:32036:32006:32030:32041:32042:32051:32005:32012:32016:32062:32067:32077:32078:32082:32089:32090:32032:32079:32014:32024:32066:32084\];0\[202206\]&C=1\[0\];2\[0\]&F=&S=&SCF=](https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=7134&R=9915[32001:32007:32043:32036:32006:32030:32041:32042:32051:32005:32012:32016:32062:32067:32077:32078:32082:32089:32090:32032:32079:32014:32024:32066:32084];0[202206]&C=1[0];2[0]&F=&S=&SCF=)

IGE (2022m). Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o sector de actividade (CNAE-2009).
[https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10175&R=9915\[12:32001:32007:32043:32036:32006:32030:32041:32042:32051:32005:32012:32016:32062:32067:32077:32078:32082:32089:32090:32032:32079:32014:32024:32066:32084\];0\[202206\]&C=4\[all\]&F=&S=&SCF=](https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10175&R=9915[12:32001:32007:32043:32036:32006:32030:32041:32042:32051:32005:32012:32016:32062:32067:32077:32078:32082:32089:32090:32032:32079:32014:32024:32066:32084];0[202206]&C=4[all]&F=&S=&SCF=)

IGE (2022n). Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=589&M=1&S=&RET=>

IGE (2022o). Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=55&M=1&S=&RET=>

IGE (2022p). Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=100&M=1&S=&RET=>

IGE (2022q). Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. Serie 1975-2021.

<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=227&M=1&S=&RET=>

IGE (2022r). Emigracións segundo tipo de migración.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=186&M=1&S=&RET=>

IGE (2022s). Inmigracións segundo tipo de migración.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=105&M=1&S=&RET=>

IGE (2022t). Poboación en vivendas familiares segundo o nivel de estudos.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=8437&M=1&S=&RET=>

IGE (2022u). Renda dispoñible bruta por habitante por concellos
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9642&paxina=001&c=0307007004>

IGE (2022v). Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019. Produto interior bruto (PIB) por concello e Produto Interior Bruto por habitante e concello. Ano 2018.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9958&paxina=001&c=0307007007>

IGE (2022w). Contratos iniciais segundo xénero, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=6147&M=1&S=&RET=>

IGE (2022x). Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=5089&M=1&S=&RET=>

IGE (2022z). Paro rexistrado segundo sector de actividade (datos mensuais ata abril de 2005 e medias anuais).
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=187&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ab). Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o réxime de afiliación (desde 2011).
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=4556&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ac). Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o sector de actividade (CNAE-2009).
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=10175&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ad). Empresas. Altas, baixas e permanencias segundo a sede social.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=8474&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ae). Tamaño medio das empresas con sede en Galicia. 2020.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=9026&M=1&S=&RET=>

IGE (2022af). Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=3074&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ag). Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de asalariados.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=7995&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ah). Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=7993&M=1&S=&RET=>

IGE (2022ai). Valor engadido bruto (VEB) por comarca e rama de actividade.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9959&paxina=001&c=0307007007>

IGE (2022ak). PIB, PIB por habitante e especialización produtiva relativa das comarcas. Especialización produtiva por comarca. Ano 2018.
https://www.ige.gal/estatico/estatRM.jsp?c=0307007007&ruta=html/gl/OperacionsEstruturais/PIB_municipal_especializacion_rev2019.html

IGE (2022al). Migracións segundo tipo de emigración e sexo.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=1939&paxina=001&c=0201003>

IGE (2022am). Taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=148&paxina=001&c=0203001>

IGE (2022an). Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares que cursa estudos segundo o sexo e os estudos en curso.
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=149&paxina=001&c=0203001>

IGE (2022ao). Contratos iniciais segundo xénero, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador.
<https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&paxina=002&ruta=verEjes.jsp%3fCOD=6147&M=1&S=&RET=>

Instituto Nacional de Estatística (2013). Censos 2011, XV Recensamento Geral da População; V Recensamento Geral de Habitação. Reorganização

administrativa das freguesias – CAOP2013 (Carta Administrativa Oficial Portuguesa).

López Bedoya, J. (2021): Patrimonio geomorfológico en Galicia (Noroeste de la Península Ibérica). Metodología para el análisis, valoración, gestión y transmisión del conocimiento de su geomorfodiversidad. Tesis de Doctorado, Universidad Nacional de Cuyo (Mendoza, Argentina), 2809 pp.

López Bedoya, J. e Freire Boado, M. (2000a): Allariz-Maceda. Gran Enciclopedia Galega, Tomo XXXIII, pp. 28-23. Editorial Álvarez Conde, 294 pp.

López Bedoya, J. e Freire Boado, M. (2000b): Baixa Limia. Gran Enciclopedia Galega, Tomo XXXIII, pp. 89-94. Editorial Álvarez Conde, 294 pp.

López Bedoya, J. e Freire Boado, M. (2000c): A Limia. Gran Enciclopedia Galega, Tomo XXXV, pp. 9-18. Editorial Álvarez Conde, 294 pp.

López Bedoya, J. e Freire Boado, M. (2000d): Terra da Celanova. Gran Enciclopedia Galega, Tomo XXXVI, pp. 109-113. Editorial Álvarez Conde, 294 pp.

López Vizcaíno, M^a.E. et al. (2016). Elaboración de la clasificación del grado de urbanización de las parroquias gallegas (GU2016). 14 pp.

Martín, E. (2020). La “Raia”, una frontera que une. Galicia y Portugal nunca estuvieron tan unidas. Condé Nast Traveller, 30 de septiembre de 2020.

Martínez Cortizas, A. & Pérez Alberti, A. (1999). Atlas Climático de Galicia, Xunta de Galicia, 207 pp.

Meléndez Hevia, I. (2004). Geología de España. Una historia de seiscientos millones de años. Editorial Rueda, 277 pp.

Núñez Seixas, X.M. (2001). A emigración. Galicia no Mundo. En VV.AA. Galicia. Unha luz no Atlántico, pp. 224-285. Edicións Xerais de Galicia, 491 pp.

Otero Pedrayo, R. (1945). Guía de Galicia. 2ª edición. Sucesores de Galí, 468 pp.

Otero Pedrayo, R. (1958). Paisajes y comarcas gallegas. En M. Terán (Coord.), Geografía de España y Portugal. Tomo IV, 1ª parte, pp. 46-92). Montaner y Simón, S.A.

Paül, V.; Trillo-Santamaría, J.M. (2015). Discussing the Couto Mixto (Galicia, Spain): Transcending the Territorial Trap Through Borderscapes and Border Poetics Analyses. Geopolitics, 20:1, 56-78.

Paül, V.; Trillo-Santamaría, J.M. e Pérez-Costas, P. (2016). Action research for tourism planning in rural areas? Examining an experience from the Couto Mixto (Galicia, Spain). Geographical Research, 54 (2), 153-164.

Pazos Otón, M. (2022). Perpetuum Mobile. Movilidad en tiempos pandémicos. Tirant Humanidades, Crónica-Geografía, 234 pp.

Pérez Alberti, A. & López Bedoya, J. (2007). Espazos de Interese Xeomorfolóxico. Informe para a Creación dunha Rede de Espazos de Interese Xeomorfolóxico en Galicia. Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Informe Inédito, 798 pp. Santiago de Compostela. (inédito).

Pérez Iglesias, M^a.L. & Romaní Barrientos, R. (2000). El Clima. En Torres Luna, M^a.P. (Dir.) Geografía de Galicia, pp. 109-192. Hércules de Ediciones / La Opinión, II Tomos, 720 pp.

Precedo Ledo, A. (1995). El Una experiencia geográfica de planificación territorial: El Plan de Desarrollo Comarcal de Galicia. Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº 20, pp. 7-21.

Precedo Ledo, A. (2004). El modelo de desarrollo comarcal. Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles, nº 38, pp. 29-45.

Reserva da Biosfera Área de Allariz (2022). <https://www.areadeallariz.com/a-biodiversidade/>

Río Barja, F.J; Rodríguez Lestegás, F. (1995). Os ríos galegos. Colección do Patrimonio Ecolóxico. Consello da Cultura Galega, Ponencia de Patrimonio Natural, 333 pp.

Torres Luna et al. (2000). Las ciudades de Galicia. En Torres Luna, M^a.P. de (Dir.) Geografía de Galicia, Tomo II, pp.433-492. La Opinión de A Coruña, 335 pp.

Valcárcel Díaz, M. (1998). Evolución geomorfológica y dinámica de las vertientes en el NE de Galicia. Importancia de los procesos de origen frío en un sector de las montañas lucenses. Tesis Doctoral (Inédita). Universidade de Santiago de Compostela, 496 pp.

Xunta de Galicia (2011): Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Capítulo 3. O Patrimonio Natural, Cultural e Paisaxístico, pp. 256-286. Xunta de Galicia, 469 pp.

Xunta de Galicia (2017a). Catálogo das Paisaxes de Galicia. Parte Parte I. Memoria, 153 pp.; Parte II Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio / Instituto de Estudos do territorio.

Xunta de Galicia (2017b). Estratexia da Paisaxe Galega. Planificación 2017-2020. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio / Instituto de Estudos do Territorio, 53 pp.

Xunta de Galicia (2017c). Catálogo das Paisaxes de Galicia. Parte II. Grandes Áreas Paisaxísticas. GAP04. IV. Grande Área Paisaxística Chairas, Fosas e

Serras Ourensás. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio / Instituto de estudos do Territorio, 288 pp.

Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente (2022a). Baixa Limia – Serra do Xurés. <https://patrimonionatural.xunta.gal/gl/baixa-limia-serra-xures>

Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente (2022b). https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/Areas_protexidas_de_ambito_internacional/Reservas_da_Biosfera/seccion.html&std=Area_de_Allariz.html

Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, (2022c). Catálogo de árbores senlleiras. Carballa da Rocha. Breve descrición.

https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=157027&name=DLFE-28704.pdf .

Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente (2022d). Carballa da Rocha. https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/Rede_galega/Monumentos_naturais/seccion.html&std=Carballa_da_Rocha.html

Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente (2022e). Catálogo de árbores e formacións senlleiras de Galicia. https://cmatv.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=445351&name=DLFE-65964.pdf